> Érem els més dissortats del món. Nosaltres no l'havíem feta, la guerra; havíem trobat la guerra dels grans i ens condemnaven a cadena perpètua. Ens prenien els llibres perquè no sabéssim llegir en català, ens robaven el cor perquè no sabéssim estimar en català, ens destruïen la llengua perquè no sabéssim parlar en català *(Guerra incivil)*.

Aquesta proximitat i aquest coneixement dels fets de la guerra de cada un dels escriptors influencia, i molt, les trames de cada una de les novel·les. A la *Guerra incivil*, estructurada en capítols molt curts de gairebé una pàgina, es relaten fets puntuals que, com pinzellades, elaboren una escena plena de detalls que conjuntament formen un tot. Com Seurat, amb el seu puntillisme, cada capítol ajuda a conformar el quadre de la Barcelona en guerra. La trama es desenvolupa linealment, un darrere l'altre. Com si asseguts al portal de casa veiéssim passar la gent i expliquéssim com canvien els colors de les camises, del vermell i negre al blau més intens, de la barretina o el mocador al coll a la boina vermella, del carrer a la *calle*. És, doncs, a partir d'aquests

fets quotidians, propers al lector, que veiem i vivim la guerra amb els ulls i els sentiments d'en Manuel.

A *El camí del far*, els capítols s'aturen una mica més en les descripcions i ens deixen entreveure el context on es desenvolupa la narració: "un camp de refugiats republicans que treballen esclaus per [...] pagar el seu error. Volgueren capgirar l'ordre secular de la nostra pàtria i això han de pagar-ho amb suor i amb calls a les mans".

També són els ulls d'un nen que, en primera persona falsejada, ens explica allò que veu i intenta comprendre els odis dels grans que han portat a justificar aquell salvatgisme. Seria una història un xic més llunyana, ja que a partir d'un sol fet, que fins i tot pot semblar anecdòtic, ens mostra tota la guerra.

Finalment, a *L'ombra del Stuka*, la història és complexa. L'arribada d'un alemany d'origen jueu destapa les pors, els odis i les venjances d'un poble de la ribera de l'Ebre, nascuts arran d'una guerra que queda en un segon pla però que al final pren una força que ha permès sustentar tota la història. La trama és de tall "clàssic", on el narrador sempre té un as a la màniga per sorprendre'ns i obligar-nos a continuar llegint fins a deixar-nos descobrir, de bracet, com una guerra no s'acaba el dia que se signa la pau, sinó que sempre hi ha l'ombra d'un Stuka que s'allargassa durant els anys. Secrets que permeten a dos joves adolescents "baixar al pou" dels records del passat que han marcat la vida de la gent del poble fins al dia d'avui. Conclusions d'una adolescent que amb l'esperit d'avui s'enfronta al passat que ha marcat les relacions de dues famílies d'un mateix poble: "La gent no es mata a les guerres perquè els obliguin, o perquè l'altre pertanyi al bàndol enemic, ni per cap qüestió política o moral. A les guerres, la gent mata per sobreviure. I davant de la supervivència, tota la resta de coses són secundàries, i qualsevol barbàrie és lícita".

Però el principal tret comú que ajuda a acostar-nos una mica més a la guerra és que cap d'aquestes tres obres intenta explicar la història amb majúscules, sinó que presenten, de manera més o menys pròxima, fets puntuals que van passar abans, durant o després del conflicte bèl·lic. Són històries que podrien passar als veïns del segon

segona, a la veïna de l'entresòl o al lector jove. A aquest, tot i que no ha conegut ni els darrers anys de la dictadura franquista, han de permetre-li afrontar-se a uns fets que amb sort coneix pels seus avis i dels quals pot pensar que són històries de la vora del foc. Records de postguerra que Manuel Tort descriu dient: "Preferia la mort al turment de veure'ls constantment. Tots els seus ideals eren ridiculitzats per uns titelles bavallosos. [...] Ja ningú no era senyor del seu destí. Calia que tot el poble anés morint. El moment i l'hora de la mort la decidirien els invasors".

També cal ressaltar que els personatges principals de les tres novel·les són nens o adolescents, motiu pel qual deuen haver estat classificades com a novel·les juvenils. Això no ens és estrany, ja que a partir del contrast entre la innocència dels nens i les accions dels adults, el lector accentua la visió de la guerra: "Mentre els grans s'embrutaven el cervell, jo i molts infants com jo gaudíem d'uns dies extraordinàriament sortosos" (*Guerra incivil)*.

Sembla que la mirada d'un nen faci prendre major rellevància als horrors de la guerra. Cal, a més, observar com en les tres novel·les hi ha nens, protagonistes o no, que són els qui sofreixen gana, violència i, fins i tot, a *L'ombra del Stuka*, la mort.

Diríem, doncs, que són tres vivències que, com un zoom, ens permeten viure el dia a dia de la guerra (*Guerra incivil*), una postguerra irracional (*El camí del far*) o com aquesta confrontació pot afectar generacions que gairebé la tenen oblidada (*L'ombra del Stuka*), tres visions històriques que des dels detalls més insignificants ens retraten tota una guerra incivil escrita amb caràcters ben grans.

> I aleshores, inesperadament, una llanternada de claror creuà el cel fosc sobre els nostres caps.
> Era la llum del far que s'encenia a la fi, i voltava arreu amb el seu senyal intermitent per garantir la vida dels mariners.
> Era la llum nova del far.
> La penyora que José Muñoz em deixava...
> I de sobte, l'urpa que em tenia el cor estret abandonà a la fi el meu pit *(El camí del far)*.

També cal ressaltar un fenòmen cada vegada més en alça: l'exaltació de la resistència, especialment del moviment maqui, enfocat com el Robin Hood modern. Una visió que no permet aprofundir en excés a l'entorn de l'ideari que va moure a aquests homes primer a formar part de la Resistència francesa i, posteriorment, a l'acció guerrillera per a la recuperació de les llibertats en territori español. És un fenomen que la literatura juvenil ha plasmat, amb més o menys sort, en dos títols força recents: *Quan la llibertat s'amagava a les muntanyes* (Abel Caldera i Pujols, Bromera. Alzira, 2004) i *El tresor dels maquis* (Joan Constans i Aubert. Barcanova. Barcelona, 2005). Dues obres que plantegen els fets que se succeiren a les muntanyes pirinenques durant i posteriorment a la Segona Guerra Mundial. No deixa de ser simptomàtic que, igual que en les obres citades amb anterioritat, els autors només presentin fets i no pas idees, només relatin successos més o menys significatius, plens tots ells de relacions humanes, però buits de contingut ideològic. No deixa de ser interessant observar com la novel·la juvenil té com a característica pròpia la trama per damunt del pensament. Però, com volem aleshores formar ideològicament si passem de puntetes per fets tan criticables com la sublevació d'una part de l'exèrcit en contra d'un govern escollit democràticament? És per pensar que alguns escriptors encara tenen massa respectes pels vius i per les conseqüències que poden esdevenir com per exhumar d'una vegada per totes les foses del pensament que la dictadura s'encarregà de tapar.

També val la pena remarcar com, finalment, la Guerra Civil española també ha arribat a l'àlbum il·lustrat mercès a la col·lecció "La Guerra dels Grans" editat per Tantàgora amb el suport de la Direcció General de la Memòria Democràtica. Fins aquest moment –abril 2008– han aparegut dos títols: *Fill de rojo*, obra de l'escriptor Joan Portell i l'il·lustrador Ignasi Blanch, i *Els tres tambors*, amb text de Roser Ros i il·lustracions de Sílvia Cabestany. Ambdós àlbums, d'alt contingut narratiu, lèxic sense concessions i il·lustracions de traçat expressionista, presenten per primera vegada la Guerra Civil als primers lectors –finalment! Una col·lecció, formada per relats inspirats

en històries reals, amb una clara ambició de reflectir els sentiments i les emocions dels nens i nenes que van sofrir la guerra quan no eren ni massa petits per no adonar-se del que passava, ni prou grans per entendre la gravetat dels fets. Una col·lecció de factura envejable que permet al lector intuir que totes les guerres afecten els humans de manera semblant. Un missatge que ha de permetre conrear, en la boca de tothom, amb veu clara i forta, MAI MÉS CAP GUERRA!

4. A GUERRA CIVIL NA NARRATIVA INFANTIL E XUVENIL GALEGA:

UNHA TEMÁTICA INCOMPLETA

Blanca-Ana Roig Rechou
(Universidade de Santiago)

Resumo: Primeiro ofrécese unha introdución que fala do contexto no que se producen as obras que tratan a Guerra Civil española na narrativa infantil e xuvenil galega. A seguir, tras o estabelecemento de grupos temáticos, coméntanse aquelas que se produciron en galego, para concluír salientando a súa incidencia na conformación do imaxinario dos máis novos, pois a través da educación literaria desde o inicio da formación lectora posibelmente se poidan evitar desastres similares aos que se plasman na produción comentada.

Summary: First, an introduction is given about the context in which the works about the Spanish Civil War are brought into being in Galician Children and Young Adults Narrative. Afterward, by means of thematic subgroups, those works written in Galician Language and those translated into it are commented, to conclude stressing the need of those works for the formation of imaginary world of the young, due to the fact that through literary education from the beginning of the reading formation, it could be possible to avoid similar disasters to those depicted in the referred production.

Palabras clave: Literatura infantil e xuvenil galega, narrativa infantil e xuvenil, Guerra Civil española, memoria histórica, educación literaria.

Key words: Galician Children's and Young Adult Literature, Children and Young Adults Narrative, Spanish Civil War, Historic Memory, Literary Education.

Introdución: contexto

Antes de analizar as obras narrativas en galego dirixidas aos máis novos que trataron a Guerra Civil española e as súas consecuencias, quero salientar que esta contenda constitúe un dos episodios máis significativos do século XX, con fondas repercusións en distintos eidos. A traxedia estendeuse de 1936 a 1939, data na que principiou a longa ditadura franquista que durou até o ano 1975, cando a morte do ditador Francisco Franco Bahamonde deu paso á recuperación sociopolítica e cultural que levou a España cara a un Estado democrático e se produciron cambios transcendentais na historia do país.

Entre estes dous acontecementos, as manifestacións literarias foron perseguidas e censuradas con gran dureza, de aí que, aínda que fose moita a bibliografía xerada sobre a guerra, sobre todo sociohistórica, tanto en España como fóra e tanto por parte dos vencedores como dos vencidos, na literatura o tema foi tratado, agás algunha excepción, máis fóra do país que dentro, máis en lingua castelá que na galega, máis na literatura de adultos que na infantil e xuvenil, como se pode constatar no traballo recompilatorio realizado por Pastor Rodríguez e Román Arén (2006). Nel, Antón Riveiro Coello, no capítulo "A verdade da literatura como salvación da historia", afirma:

> Eu aposto polo valor da literatura non como substituto da historia senón coma unha inmellorable forma de coñecemento dela. Porque a literatura, que sempre foi unha voz que loitou contra ese roubo descarado e silencioso de moitas memorias, pode chegar a lugares onde non chega a historia (p. 9).

respondendo precisamente a que foron as creacións literarias as que menos trataron o tema, a pesar de que, como sinalou Mikhail

Baktín, a narrativa é o discurso que permite seguir de forma máis áxil as preocupacións sociais.

Ademais, quero recordar que no réxime ditatorial franquista, durante moitos anos, só se permitiu a expresión literaria, e con moita censura, en lingua castelá, polo tanto hai que esperar aos anos setenta para que comecen a aparecer de forma paulatina obras en galego dirixidas aos máis novos, feito que se inicia grazas á gradual entrada da lingua galega no sistema escolar, pois até esa altura só se ensina a ler en castelán e polo tanto o lectorado era militante. O cambio cara a este novo ensino comezou, de forma moi tímida, a partir da promulgación da Lei de Educación de 1970, do Plan Galicia de Educación 1971, e cunha certa normalidade a partir da instauración do réxime democrático, que permitiu, coa aprobación da Constitución, dos Estatutos de Autonomía e das Leis de Normalización Lingüística, que a lingua galega, e as outras do ámbito español perseguidas na España franquista, entrasen como materia de ensino ao mesmo nivel que o castelán, aínda que se falamos de normalización lingüística, sobre todo en Galicia, temos que dicir que segue a ser unha materia pendente.

Debido a este contexto sociopolítico e cultural, que implicaba un férreo control da temática que se trataba nas obras literarias dirixidas aos máis novos e mesmo a existencia de moitos temas tabú, a Guerra Civil non foi abordada con total normalidade por parte dos escritores e escritoras galegos que escribían para a mocidade, pero tampouco, cómpre dicilo, polos que se manifestaban en calquera das linguas que constitúen o denominado marco ibérico[31]. No entanto, si foi mellor atendida pola literatura de adultos malia que tampouco foi glosada con grande asiduidade, "toda vez que, se ben na Galicia interior era tema vitando, non o era na Galicia do exilio" (Tarrío, 1994: 346). En calquera dos casos as diferenzas teñen as súas peculiaridades, pois, como se pode seguir por cada un dos capí-

31. É dicir os que compoñen os estados español e portugués, pois en Portugal tamén estaban afectados por estas datas por unha ditadura moi similar, a de António de Oliveira Salazar.

tulos que conforman este monográfico, e como indica Mari Jose Olaziregi no capítulo "La Guerra Civil y sus representaciones", posibelmente todo foi debido ao medo incrustado na sociedade e ao desexo de non querer levantar feridas na procura dunha convivencia pacífica. De todas formas, non debemos esquecer que ese escurantismo estaba no máis profundo da sociedade civil e provocou moitos sacrificios, mesmo que as escritoras e escritores practicasen a autocensura en relación co tema. De seguro que estaban á espreita para manifestaren as súas reflexións, opinións e críticas sobre estes acontecementos, dun contexto que permitise contar cunha sociedade civil máis vertebrada, co fin de que as consecuencias de rescatar a memoria histórica non afectasen de novo a convivencia. Esta débeda parece querer cubrirse na actualidade coa Lei da Memoria Histórica e en Galicia coa consideración do ano 2006 como Ano da Memoria Histórica, dúas medidas que, efectivamente, xa comezaron a dar resultados xerais que deberán ser analizados máis minuciosamente e desde moitos eidos do saber co paso de tempo. Con todo, a día de hoxe, xa podemos dicir que en Galicia existe unha significativa bibliografía[32] que inmortaliza actividades sociopolíticas e culturais que preservan para o futuro feitos que estaban no fondo e que agora saíron á luz para recordar e evitar repeticións de feitos indesexábeis.

A narrativa sobre a Guerra Civil na Literatura infantil e xuvenil galega

En Galicia, o sistema literario infantil e xuvenil non se asenta até a época democrática, cando a lingua galega entra no sistema escolar, ao que a Literatura infantil e xuvenil está moi unida debido a que nel se inicia a educación literaria e a formación lectora. Con anterioridade, son ben poucos os títulos que se publicaron e moitos

32. Ver *Informes de Literatura* en CD-ROM 1995-2006, ou por medio da web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (www.crpih.es) apartado recursos.

menos os que trataron a temática, xa fose de forma vivida, lembrada, referida ou aludida (Bertrand de Muñoz, 1982; Arén, 2006). É certo que neste período os temas que se permitían, sobre todo en castelán polo xa comentado, estaban moi controlados polas autoridades educativas e, polo tanto, existía un repertorio de temas intocábeis, de tabús. De aí que a literatura sobre a Guerra Civil apareza serodiamente, por máis que se atopen mostras en lingua castelá desde a inmediata posguerra dentro ou fóra de España, algunhas, nunha primeira etapa, de carácter propagandístico desde o bando dos vencedores; outras, encadradas no realismo social ou na novela histórica. Mais non é destas obras das que falarei aquí. En Galicia o inicio do tratamento desta temática en obras dirixidas aos máis novos atrásase até a década dos noventa. Anteriormente só se publicaron tres títulos, que podemos considerar ambivalentes e que trataron o tema ben de forma vivida, lembrada ou aludida, mentres que na década dos noventa foron trece e, xa nos primeiros seis anos do século XXI, período até onde chegarei na miña descrición acolléndome a que en Galicia é unha característica contar por ducias, foron dezanove, contando os relatos incluídos en libros colectivos. A eles hai que sumar a publicación de obras traducidas: *Mañá fará bo día* (1993), de Luce Fillol; *Crónicas de Media Tarde* (1997), de Juan Farias; *Memorias dunha vaca* (1999), de Bernardo Atxaga; *Silencio no corazón* (1999), de Jaume Cela; *Durmindo sobre os espellos* (2003), de Jordi Sierra i Fabra; *As fontes do destino* (2004) e *Palabras de pan* (2005), de Blanca Álvarez; e *O tolo da ría* (2005), tamén de Juan Farias. Todas elas achegaron novas visións das consecuencias do conflito e mesmo algunha incide en temas non tratados polos autores e autoras galegas, como foi o caso dos campos de concentración que Luce Fillol afrontou con valentía, sensibilidade e bo facer.

Como vemos, trátase de datos moi elocuentes, pois a maior produción, das trinta e cinco obras que constitúen este repertorio temático da Literatura infantil e xuvenil galega, localízase nas décadas nas que se vai instalando a democracia con máis forza. Até ese momento só os vencedores tiveron voz e foron moitos os fuxidos, exiliados

tanto ao exterior como ao interior, e emigrados que quedaron sen ela, que practicaron a autocensura, o silencio como medicina para curar unha sociedade que quedou enferma pola barbarie e polas súas consecuencias, entre as que son de salientar a pouca incentivación cara á formación cultural no máis amplo sentido da palabra por parte dos vencedores, gobernantes durante moitas décadas.

De acordo coas diferentes estratexias ficcionais empregadas nas obras galegas, dividirei o corpus en catro grupos, tomando como inicio a data de publicación das obras e seguindo en parte os únicos traballos que analizan esta temática cara a un destinatario novo ou incluíndo obras dirixidas a eles, como é o coordinado por Agra (2004), as guías e repertorios xerais, en especial os xa citados *Informes de Literatura*[33] e o monográfico de Román Arén (2006). Terei en conta como se trata a temática, se se centra a historia nela como vivida ou se só se lembra ou alude, fixándome algo máis naquelas que considero máis valiosas literariamente, a pesar das limitacións de espazo coas que conto.

Literatura testemuñal: memorias, crónicas, epistolarios e autobiografías

Reúno neste grupo aquelas narracións nas que un protagonista infantil achega experiencias vividas no transcurso da Guerra Civil ou da inmediata posguerra, dando a coñecer como se desenvolvía a vida familiar e social nese tempo, os seus sentimentos, medos, sacrificios e penurias, así como os efectos que a situación produciu no comportamento e evolución de cada un deles, fixándome sobre todo nas que se achegan máis á temática concreta.

33. Primeiro repertorio bibliográfico e de recepción que baixo a coordinación de Blanca Roig se publica no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades desde o ano 1995 (www.cirp.es) apartado recursos en liña, como xa indiquei na nota anterior.

As primeiras obras que, co tempo, pasaron a conformar o repertorio da Literatura infantil e xuvenil galega, e nas que un neno nos fala da Galicia de posguerra alá polos anos corenta, foron *Memorias dun neno labrego* (Bos Aires, 1961; Galicia, 1968) e *Cartas a Lelo* (1971), de Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, Pontevedra, 1928), un exiliado-emigrado (situacións vitais que ás veces coinciden e que non é este o momento de nos deter a discernir) que inicia unhas memorias nas que se alude á Guerra Civil e ás súas consecuencias. Unha delas, profusamente reflectida nestas obras, é a emigración, sobre a que se ofrecen diferentes visións. Así por exemplo, Balbino, o protagonista de *Memorias...*, xunto co seu pai, ven na emigración unha boa saída para medrar economicamente e tamén para se liberar da opresión na que están metidos, mentres que o padriño comenta:

> Na América non hai mellores ventaxas das que temos aquí. Dígocho eu, que botei anos dabondo por aquelas terras. América é un ichó. Os que caen nel non avisan ós que chegan detrás. Primeiro pérdense costumes, xeitos de vida do país de orixe. Pérdese a alegría. Romatando, as máis das veces, por perdelo todo. É coma cando se arrinca un árbore e se deixa coas raiceiras encoiro, sin terra (pp. 56-57).

Xunto con esta crítica da emigración, que durante séculos lastrou a sociedade galega tanto pola perda de novas xeracións como pola perda de identidade que sufría, representada especialmente a nivel lingüístico, tamén se fai unha dura crítica doutros aspectos da sociedade galega do momento como a relixiosidade hipócrita ou a situación do ensino, marcada pola censura franquista.

En *Cartas a Lelo* séguese a insistir nas críticas anteriores, pero é na terceira novela do autor, *Aqueles anos do Moncho* (1977), onde se relatan, de xeito máis directo acontecementos da Guerra Civil nun escenario campesiño e con homes dominados polo medo que lle é transmitido ao propio neno e que condicionará a súa evolución. As experiencias conflitivas, as crises, as inquietudes do protagonista están marcadas polos condicionamentos de fame e pobreza, a opre-

sión, os efectos da emigración, o atraso ideolóxico e cultural causado pola guerra, a relixión, a escola, o problema lingüístico, etc., a pesar de que agora o neno, Moncho, é fillo dunha familia humilde na que seu pai é un exemplo de traballador, por moito que a veciñanza da aldea a considere forte e adiñeirada por ter unha casa nova.

Estas tres obras foron consideradas pola crítica como unha triloxía, a primeira da Literatura infantil e xuvenil galega, que se achega a esta temática e que foi denominada "O ciclo do neno".

Outros títulos, que nos deixaron imaxes similares da época e algunhas máis directamente da propia propia contenda, foron:

A encrucillada da torre (1994), de Xosé Ramón González Álvarez (Feás-Betanzos, 1945), na que se recollen as lembranzas da infancia asociadas aos usos e costumes da Galicia rural da posguerra, na que predominan a miseria, o atraso ou a falta de liberdade de expresión, xunto a moitos dos acontecementos aos que se alude e que foron consecuencia da Guerra Civil e do franquismo, como a referencia aos maquis. A narración localízase no medio rural até que o protagonista marcha a estudar o bacharelato a Ourense, de aí que tamén se ofreza o contraste cidade-aldea.

Sorrir en Frades (1994), de Siro López Lorenzo (Ferrol, 1943), é un memorial no que o autor-narrador conta en primeira persoa lembranzas e anécdotas da súa infancia, que transcorreu en Frades durante os anos anteriores e posteriores á Guerra Civil. Relátanse algunhas historias embazadas polos días de angustia, medo e vergoña provocados polo conflito, como o que lle ocorreu ao mestre don Arsenio, un defensor do Estatuto de Autonomía que lles inculcara aos nenos o amor por Galicia ofrecéndolles trazos identitarios e que foi encarcerado ao comezar a guerra.

É de destacar, por centrarse máis no tema que nos ocupa e non tanto nas alusións das consecuencias inmediatas da Guerra Civil, *Tempo rachado* (1999), de Margot Chamorro (Vigo, 1929), unha novela de carácter autobiográfico, dado que se ofrece o punto de vista da nena narradora e encargada de conducir, de xeito realista, o relato. Neste caso é unha nena viguesa, filla dunha familia de traballadores do ban-

do vencido, a que reflicte cadros vividos durante a Guerra Civil, así como os momentos previos e posteriores a esta. A narradora lembra, xunto a episodios familiares cargados de lirismo e tenrura, a faciana máis dura destes tempos. Deste xeito, a fame, o medo, a represión ou a moral católica son temas dalgúns dos capítulos. Salienta a sutileza da autora para non recrear só as experiencias máis negativas e, como sinalou F. Martínez Bouzas (1999), a narración dos acontecementos "fuxindo do tenrurismo adozado, daqueles didactismos tan frecuentes en determinada literatura infantil e xuvenil". É unha novela de denuncia que, sen acritude e con esperanza, relata un episodio vivido cun percorrido polo Vigo da época, con mencións de espazos reais, ben identificados, en definitiva, marcas de identidade.

Xa no século XX, pertence tamén a este grupo *A pesca está no vento* (2001), de Xosé A. Ventoso Mariño (Ribeira, 1950), que recolle as memorias de Nico, un neno que vive nunha vila costeira da comarca do Barbanza. O ambiente da Galicia da posguerra, as alusións á Guerra Civil e ás súas consecuencias sociais e as referencias a personaxes que o franquismo persegue pola súa actuación na contenda teñen unha presenza destacada no relato. Trátase dun rapaz que provén dunha familia humilde, o cal é utilizado polo autor para reflexionar sobre a diferenza de sensibilidade entre os nenos de antes e os de agora, e que vive o paso á adolescencia neste contorno.

Como xa sinalamos (Agra, 2004), estas obras contan con nenos ou adolescentes como protagonistas, que lembran, desde a idade infantil ou xa desde a madureza, as duras e terríbeis situacións vividas polos vencidos e indefensos nunha época na que reinaban o medo, o terror, a intolerancia, a pobreza e as inxustizas. Os espazos, principalmente rurais, agás na obra de Margot Chamorro e unha alusión na de X. R. González, son retratados como lugares pechados, opresivos e nos que se vivía a escaseza dun tempo marcado pola miseria, o silenciamento, as desconfianzas creadas tras a recente contenda, o resentimento e a falta de liberdade de expresión.

Cómpre reparar tamén na introdución de elementos paratextuais cos que os autores ofrecen datos para orientar a lectura ou para ache-

gala ao seu lectorado ideal. Así, naquelas obras comentadas que presentan ilustracións, predominan os debuxos en branco e negro (*Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo*, *Sorrir en Frades*, *A pesca está no vento*) e mesmo nalgunha, como en *Tempo rachado*, móstranse fotografías da época tiradas do *Álbum* do *Arquivo Pacheco*, editado polo Centro de Estudos Fotográficos. Esta obra conta ademais cunha nota autorial na que Margot Chamorro convida o lector a acompañala no percorrido pola súa nenez e a daqueles nenos "que aprendemos a canta-lo *Cara al sol*". Tamén constatamos nesta selección a presenza de dedicatorias a familiares, amigos, lectorado, e o emprego de limiares nos que os autores fan unha declaración de intencións, desde o lectorado ao que se queren dirixir, caso de *Memorias...* onde Neira Vilas dedica a obra "A tódolos nenos que falan galego", ao afán didáctico doutras, como ocorre en *A encrucillada da torre* ou *Sorrir en Frades*. É de salientar a recorrencia a cadernos ou diarios a partir dos que se reconstrúen as historias, como sucede en *A pesca está no vento*, ou tamén a recordos, como se insiste en varias das outras obras que se acaban de citar.

Os autores que se achegaron deste modo á contenda, xa fose vivida, lembrada ou aludida, para mostrar as súas consecuencias pertencen a varias xeracións biolóxicas, pois dous naceron antes da guerra, un sufriu emigración-exilio, outra viviu a guerra de primeira man e os demais naceron cando rematou e medraron e se formaron na posguerra. Como xa sinalei noutro traballo (Roig, 2002), eu prefiro falar de "unidades xeracionais", "situacións xeracionais" e "conexións xeracionais", seguindo as propostas de Karl Mannheim, o cal permite interpretar a convivencia de autores de idades moi diferentes que responden a obxectivos específicos de épocas concretas, de institucións, etc., e así tamén se poden comprender mellor os puntos de vista adoptados ao se achegar a determinados temas que, como ocorre no caso da Guerra Civil española, parten de vivencias propias. Como se puido comprobar polo comentado, estes autores recorren aos nenos que foron en narracións que lindan coas estratexias propias de xéneros como a autobiografía, o memorialismo ou o documentalismo, de xeito máis ou menos elaborado.

"Sombras e descubertas" da Guerra Civil

Describirei aquí narracións de tipo iniciático (*bildunsgroman*), pero tamén de terror, de misterio ou con trazos policiais, pois nelas son os protagonistas adolescentes, independentemente da voz narradora, dado que polo xeral contan con pluralidade de voces, os que descobren na ficción a incidencia deste conflito bélico no seo das familias, nos grupos sociais, nas amizades, etc., un aspecto ocultado polos maiores para evitar vinganzas e persecucións. Por riba dos diferentes matices, trátase de acontecementos que provocaron incomunicación, perda de dignidade, fuxidas e exilio.

En definitiva, este conxunto de títulos que analizaremos a seguir comparten a recuperación da memoria do pasado grazas á intervención de adolescentes que adoitan recorrer á axuda dalgún adulto para conseguir romper o silencio e dar a coñecer feitos que foron en contra das liberdades individuais e que castigaron formas de pensar diferentes. Estes rapaces e rapazas protagonistas conseguen reivindicar o dereito a saber, a coñecer todas as versións e non só as que os vencedores ou os vencidos teñen divulgado, e tras as súas descubertas e pescudas evolucionan psicolóxica, cultural e, en definitiva, vitalmente. Na maioría destes relatos incídese en trazos identitarios que caracterizan a Galicia e os galegos.

A teima de Xan (1991), de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), cuxa análise pormenorizada pode verse nas páxinas deste volume, é a primeira obra que enfoca deste xeito a Guerra Civil. Trátase dunha narración realista, como todas as que se achegan a este tema, na que se aborda o exilio interior a través das investigacións dun mozo que rememora, xa de adulto, a descuberta da existencia dun tío mestre, rexeitado e incomprendido por compañeiros e mesmo polos seus familiares debido ás ideas que defendeu durante a Guerra Civil. As pescudas deste mozo supoñen o primeiro intento de recuperación, pola vía da ficción, dunha memoria que se lles estaba a roubar aos novos.

García Teijeiro, unha das firmas máis autorizadas da Literatura infantil e xuvenil galega, sobre todo desde o xénero poético aínda que

tamén con voz propia como narrador, vólvese achegar ao tema en *Trala liña do horizonte* (2002), unha obra composta por relatos, algúns deles identificados con guerras concretas, que lembran nenos danados por elas e na que tamén se refire, de forma simbólica, ao conflito que nos ocupa. Así, no volume, un soldado que escapa da guerra rememora, tras atopar unha carpeta de cartón con follas escritas e prendidas cuns clips e uns recortes de xornal con fotografías, problemas producidos polas guerras. García Teijeiro volve incidir con pericia narrativa en descubertas, enigmas, terror e aprendizaxe.

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), outro dos autores máis significativos do sistema literario infantil e xuvenil na actualidade, ademais dun clásico contemporáneo, non só porque moitas das súas obras ocupan o centro de canon senón tamén pola súa actividade pública, achegouse en diferentes ocasións desde o comezo do século XXI ao tratamento da Guerra Civil española.

O primeiro título que podemos integrar neste grupo é "As sombras do faro" (incluído en *Historias para calquera lugar*, 2001, e posteriormente en *Tres pasos polo misterio,* 2004), un relato no que Miguel, o protagonista, lembra o que aconteceu cando descubriu, sendo adolescente, uns espectros na vella torre do faro de Pontebranca. Perante o desacougo que a mención da súa descuberta e o seu interese por coñecer a historia daquel faro provoca entre os veciños da vila, sobre todo por mor dos medos incrustados, Miguel e mais a súa familia deciden trasladarse á cidade para evitaren a presión social á que son sometidos. Anos despois, Miguel saberá que naquel vello faro se atoparon os corpos de paseados na Guerra Civil e volverá a Pontebranca para se despedir desa etapa da súa vida e render unha particular homenaxe á memoria, ante a indiferenza que percibe nunha sociedade que parece ter esquecido calquera referencia aos asasinados do pasado recente.

Fernández Paz ofrécenos unha nova contribución ao tema en "A memoria dos soños rotos" (2001), un relato no que se dá conta de como cambiou a vida dunha adolescente, Cristina, cando descobre que un antepasado seu estivo no cárcere durante a Guerra Civil e nos

anos da posguerra por soñar cun país mellor para a súa xente. A descuberta acontece por casualidade, tras atopar uns papeis na casa da súa nai, onde vivira o seu parente. Eses papeis reflicten as inquedanzas culturais que o seu tío avó, mestre de profesión, desexaba transmitirlle á sociedade e quedan finalmente en poder de Cristina xa que, segundo a súa nai, ela está nunha idade e nun momento no que, ao igual que ese familiar no pasado, pode soñar con cambiar as cousas.

No ano 2002, continuando esta liña de narracións centradas na descuberta, neste caso cunha novela, o autor publica *Noite de voraces sombras*. Aínda que esta obra conta cun comentario neste monográfico, gustaríame destacar o feito de que é tamén unha adolescente, Sara, a encargada de descubrir por medio dunhas cartas, dun diario e da conversa con outros personaxes, o que padeceron os mestres republicanos, como o seu tío avó Moncho, durante e despois da Guerra Civil española, un tempo que se retrata fundamentalmente coa destrución dunha historia de amor e dos moitos proxectos de futuro. Ramón Nicolás (2002) apunta que se trata dunha obra de "lograda factura" e, de feito, como outras producións do autor, a súa orixe está nunha noticia aparecida nun xornal a partir da cal o autor constrúe os acontecementos da súa ficción. Por outra banda, cómpre salientar a madureza que vai adquirindo a protagonista adolescente unha vez que coñece todo o que aconteceu.

O misterio, trazo característico dun bo número das obras de Fernández Paz, a novela de iniciación e a descuberta de episodios que gardan relación coa Guerra Civil, combínanse outra volta en *Corredores de sombras* (2006). Nesta novela é a voz en primeira persoa de Clara a que lembra, apoiándose nas notas do seu diario de adolescencia e mais nos documentos e obxectos que atopa na habitación da súa avoa, o que aconteceu ao longo das vacacións do verán de 1995 a partir do achado na parede dun dos muros do pazo familiar dun esqueleto con dúas balas e un buraco na cabeza. É esta enigmática descuberta a que esperta en Clara o interese polo ocorrido no seo da súa propia familia entre 1936 e 1939, unha pescuda para a que contará coa colaboración de Miguel, un mozo da aldea co que

vive a súa primeira experiencia amorosa, e tamén do seu tío Carlos. Clara indaga sobre a identidade do esqueleto e chega a descubrir o asasino e non se detén malia as prohibicións e presións de seu pai, que como membro da estirpe dos vencedores e poderoso señor do pazo, é partidario de esquecer e soterrar o pasado. Grazas ás súas pesquisas, a protagonista é consciente de que a guerra pervive aínda no inconsciente colectivo en parte da veciñanza de Vilarelle, o que se plasma nas ameazas que recibe tras algúns dos seus interrogatorios na procura de informacións sobre a relación entre o mestre republicano Rafael e a súa avoa Rosalía. Como afirmaba liñas arriba, nesta novela ao tema bélico e á descuberta de feitos esquecidos que terán fondas repercursións nas relacións familiares de Clara, únense outros como a maduración propia da adolescencia, a amizade, o amor, engadindo un tema novidoso para a Literatura infantil e xuvenil galega, como é o da homosexualidade do tío Carlos, de forma clara e non só aludida.

En todos estes textos de Agustín Fernández Paz obsérvanse ademais moitos trazos identitarios arredor da memoria, a través de referencias culturais e citas, tanto literarias como musicais, que deixan patente a existencia de dous bandos de carácter irreconciliábel con proxectos antagónicos: os que aman a lectura e as súas orixes e os que están a carón da barbarie. Constátase un claro parentesco entre eles (Marta Neira, 2007: 80-81) xa desde os títulos, para a elección dos cales Fernández Paz bota man da obra de José Angel Valente. Así mesmo, as narracións comparten a presenza de rapazas adolescentes como protagonistas que rescatan do esquecemento os anos da represión da guerra e da inmediata posguerra; a presentación do mundo do ensino recorrendo á figura de mestres republicanos; a combinación do misterio, a intriga, a investigación e a descuberta dun segredo coas claves da novela de iniciación; a inclusión do tema amoroso, elo que, ao tempo que axuda á recuperación do pasado, pois a parella faise cómplice na busca, fai verosímil a descuberta e as relacións entre os dous bandos ao buscar apoio e testemuñas nos maiores.

No ano 2006 tamén viu a luz *A sombra descalza*, de An Alfaya (Vigo, 1964), obra galardoada co Premio Lazarillo 2005, o primeiro entre outros moitos que se lle foron sumando[34]. Nela é Elsa, unha adolescente en proceso de iniciación, a encargada de descubrir a orixe de tanta sombra familiar, de tanta tristeza, ocultamentos e silencios, que nun primeiro momento parecen debidos a ideoloxías encontradas, pero en realidade proveñen de renuncias das mulleres por mor do malvado herdo que deixou a Guerra Civil: frustracións amorosas, exilios interiores, emigración, vinganzas, etc., entre vencedores e vencidos. Rancores que non rematan coa morte da súa tía avoa Sagrario, unha pantasma que sempre andaba descalza e á que, xa finada, lle poñen uns zapatos de veludo, feito que desencadea a inquedanza de Elsa cando comproba, tras descubrir os misterios familiares, que talvez non haxa solución e a condena se perpetúe no tempo. Aínda que Isabel Soto (2006) considere que "a novela presenta como pano de fondo o conflito bélico, onde se atopan os alicerces da traxedia que se narra" e que o interese fundamental se centra "no tratamento da vida das mulleres da familia, sometidas ao castigo e ao rancor", dado que as causas deses rancores proveñen da contenda e que son descubertos por unha adolescente, creo que esta obra pode encadrarse neste grupo sobre as sombras. Nestas páxinas inclúese un estudo máis demorado sobre a novela. En *A sombra descalza*, como sinalou Montse Pena Presas (2006), salienta a habilidade da escritora na creación de atmosferas de misterio e tramas que sorprenden o lector, a intriga e a tensión na fin dos capítulos, trazos que converten a novela nun *thriller*, nunha obra escrita con axilidade e precisión e da que considera un acerto o se deter nos detalles miúdos.

Tras deste repaso, pódese afirmar que estamos perante un conxunto de obras nas que a protagonista, a incitadora, a buscadora, é sempre unha muller, só nun caso o protagonista principal é un home, pero sempre está apoiada por un/unha adolescente entre os que xorde o amor, a amizade, e tamén por adultos, outorgándolle así

34. Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil do Ano 2006; White Ravens 2007 e Lista de Honra do IBBY 2008.

verosimilitude á historia, sobre todo naquelas que abordan unha temática de por si o suficientemente fácil de terxiversar, dado que se fala de "sombras humanas" que sempre coinciden con personaxes que dunha ou doutra forma se fixeron visíbeis ou actuaron na Guerra Civil, das inxustizas, sobre todo, dos vencedores.

Non quero deixar de me referir aos peritextos que se ofrecen nestas obras e ás súas funcionalidades xa anunciadas, aínda que quero salientar que moitos inciden expresamente no reforzo do carácter memorialístico. Son bos exemplos os que se presentan en *Trala liña do horizonte*, que conta coa dedicatoria: "A Susi, Antón e Noa. A Alba, a miña amiga. Todos están comigo trala liña do horizonte"; e coas citas antibelicistas de creadores do mundo da escrita e da música, e incluso de dúas rapazas testemuñas da guerra, coas que se alude a este mal atroz da humanidade. Ademais, a obra conta cun epílogo no que se reproducen artigos da convención dos dereitos do neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989.

Pola súa banda, Agustín Fernández Paz no relato inserido en *Tres pasos polo misterio*, bota man dunha cita do escritor galego Lorenzo Varela para encabezar a narración: "Quedei eiquí, lonxe das vosas sombras", e o volume conta cunha ilustración de cuberta con clara referencia ao relato tratado; en *Noite de voraces sombras* presenta como limiar un poema da obra *Fragmentos de un libro futuro*, de José Ángel Valente no que se inclúe o verso que lle dá título á obra; dedica ademais *Corredores de sombras* a Mariña, a súa filla, a quen o autor agradece o compartir gustos musicais, como indica no apartado "Agradecementos". Fernández Paz procura deste xeito verosimilitude e humanidade para a historia narrada, pero tamén reforza a identidade con moitos destes paratextos.

An Alfaya dedica a súa novela ás "mulleres de ollada asolagada, que calaron segredos e hoxe falan" e inclúe unha cita de Luís Eduardo Aute na que se alude a uns zapatos, elementos ambos os dous, "muller" e "zapatos", que adiantan simbolicamente os polos temáticos da recreación dun complexo universo feminino.

Estas obras foron escritas por autores nacidos entre 1947 e 1964. Tanto Fernández Paz como García Teijeiro pertencen ás unidades xeracionais que denominei "Tradición e modernidade" e "Renovación pedagóxica e literaria" (Roig, 2002). Ambos cumpren ben cos obxectivos desas unidades con estes textos cos que queren formar e informar ao lectorado e tamén ao mediador, pois están publicados en coleccións para a mocidade e para o lectorado en xeral, son obras de fronteira como xa indiquei noutros moitos lugares. An Alfaya pertence á unidade xeracional denominada "As novas editoras e os premios literarios". Aínda así, os tres presentan "conexións xeracionais" e compartiron "situacións xeracionais" que son moi de apreciar nestas obras, pois tentan recuperar o elo perdido entre a xeración que sufriu directamente a represión e a máis nova, queren converterse en "correas de transmisión dun patrimonio de lembranzas que comezaba a estar ameazado de extinción pero que forma parte do seu fardelo vital" (Vilavedra, 2006) e, ademais de rescatar a memoria da guerra, fan o propio cos trazos identitarios. Fernández Paz, por exemplo, lémbranos que "os mortos non abandonan", un elemento moi da idiosincrasia galega. Asemade fan homenaxes a mestres republicanos e, canda eles, ao tipo de ensino que defendían abertamente.

Ruptura de traxectorias vitais e aprendizaxes á forza

É este un grupo temático no que inclúo obras, tamén moi relacionadas coas obras de iniciación, que están protagonizadas ben polos que comunmente se chaman "nenos e nenas da guerra", que foron separados das súas familias coa intención de salvagardalos do conflito, ben por aquelas historias que se centran nas vivencias directas e indirectas da guerra por parte da infancia, da mocidade ou dos adultos, así como as repercusións que neles tivo.

No primeiro dos casos déixase relucir o intenso sentimento de soidade que padecen os protagonistas, mitigado por veces polas mostras de solidariedade, amizade e cariño que reciben das persoas

coas que se atopan. O contacto con outras culturas apréndelles a respectar formas de vida diferentes e a manter sempre acesa a esperanza de volver cos seus.

No segundo, saliéntase o enfrontamento dos protagonistas coa dor, a morte, os abusos e as carencias, experiencias que fanan o seu futuro e a inxenuidade propia da súa idade. A incomprensión e mais o descoñecemento das causas que os levan a vivir estas situacións provocan o desconcerto e a instalación nas súas vidas do medo incrustado, que os obriga a encarar os contratempos con actitudes propias de seres adultos e a desenvolver habelencias para a supervivencia. Ponse de relevo que os nenos que viven nunha sociedade en paz toman conciencia dunha realidade que antes lles era allea, a través do coñecemento da vida das vítimas e a súa identificación con elas, contrastando as diferentes psicoloxías entre os nenos que descoñecen este tipo de circunstancias e aqueloutros que deben loitar por sobrevivir. Atopamos que en varias destas obras se describen ambientes que resultan abafantes para o protagonista. Emporiso, feitos traumáticos tales como fusilamentos, desaparicións, saqueos ou perdas persoais desencadean un proceso prematuro de madureza, por máis que sempre se manteña a esperanza de poder comezar unha nova vida.

A primeira narración que se adapta ás características enunciadas data de 1994. Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942) artella en *Tristes armas* unha homenaxe aos nenos e nenas españoles que por mor da Guerra Civil marcharon exiliados á Unión Soviética. A obra repasa a época histórica na que se localiza a historia a través do exilio de dúas irmás e aborda os seus problemas de adaptación e os seus sufrimentos, sempre alleas ao que ocorría no seu país e ao destino dos seus familiares. Unha carta puido ser o elo pero tardou en chegar corenta e cinco anos. A volta ilusionada e os recordos desa dramática infancia pechan este relato realista contado con fluidez.

A incomprensión e o descoñecemento dos motivos que orixinan os sufrimentos do protagonista conforman a cerna de *Todo o peso do*

ceo (1997)[35], de Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942), que nos traslada á posguerra española nunha vila de Castela. Un narrador omnisciente completa o relato vivencial do neno protagonista cos feitos acontecidos con posterioridade. Deste xeito, retrátase un mundo duro, dominado pola tristura e a aprendizaxe emocional e marcado pola ausencia da figura paterna, o traslado á casa rica de Aranda, os primeiros amores ou a amizade cos seitureiros galegos que traballan nas terras castelás, experiencias que configuran aos poucos a personalidade do rapaz. Logo da súa fuxida da aldea co fin de escapar da opresión, o protagonista vese envolto en duros episodios de represión, tortura e encarceramento, relacionados cos odios que espertou a Guerra civil.

Na mesma liña sitúase o relato "O xornaleiro", incluído no volume *As ribeiras son escuras* (1997), de Manuel María (Outeiro de Rei, Lugo, 1929-A Coruña, 2004). Un narrador omnisciente editorial conta a historia de Manuel, da súa familia e explica por que se ve abocado a traballar de xornaleiro na casa dos Hortas. Trátase a explotación laboral do neno (por parte dos pais e dos amos) e a imposibilidade de mudar, ou cando menos nivelar, os desequilibrios económicos e sociais que sofre, como todos os xornaleiros da Galicia desa época. A fatalidade chega ao cumio cando comeza a guerra e é mobilizado, xusto no momento no que se dispoñía a casar, o cal trunca o seu futuro sen remedio.

Tamén *A casa da luz* (2002), de Xabier P. Docampo (Rábade, 1943) onde se alude á Guerra Civil a partir de que se descobre que Pumariño, o adulto que acompaña a banda de nenos na súa aventura fantástica, quedou mudo a raíz do asasinato de seu pai na contenda.

En *A lingua das bolboretas* (2005), obxecto de comentario neste monográfico, Manuel Rivas (A Coruña, 1957) ofrece unha adaptación para o lectorado máis novo dun dos capítulos da galardoada *¿Que me queres amor?* (1998), a partir da cal tamén se realizou o

35. Desta obra existe unha edición renovada que presenta modificacións en canto ao formato e á portada e correccións lingüísticas con respecto á primeira.

guión da adaptación cinematográfica de José Luís Cuerda. Neste relato, ambientado na Galicia dos anos trinta, Pardal evoca en primeira persoa o seu contacto naquela altura coa escola e a súa relación co mestre don Gregorio. Nesta evocación acada unha especial relevancia o medo que lle inspiraba a figura do mestre, alimentado polas historias que o pai lle contaba da súa propia experiencia, e que provoca que o primeiro día fuxa ao monte preso do pánico. De volta na escola, descobre que en realidade don Gregorio é un mestre bondadoso e comprensivo, trazos que alicerzan unha estreita relación na que cada día asiste a unha nova descuberta. Esta amizade rompe ao se producir o alzamento militar de 1936, que estende o ambiente de receo entre a veciñanza e fai nacer unha especie de instinto de conservación da vida, plasmado na desacougante imaxe na que tanto Pardal como o seu pai increpan os detidos, entre os que se conta o mestre don Gregorio, ao que tanto admiraban e co que compartían ideais. Neste ambiente "de silencio grave", Pardal, malia a súa pouca idade, toma conciencia da ruptura social que supón o conflito bélico que principia e, instigado polo seu pai, entre a rabia e a impotencia, remata lanzando pedras contra o camión no que marcha detido o home co que durante un tempo descubrira o mundo que o rodeaba.

As circunstancias políticas dentro de España combinadas coa simpatía dos intelectuais en moitas partes de Europa e de América pola causa republicana e a presenza de exiliados republicanos en moitos destes países, explican parcialmente o fluxo internacional de textos sobre a Guerra Civil española. Non hai até agora interpretacións literarias imparciais, obxectivas deste conflito terríbel. Os case setenta anos que transcorreron ampliaron as perspectivas pero aínda non extinguiron as paixóns inspiradas pola loita de España. Nin sequera os investigadores están exentos das emocións que xera pero a pesar do inevitábel –e desexábel– a multiplicidade de literaturas e metodoloxías, os fortes sentimentos e compromisos implícitos proporcionan certa cohesión.

Aínda que son escasos os achegamentos ao tema que nos ocupa na literatura e na crítica inglesa, a seguir, repasaremos o seu tratamento desde as diferentes perspectivas existentes.

A literatura e crítica inglesa e a Guerra Civil

En canto á literatura en lingua inglesa sabemos que autores do canon clásico e outros menos representativos deste escribiron sobre a Guerra Civil española ou a mencionaron nas súas obras. En xeral, moitos deles mesmo participan na contenda e coñecen de preto a nosa guerra. A maioría veñen en axuda do bando republicano e chegan coas brigadas internacionais. Non podemos esquecer un grupo de poetas importante cando falamos da Guerra Civil española. Precisamente, cando realizaba o meu doutoramento na Universidade Complutense de Madrid a comezos dos anos oitenta, o profesor D. Esteban Pujals impartía un curso interesante pola súa temática no que me matriculei, titulado "Plumas e fusís: Poetas ingleses de entreguerras. O grupo de Oxford", e destes escritores apuntarei unha serie de datos relacionados co tema que nos ocupa. Estes poetas ingleses vivían un momento de crítica e reforma, preocupábanse dos problemas políticos e sobre todo polas condicións sociais. Este grupo estaba formado por Auden, Day Lewis, MacNeice e Spender aos que se lles chamaba poetas de Oxford porque estudaron nesa universidade e alí empezaron a escribir. Nunca constituíron un movemento literario deliberado, pero participaban dunhas ideas básicas e intentaban transmitir nos seus poemas a voz do pobo. Estaban convencidos de que a política de extrema esquerda podería solucionar os problemas sociais e por iso atacaban a atmosfera cultural da época. A eles habería que contrapoñer, tanto en personalidade como en ideoloxía, unha figura romántica e independente como foi Roy Campbell. Estes poetas atopábanse nunha difícil situación en Inglaterra pois tiñan alma de reformadores e revolucionarios nun país liberal onde non facía falta selo. Non obstante, atopáronse inesperadamente dúas grandes razóns para ser deste xeito: a preponderancia do fascismo en Europa e a Guerra Civil de España. Estes acontecementos proporcionáronlles unha fonte de inspiración. Agora ben, os problemas e circunstancias da guerra de España eran moito máis complexos do que estes intelectuais podían imaxinar e admitir; ao

principio, parecíalles unha loita inicial contra o fascismo. Non concibiron que no fondo puidese existir un substrato tradicional e católico que se opoñía á idea dunha sociedade baseada nun programa materialista. Isto intuírono Campbell e Wyndham Lewis; pero a maioría non o percibiu. Algúns estiveron en España durante a guerra de 1936-1939; outros loitaron na Brigada Internacional, caendo, como Ralph Fox, Julian Bell e John Cornford, por unha causa que crían xusta. MacNeice, Auden e Spender estiveron en España; Day Lewis non. Roy Campbell achábase en Toledo ao estalar a guerra e pasouse ao lado nacional.

Louis MacNeice foi un escritor brillante que percibía con rapidez os problemas humanos e sociais nos que estaba fondamente interesado. A súa obra é máis ben comentario que labor creador, un documento da nosa época mellor que poesía verdadeira. Soubo ver e percibir o evidente. Estivo en España antes e durante a guerra e consignou as súas impresións nalgúns dos seus poemas. Era a súa a actitude realista do home que ten unha visión crítica periférica. Os seus ollos non calaron máis fondo do que presenta a codia da realidade. Respecto de España deuse conta da atmosfera política enrarecida, o desaxuste social e administrativo, a pobreza e o anacrónico medievalismo que para el constituía a relixión. Referiuse con ironía ás diversións dos españois e ás súas pasadas glorias. O seu ángulo de visión non lle permitiu ver en España os valores humanos e do espírito existentes no medio do desconcerto externo.

Stephen Spender era descendente de familia xudía acomodada, un home aberto, de gran personalidade e finura de carácter. Idealista de extrema esquerda na súa mocidade, a guerra española significou moito para el e estivo varias veces en ambas as zonas, en distintas misións. Aquí decatouse da realidade desa guerra, e como resultado das súas experiencias, o seu idealismo quedou notabelmente mitigado. O home cultivado que había nel sentiuse ferido pola dureza con que se pretendían estabelecer uns ideais que parecían puros e o lado cristián do seu carácter sublevouse contra o procedemento. Os poemas que escribiu sobre esta guerra, polo tanto, non son eloxios dos

heroes extremistas nin cantos á liberdade, senón froito da caridade, o amor, a piedade cara aos soldados e os nenos, a simpatía cara a todos os que sufrían os efectos do conflito, mesmo os desertores e os covardes. Os poemas de Spender sobre a guerra de España atópanse en *The Still Centre* [O centro inmóbil], 1939.

Cecil Day Lewis escribe con convicción e forza e con gran visión da situación que Inglaterra e Europa estaban a atravesar entre 1930 e 1940. A súa obra é un comentario poético destes tempos, de máis calidade literaria que o de MacNeice, un documento emotivo das guerras, os temores, as dúbidas e as desilusións dun período dislocado, tan cheo de enerxía como desconsiderado e cínico. *Overtures to Death* [Aberturas de morte], 1938, é a obra que contén as súas composicións de tema español.

W. H. Auden é a figura predominante do grupo. Home de esquerdas durante a súa primeira época, adoptou unha actitude agresiva cara á atmosfera política e cultural da clase media do período de entreguerras e atacou as deficiencias sociais. Como aos seus compañeiros, a guerra de España proporcionoulle un nobre motivo. En 1937 foi padioleiro nunha unidade sanitaria. Regresou a Inglaterra despois dunha curta etapa e xamais volveu falar diso. Non perdeu a súa crenza nun ideal absoluto, como pon de relevo en *Spain*; pero o que si viu é que a culpa e a razón, a inxustiza e a xustiza, non pertencían tallantemente a este ou a aquel lado, e foi suficientemente honrado para recoñecer que sobre o terreo as cousas non estaban tan claras.

A estes catro poetas convén contrapoñer a figura de Roy Campbell, de tanta vitalidade satírica e gran poeta como Auden, se ben de signo ideolóxico, mentalidade e personalidade completamente diferentes. Campbell estivo unha curta tempada en Oxford, logo viviu en Francia, e en 1935 vivía en España e xa tiña un nome como poeta. Aquí converteuse ao catolicismo, e estabeleceuse en Toledo, onde se dedicou á doma e compravenda de cabalos. Ao estalar a guerra de 1936 pasouse ao bando nacional xa que para el contiña os auténticos valores españois. A inspiración derivada de España en Campbell

é un dos principais elementos da súa poesía, sendo admirábel a captación da paisaxe, os ambientes e o modo de ser dos españois. *Mithraic Emblems* está cheo de esencias de España, e *The Flowering Rifle* [Fusil florido], 1939, é un ataque fulminante contra as ideoloxías e mesmo as persoas que segundo el constituían a oposición aos verdadeiros ideais españois. Belixerante decidido e home convencido da súa verdade, Campbell representa un signo de contradición fronte ao grupo de Oxford e defende a súa posición con poemas de guerra de gran calidade. Campbell traduciu a García Lorca, a San Juan de la Cruz e algúns dramas clásicos españois. Morreu nun accidente de automóbil durante unha viaxe de Sevilla a Cintra en 1957.

En canto ao campo da crítica e a visión que teñen dos autores españois, diremos que atopamos obras e ensaios de escritores ingleses ou americanos que apoiaban o bando republicano ou eran partidarios de Franco, os que escribiron durante a Guerra Civil e despois desta. Algúns xa se mencionaron neste volume, como por exemplo *For Whom the Bell Tolls* [Por quen dobran as campás] do americano Ernest Hemingway, onde se relatan as experiencias do autor en España entre 1937 e 1938, a súa amizade con xente do pobo que logo retrata na súa novela. A atención coidadosa do detalle xeográfico, militar e político na novela foi pasado por alto pola crítica en xeral, que preferiu concentrarse nos aspectos románticos e ideolóxicos do traballo. Non obstante, algúns críticos preferiron centrarse en dous capítulos cruciais da novela, o 18 e o l42, argumentando que Hemingway, a pesar de apoiar o bando republicano, non se cegaba con isto e admitía a incompetencia dos líderes republicanos e a indecisión do goberno en momentos importantes que facilitaron a toma de poder dos comunistas. Traballos críticos deste tipo (Meyers: 1990) refutan a aqueles que acusaron a Hemingway de falta de sofisticación política e de estar ao servizo de Stalin, demostrando que *For Whom the Bell Tolls* é tanto unha alegoría como unha explicación da derrota republicana na Guerra Civil española.

Outro autor que foi estudado nos Estados Unidos foi Ramón J. Sender, polifacético xornalista e novelista aragonés, tamén republi-

cano. Charles King analiza o traballo propagandístico de 1937 de Sender, e explica a súa evolución ideolóxica do anarquismo ao comunismo. Céntrase en dúas novelas que combinan a precisión histórica e a excelencia literaria nunha orixinal e persoal interpretación da guerra. King traballa coas traducións ao inglés dos orixinais españois das dúas novelas, a primeira realista e alegórica, *El rey y la reina* (1948), e a segunda, *Réquiem por un campesino español* (1953), ao mesmo tempo realista e simbólica. Na primeira retrata as masas españolas encarnadas nun xardineiro e a España tradicional personificada na duquesa, dous arquetipos que se coñecen na desolación da guerra a un nivel de humanidade común. En *Réquiem por un campesino español* a guerra interprétase como unha loita entre o *status quo* –ou vella España– e o cambio –ou nova España–, cada unha simbolizada nun grupo de personaxes representativos. Nin a distancia ofrecida polo tratamento alegórico nin o uso da mentalidade conservadora como perspectiva para esta última novela, son suficientes para borrar o compromiso apaixonado de Sender.

A voz feminina en español, Guerra Civil e literatura xuvenil

En canto ás escritoras de posguerra, o investigador Joseph Schraibman estuda a representación que fan as mulleres novelistas da Guerra Civil española: a coñecida autora española Ana María Matute e a cubana Nivaria Tejera son as escritoras elixidas no seu estudo. As novelas de ambas as dúas son parecidas porque tratan o comezo da Guerra Civil española desde a perspectiva dunha nova adolescente e ambas se sitúan en illas; a de Matute en Mallorca e a de Tejera en Tenerife, nas Illas Canarias. As dúas novelas foron escritas ao final do período chamado "realismo social" en España e presentan a guerra como un eco distante das propias experiencias xuvenís das novelistas e as dúas teñen como tema principal a perda do pai. A posibilidade de identificación da voz narrativa coa das autoras proporciona outro paralelismo entre ambos os traballos. A novela de Ana María Matute *Primera Memoria* (1960) foi traducida ao

inglés co título de *School of the Sun* (1963); a de Nivaria Tejera, *El barranco* (1959), apareceu publicada por primeira vez en francés en 1958 e a versión inglesa *The Ravine* (2007) é moi recente.

Schraibman non menciona máis autoras que tratasen o tema da Guerra Civil desde unha perspectiva adolescente ou infantil. É unha pena que obras como *Tristes armas* de Marina Mayoral ou tantas outras que se mencionan neste volume non tivesen a oportunidade de ver a luz en inglés para poder chegar a un maior número de estudosos da literatura da Guerra Civil española.

A Guerra Civil e a literatura xuvenil inglesa

A Guerra Civil española non tivo apenas repercusión na literatura infantil e xuvenil inglesa en xeral.

Un dos poucos libros que mencionan a Guerra Civil española e o fascismo non está catalogado como literatura xuvenil porque no momento da súa publicación, hai máis de corenta anos, posibelmente non podería ser así, pero hoxe en día doadamente se pode considerar parte desta se temos en conta que o argumento ten lugar nunha escola feminina de Edimburgo onde unha mestra selecciona un pequeno grupo de alumnas de dez anos ao que inculca as súas ideas morais e estéticas co obxectivo de evitarlles un futuro de rutina e vulgaridade. Podería considerarse un *bildungsroman* xa que nos conta a historia destas mozas até que rematan os seus estudos no centro aos dezasete anos. Non obstante, o personaxe principal é o da mestra e o relato dos seus mellores anos, aínda que visto desde a perspectiva das diferentes alumnas do grupo. O título do libro é *The Prime of Miss Brodie* (A plenitude da señorita Brodie), de Muriel Spark, da análise do cal nos ocupamos no apartado 10.14 do presente monográfico.

Bibliografía

King, Charles L. (1990), "Ramón Sender's Civil War", en J. Pérez y Wendell Aycock (eds.), *The Spanish Civil War in Literature*, Lubbock, Texas: Texas Tech University Press.

Matute, Ana Mª (1998), *Primera memoria*, Barcelona: Destino (1ª ed. 1959).

— (1991), *School of the Sun*, Aylesbury, Bucks: Quartet Encounters.

Mayoral, Marina (2001), *Tristes Armas*, Madrid: Anaya.

Meyers, Jeffrey (1990), "*For Whom the Bell Tolls* as Contemporary History", en J. Pérez y Wendell Aycock (eds.), *The Spanish Civil War in Literature*, Lubbock, Texas: Texas Tech University Press.

Orwell, G. (1966), *Homage to Catalonia and Looking Back on the Spanish War*, London: Penguin.

Pujals, E. (1965), "Poetas ingleses de entreguerras: El grupo de Oxford", en *Drama, pensamiento y poesía en la literatura inglesa*, Madrid: Rialp.

— (1959), *España y la guerra de 1936 en la poesía de Roy Campbell*, Madrid: Rialp.

Richards, Michael (1999), *Un tiempo de silencio*, Barcelona: Crítica.

Sender, Ramón J. (1982), *El rey y la reina*, Barcelona: Destino.

— (2002), *Réquiem por un campesino español*, Barcelona: Destino.

Schraibman, Joseph (1999), *Two Spanish Civil War Novels: A Woman's Perspective*, en J. Pérez y Wendell Aycock (eds.), *The Spanish Civil War in Literature*, Lubbock, Texas: Texas Tech University Press.

Symons, J. (1960), *The Thirties*, Londres.

Tejera, Nivaria (1989), *El Barranco*, Illas Canarias: Viceconsejería de Cultura y Deportes (1ª ed. 1959).

— (2007), *The Ravine*, Albany: Suny Press.

Watkings, K.W. (1963), *Britain Divided: The Effect of the Spanish Civil War on British Public Opinion*, London: Thomas Nelson and Son.

9. UNHA SELECCIÓN PARA A EDUCACIÓN LITERARIA

Presentamos nesta selección un total de setenta e tres obras da Literatura infantil e xuvenil do marco ibérico e doutros ámbitos lingüísticos que comparten o tratamento do tema da Guerra Civil española desde diferentes perspectivas e intereses.

Alfaya, An (2006), *A sombra descalza*, Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 2005, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, nº 92, 133 pp. (ISBN: 84-9782-426-1).

Alfaya, Javier (1996), *El año del milagro,* Madrid: Bruño, col. Paralelo cero, nº 11, 106 pp. (ISBN: 84-2162-860-7).

Alonso, Manuel Luis (1997), *Tiempo de nubes negras*, il. Jesús Gabán, Madrid: Anaya, col. Sopa de libros, nº 8, 86 pp. (ISBN: 84-2077-770-6).

Álvarez, Blanca (2005), *Palabras de Pan*, Zaragoza: Edelvives, col. Alandar, nº 69, 161 pp. (ISBN: 84-2635-919-1).

Álvarez, Blanca (2003), *Las fuentes del destino*, Madrid: Edelvives, col. Alandar, nº 37, 104 pp. (ISBN: 84-2635-164-6).

Anglada, Lola (1937), *El més petit de tots*, il. Lola Anglada i Sarriera, [Sabadell]: Comissariat de Propaganda de la Generalitat de Catalunya, 80 pp. / (2006), *7 llibres infantils editats pel Comissa-*

riat de Propaganda de la Generalitat de Catalunya, Barcelona: Generalitat de Catalunya (ISBN: 84-393-7275-2).

Atxaga, Bernardo (1991), *Behi euskaldun baten memoriak* (*Memorias dunha vaca*), Iruñea-Pamplona: Pamiela, col. Pamiela tamaina ttikia, nº 15, 180 pp. (ISBN: 84-7681-117-9).

Bosch, Lolita (2006), *Negra nit*, Barcelona: Editorial Columna, col. Columna jove, nº 218, 140 pp. (ISBN: 978-84-6640-712-0).

Cañizo, José Antonio (1994), *¡Canalla, traidor, morirás!,* Madrid: SM, col. El barco de vapor, serie roja, 106 pp. (ISBN: 84-3484-336-6).

Carbó, Joaquim (1997), *El cant de l'esparver*, il. José M. Lavarello, Barcelona: Cruïlla, col. El vaixell de vapor, sèrie vermella, nº 81, 158 pp. (ISBN: 84-8286-381-9).

Casas, Mariano (2001), *Escales d'una fuga*, Alzira: Bromera, col. Esguard, nº 2, 186 pp. (ISBN: 84-766-057-9-X).

Castro, Ferreira de (1950), *A Curva da Estrada*, Lisboa: Guimarães & Comp., col. Obras completas, nº 12, 320 pp. (sem ISBN) // (1975), "A Curva da Estrada", *in Obras de Ferreira de Castro – Vol. III*, Porto: Lello & Irmão, pp. 367-615 (sem ISBN).

Cebrián, Eloy (2003), *Bajo la fría luz de octubre*, Madrid: Alfaguara, serie roja, 203 pp. (ISBN: 84-2040-090-4).

Cela, Jaume (1999), *Silenci al cor*, Barcelona: Editors Associats/La Galera, 162 pp. (ISBN: 84-2460-541-1).

Cela, Jaume (2004), *El centaure*, Barcelona: La Galera, col. El corsari, nº 66, 100 pp. (ISBN: 84-2468-266-1)

Cela, Jaume (2007), *El temps que ens toca viure*, il. Javier Andrada. Barcelona: Cruïlla, col. El vaixell de vapor, sèrie vermella, nº 140, 143 pp. (ISBN: 978-84-6611-768-5).

Chamorro, Margot (1999), *Tempo rachado*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, 120 pp. (ISBN: 84-8302-377-6).

Cruz, Bento da (1992), *O Lobo Guerrilheiro*, Lisboa: Notícias, col. Obras de Bento da Cruz, 338 pp. (ISBN: 972-46-0568-X).

Díez, Luis Mateo (2000), *Lunas del Caribe*, il. Tino Gatagán, Madrid: Anaya, col. Sopa de libros, 2000, 60 pp. (ISBN: 84-667-0003-X).

Farias, Juan (1996), *Crónicas de Media Tarde*, il. Juan Ramón Alonso, Madrid: Gaviota, col. Trébol, 144 pp. (ISBN: 84-392-8082-3).

Fernández Paz, Agustín (2002), *Noite de voraces sombras*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 64, 165 pp. (ISBN: 84-8302-910-3).

Fernández Santos, Jesús (1986), *El viaje en el jardín,* il. Marina Seoane, Madrid: Anaya, col. Luna de papel, nº 3, 103 pp. (ISBN: 84-7525-354-7).

Fortún, Elena (1987), *Celia en la revolución*, prólogo de Marisol Dorao, il. Asun Balzola, Madrid: Aguilar, 304 pp. (ISBN: 84-03-46116-X).

Garcia Llorca, Antoni (2003), *El rei dels senglars*, il. Tha, Barcelona: Cruïlla, col. El vaixell de vapor, sèrie vermella, nº 121, 139 pp. (ISBN: 84-601-0700-2).

García Teijeiro, Antonio (1991), *A teima de Xan*, il. Pepe Carreiro, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Sotelo

Blanco infantil e xuvenil, serie Ordenador, 105 pp. (ISBN: 84-7824-087-X) // (2005), il. Fino Lorenzo, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 134, 115 pp. (ISBN: 84-8288-788-2).

Gómez Cerdá, Alfredo (2005), *Noche de alacranes*, Madrid: SM, col. Gran Angular, 252 pp. (ISBN: 84-348-4431-1).

Guerra, Álvaro (2002), *No Jardim das Paixões Extintas*, Lisboa: Dom Quixote, col. Autores de língua portuguesa, 223 pp. (ISBN: 972-20-2216-4).

Hernàndez, Pau Joan (1998), *L'ombra del Stuka*, Barcelona: Empúries, col. L'odissea, nº 98, 153 pp. (ISBN: 84-7596-568-7).

Hernández Chambers, Daniel (2006), *La ciudad gris*, Madrid: SM, col. Gran Angular, nº 259, 171 pp. (ISBN: 84-6750-872-8).

Izagirre, Koldo (1991), *Metxa esaten dioten agirretar baten ibili herrenak*, Donostia: Elkar, col. Branka, nº 5, 126 pp. (ISBN: 84-7529-950-4).

Letria, José Jorge (2000), *Campos de Lágrimas*, Porto: Ambar, col. Olhares críticos, 61 pp. (ISBN: 972-43-0386-1).

Llamazares, Julio (1985), *Luna de lobos*, Barcelona: Seix Barral, 153 pp. (ISBN: 84-3224-550-X).

Madaíl, Cremilde e Manuela Moniz **Lopes** (1996), *Os imbatíveis em Salamanca*, Porto: Civilização, col. Os imbatíveis, nº 2, 117 pp. (ISBN: 972-26-1207-7).

Mangas, Francisco Duarte (1993), *Diário de Link*, Lisboa: Teorema, col. Entre duas memórias, 87 pp. (ISBN: 972-695-198-4).

Marías, Fernando (2002), *La batalla de Matxitxako*, Madrid: Anaya, col. Senderos de la historia, 190 pp. (ISBN: 84-6671-574-6) // (2006), Madrid: Alianza, col. El libro de bolsillo, 215 pp. (ISBN: 84- 2065-828-6).

Marías, Fernando (2005), *Cielo abajo,* Madrid: Anaya, col. Espacio abierto, 209 pp. (ISBN: 84-6674-646-3).

Martínez Menchén, Antonio (1985), *Fosco,* il. Arcadio Lobato, Madrid: Alfaguara, col. Juvenil, nº 180, 102 pp. (ISBN: 84-2044-101-5).

Martínez Menchén, Antonio (1988), *El despertar de Tina,* il. Arcadio Lobato, Madrid: Alfaguara, col. Juvenil, nº 316, 109 pp. (ISBN: 84-2044-569-7).

Martínez Oca, Xosé Manuel (2002), *Todo o peso do ceo*, Vigo: Tambre, col. Catavento, nº 4, 133 pp. (ISBN: 84-263-4888-2).

Mayoral, Marina (1994), *Tristes armas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, nº 2, 141 pp. (ISBN: 84-7507-842-7).

Meabe, Miren Agur (2006), *Urtebete itsasargian* [Un ano no faro], Donostia: Elkar, col. Taupadak, nº 15, 132 pp. (ISBN: 84-9783-413-5).

Moutinho, José Viale (2000), *Los Moros: retábulo para uma novela*, Porto: Campo das Letras, col. Campo da literatura, nº 41, 134 pp. (ISBN: 972-610-263-4).

Moutinho, José Viale (2002), *Cenas da Vida de um Minotauro*, Lisboa: Âncora, col. Holograma, 125 pp. (ISBN: 972-780-090-4).

Moutinho, José Viale (2003), *Já os galos pretos cantam*, Lisboa: Caminho, col. O campo da palabra, 118 pp. (ISBN: 972-21-1573-1).

Moutinho, José Viale (2003), *Trincheiras*, Vila Nova de Gaia: Ausência, col. Contra o esquecimento, nº 2, 137 pp. (ISBN: 989-553-026-9).

Moutinho, José Viale (2007), *Histórias do Tempo da Outra Senhora*, Lisboa: Esfera do Caos (ISBN: 978-989-8025-25-8).

Moutinho, José Viale (2004), *Nas cinzas do Inferno*, Vila Nova de Gaia: Ausência, 172 pp. (ISBN: 978-989-5531-19-6).

Neira Vilas, Xosé (1978), *O ciclo do neno (Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo*, *Aqueles anos do Moncho)*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Madrid: Akal, col. Arealonga, nº 29, 328 pp. (ISBN: 84-7339-356-2).

Neuschäfer-Carlón, Mercedes (1986), *La acera rota*, Barcelona: Juan Granica, col. Moby Dick. Narrativa, nº 164, 223 pp. (ISBN: 84- 75771238) // (1990), Madrid: Montena, 185 pp. (ISBN: 84- 3971-723-7) // (1995), Oviedo: Gea, 1995, 219 pp. (ISBN: 84-8807-129-9).

Obiols, Oriol (1937), *Auca del noi català, antifeixista i humà*, Barcelona: Edició del Comissariat de Propaganda de la Generalitat de Catalunya, 54 pp. // (2006), *7 llibres infantils editats pel Comissariat de Propaganda de la Generalitat de Catalunya*, Barcelona: Generalitat de Catalunya (ISBN: 84-393-7275-2).

Pacheco, Fernando Assis (1993), *Trabalhos e paixões de Benito Prada: galego da província de Ourense, que veio a Portugal ganhar a vida*, Porto: ASA, col. Finisterra, 240 pp. (ISBN: 972-41-1299-3).

Pascual, Emilio (2003), *El fantasma anidó bajo el alero*, il. Javier Serrano, Madrid: Anaya, 208 pp. (ISBN 84-667-2721-3).

Pelgrom, Els (1989), *De Eikelvreters*, Amsterdam: Querido, 208 pp. (ISBN: 90-214-7832-3).

Perozo, Xosé Antonio (2004), *Caderno de Riparia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, nº 77, 136 pp. (ISBN: 84-9782-177-7).

Pons, Pere (2005), *La cova del torrent*, il. Pablo Auladell, Barcelona: Cruïlla, col. El vaixell de vapor, sèrie vermella, nº 131, 224 pp. (ISBN: 84-661-1116-6).

Portell, Joan (2007), *Fill de rojo*, il. Ignasi Blanch, Barcelona: Tantágora, col. La guerra dels grans, nº 2, 32 pp. (ISBN: 978-84-611-9976-1).

Puente, Luis Antonio y Fernando **Lalana** (1989), *Hubo una vez otra guerra*, Madrid: SM, col. Gran angular, nº 95, 207 pp. (ISBN: 84-3482-740-9).

Rayó i Ferrer, Miquel (2000), *El camí del far*, il. Mercè Aranega, Barcelona: Edebé, col. Tucán, nº 81, 114 pp. (ISBN: 84-236-5534-2).

Rewald, Ruth (1987), *Vier spanische Jungen* [Cuatro muchachos españoles], Köln: Reihe Röderberg Pahl-Rugenstein Verlag GmbH, 191 pp. (ISBN: 978-38-7682-838-1).

Rivas, Manuel (2005), *A lingua das bolboretas*, il. Miguelanxo Prado, Vigo: Galaxia, 34 pp. (ISBN: 84-8288-874-9).

Ros, Roser (2007), *Els tres tambors*, il. Sílvia Cabestany, Barcelona: Tantágora, col. La guerra dels grans, nº 1, 32 pp. (ISBN: 978-84-611-9975-4).

Saramago, José (1984), *O Ano da Morte de Ricardo Reis*, Lisboa: Caminho, col. O campo da palabra, 415 pp. (ISBN: 978-972-21-0286-5).

Seabra, Manuel (1972), *Terra de Ninguém*, Lisboa: Futura, col. Nova visão, nº 12, 175 pp. (sem ISBN).

Sena, Jorge de (1979), *Sinais de Fogo*, Lisboa: Edições 70, 527 pp. (sem ISBN).

Spark, Muriel (1961), *The Prime of Miss Jean Brodie*, London: Macmillan // (2006), *La plenitud de la señorita Brodie*, trad. Silvia Barbero, Valencia: Pre-Textos, col. Contemporánea, nº 41, 173 pp. (ISBN: 84-8191-752-4).

Tabucchi, António (1994), *Afirma Pereira: um testemunho*, trad. José Lima, Lisboa: Quetzal, col. Serpente emplumada, 209 pp. (ISBN: 972-564-186-8).

Tavares, Miguel Sousa (2007), *Rio das Flores*, Lisboa: Oficina do Livro, col. Ficção Terra, 640 pp. (ISBN: 978-98-9555-318-1).

Tiago, Manuel (1997), *A Casa de Eulália*, Lisboa: Avante, col. Resistência, 208 pp. (ISBN: 972-550-258-2).

Torga, Miguel (1939), *A Criação do Mundo: o Quarto Dia*, Coimbra: edição do autor (sem ISBN).

Ventura, Mário (1985), *Vida e morte dos Santiagos*, Lisboa: Dom Quixote, col. Autores de língua portuguesa, 439 pp. (sem ISBN).

Vergés, Oriol (1998), *1938, viure i morir sota les bombes*, Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat, col. Les Arrels, nº 23, 110 pp. (ISBN: 84-7826-914-2).

Zubizarreta, Patxi (1993), *Emakume sugearen misterioa*, il. Antton Olariaga, Irun: Alberdania, col. Osinberde saila, 70 pp. (ISBN: 84-88669-06-2).

Zubizarreta, Patxi (1994), *1948ko uda*, Arrigorriaga: SM, col. Baporea, Gorria, nº 13, 112 pp. (ISBN: 84-348-4305-6).

10. COMENTARIOS PARA A FORMACIÓN LECTORA

Coa finalidade de axudar aos mediadores e mediadoras no seu labor de educar literaria e artisticamente e para ofrecerlles estratexias de aproximación á hora de utilizar lecturas que tratan a Guerra Civil española, ofrécense neste apartado un total de dezaseis comentarios: catorce deles centrados en narracións escritas nas cinco linguas do ámbito ibérico e dous en relatos do ámbito alemán e inglés. Todas as obras foron elixidas entre os títulos que se inclúen na selección xeral que se ofrece neste volume. Os comentarios ordenáronse alfabeticamente a partir dos apelidos dos autores das obras.



10.1. A silenciosa subversión do universo feminino como consecuencia da Guerra Civil: *A sombra descalza*[65], de An Alfaya

Eulalia Agrelo Costas
(Universidade de Deusto/Deustuko Unibertsitatea)
Isabel Mociño González
(Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea)

Resumo: Nacida nunha familia na que seguen pesando as fragmentacións provocadas pola Guerra Civil española, Elsa é unha adolescente que trata de comprender as causas do sufrimento dos que a rodean. Na súa descuberta da vida e do mundo busca as respostas a situacións de sometemento, marxinación e silencio que viven as mulleres da casa, especialmente, a tía avoa Sagrario, pero tamén a tía Florinda e mesmo a súa propia nai, Esperanza.

Summary: Born in a family in which the divisions caused by the Spanish Civil War are still being felt, Elsa, a teenage girl, tries to

65. Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 2005, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de xogo, nº 92, [mocidade], marzo 2006, 133 pp. (ISBN: 84-9782-426-1).

understand the reasons of all the suffering she sees in the people around her. In her discovery of the life and the world which surrounds her, she looks for an answer to several situations of subjection, margination and silence in which housewives live, not only her aunt-grandmother Sagrario, but also aunt Florinda and even her own mother, Esperanza.

Palabras chave: Guerra Civil, iniciación, universo feminino.

Key words: Civil War, Initiation, Femenine Universe.

No corpus de obras do sistema literario infantil e xuvenil galego que achegan ao lectorado novo as traumáticas consecuencias dos conflitos bélicos, consideramos que esta novela de An Alfaya[66] (Vigo, 1964) merece toda a nosa atención. Trátase dunha obra que foi galardoada co Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil no ano 2005 e que viu a luz ao ano seguinte, no que tamén foi recoñecida co Premio Neira Vilas e incluída nos White Ravens. Todos estes premios veñen, dalgún xeito, a recoñecer a súa calidade literaria, pero tamén a innovación temática que, en certo modo, leva á literatura de fronteira o tratamento da Guerra Civil española e as súas consecuencias, como nos últimos anos teñen feito autores como Antonio García Teijeiro con *A teima de Xan* (1991, 2005) ou Agustín Fernández Paz, con *Noite de voraces sombras* (2002) e *Corredores de sombra* (2006).

66. Autora que, malia a súa xuventude, conta cunha dilatada traxectoria, iniciada en 1993 coa publicación d'*O maquinista Antón*, peza de teatro que merecera o Primeiro premio da Mostra de Teatro Infantil "Xeración Nós" en 1991, e que logo foi continuada con outros títulos como *¡Sireno, Sireno!* (Premio Merlín de Literatura infantil 1997), *Down* (2001) ou *Unha xanela para Cecilia* (2005), ata completar máis dunha ducia de obras dirixidas aos máis novos, como se pode observar en Blanca-Ana Roig Rechou (coord., 2006), *Produción da literatura infantil e xuvenil en galego*, en http://www.usc.es/lijmi/ e en http://web.usc.es/~fgroig/publicacions_rede.htm.

A sombra descalza é unha novela publicada nunha colección de fronteira, que achega ao potencial lectorado adolescente unha parte da historia recente de España, que moitas veces queda esquecida ou é ignorada, silenciando uns acontecementos históricos que están a condicionar aínda a vida actual de familias como a de Elsa, a adolescente protagonista da obra. Uns feitos que é necesario coñecer, tratar e comprender, tamén desde a actualidade, para lograr un mellor entendemento naquelas familias con membros nos dous bandos e para rematar cunha parte da sociedade aínda resentida en pleno século XXI.

Ao longo de trinta e un capítulos breves, sen titular, nárranse as circunstancias persoais e as relacións, principalmente, de Xuliano Contreras e Amadora cos seus fillos Fernando e Florinda, a súa nora Esperanza e a filla adolescente desta e Fernando, Elsa, ademais da irmá de Amadora e, polo tanto, tía avoa de Elsa, Sagrario. A tensión familiar parte do enfrontamento que se deu na aldea entre os que apoiaron ao bando republicano e os que se puxeron a carón das tropas nacionais. Este é o motivo polo que Xuliano detesta á familia da súa nora Esperanza, que se puxeron do lado dos sublevados e que considera que viviron "a expensas doutros igual ca piollos, traizoando o único que non debe traizoar ninguén: os ideais" (p. 19). Deste momento parte tamén o rexeitamento de Sagrario, á que, pese a amar intensamente desde a prohibición, condena á marxinalidade dentro da familia, amparándose no feito de ter posto os zapatos dunha moza asasinada polos nacionais durante a contenda.

Esta familia representa a fragmentación da sociedade en dous bandos –vencedores e vencidos–, que no momento actual se converte, paradoxalmente, nunha correlación de forzas inversas, pois no núcleo familiar aqueles que por algún motivo estaban relacionados cos vencedores da contenda bélica, agora son os vencidos e silenciados (Sagrario e Esperanza), mentres que os que entón foran vítimas, agora exercen o poder e o sometemento (Xuliano e Amadora). Isto provoca que na casa se viva un "mundo escuro" (p. 15), que marca a vida de Elsa desde a súa xélida infancia e non lle permita ilusio-

narse co futuro, como sería de esperar nunha rapaza da súa idade, en plena década dos oitenta, ao facer medrar dentro de si "o xermolo da angustia" (p. 15) e o sentimento de culpa. Pero tamén lle están a roubar o presente, como a súa propia nai advirte, ao observar a actitude dos avós ante a vida, pois entende que "A unha nena pódeselle quitar case todo, menos as ilusións" (p. 15).

Con dezaseis anos acabados de cumprir, Elsa vai adquirindo cada día máis conciencia de que na súa familia existen moitos silencios, culpas e rexeitamentos que provocan grandes tensións internas. Sospeita que detrás disto hai demasiados segredos e feitos agochados, que planan, como unha ameaza permanente, sobre o ambiente e condicionan a vida de todos. De feito, coa morte de Sagrario decátase dun gran paradoxo: unha muller que viviu sempre descalza aparece no cadaleito calzada cuns bonitos zapatos de veludo verde. Esta contradición esperta nela as ansias de saber máis, de ir conformando unha imaxe máis clara do mundo que a rodea e tamén das persoas do seu contorno. Por iso, só coa súa insistencia e empeño en coñecer a verdade chegará a descubrir que todos gardan algún segredo, que dun xeito ou doutro, a súa familia segue padecendo as consecuencias dun enfrontamento bélico que deixou demasiadas feridas abertas e que os zapatos da tía Sagrario son algo máis que un complemento, pois convértense en símbolos que "representaban a soidade dunha muller castigada polos seus" (p. 109) ao ostracismo total, e incluso, igual que as persoas, agochan segredos: as cartas do amor prohibido de xuventude da súa tía Florinda, condenada a casar cun home que non ama por "Alianzas doutros tempos" (p. 51).

De todos modos, a presenza da guerra e as súas consecuencias comezan sendo na vida de Elsa unha evocación dos avós a un tempo distante, especialmente relacionado coa fame e a enfermidade. Testemuña das conversas entre os adultos da familia, a moza observa como "Fame e guerra constituían dous vocábulos que coincidían na linguaxe dos avós" (p. 12), Xuliano máis proclive a referirse á primeira "porque participara de xeito activo no bando republicano" (p. 12), mentres que a avoa Amadora

> adoitaba acudir á palabra fame como unha exhalación, e mentres a pronunciaba os seus ollos fuxían cara ao fumegante prato (…). Elsa descubría na ollada da avoa unha chispa de avidez onde brillaban faíscas de dor. A fame doutra época fora tan devastadora que con frecuencia á palabra guerra se lle unía outra, enfermidade, moitas veces acompañada dun cruel adxectivo: incurable (pp. 12-13).

Esta actitude dos seus devanceiros condiciona a súa vida e condénaa a vivir nun ambiente resentido e cheo de evocacións dolorosas do pasado, que comezan a facerse máis palpábeis a medida que se van poñendo ao descuberto aqueles segredos máis agochados de todos os membros da familia. Así, coñece que os seus avós desprezan a súa nai por vir dunha familia que, segundo eles, se vendera para sobrevivir ás miserias da guerra e abandonara os seus ideais, apoiando o bando nacional, "algúns membros por convición, e outros por matar a fame e o medo" (p. 19). Deste xeito, que Fernando se atrevese a casar con Esperanza "supuxera un desafío aos principios de Xuliano Contreras, quen tras o enfrontamento co fillo non lle dirixira a palabra durante anos" (p. 19-20), até o nacemento da neta. Aínda así, a situación do matrimonio dentro da casa presenta sempre trazos de moita debilidade, someténdoos constantemente ao criterio dos patrucios, pois, aínda que Fernando non aprobe o parecer e a actitude dos pais, non se enfronta á situación e mostra a súa debilidade ao acatar o estabelecido por eles:

> Elsa pensaba que á súa nai lle abondaba cunha caída de ollos, cun aceno ou cunha actitude significativa dos sogros, para que cedese ante as súas ordes tácitas. En cambio o seu pai era distinto. Fernando Contreras non aceptaba de bo grado as imposicións. Era un home instruído que por mor das circunstancias se vira na obriga de sacar adiante a familia cun traballo que non estaba á súa altura (p. 19).

Por outra parte, a medida que Elsa indaga no motivo que levara a Sagrario á marxinalidade e ao ostracismo, tamén descobre o amor secreto que ten Florinda e a farsa que supón o seu matrimonio co rico empresario Bieito, ao que fora "vendida" polos pais para saldar unhas contas pendentes. Deste xeito, compón pouco a pouco o retrato do seu universo familiar e Elsa advirte que na casa

> se sementaran moitas coitas que seguían deambulando polo ambiente nos ollos das mulleres que a habitaron ou que aínda vivían nela. Dende a avoa Amadora, que chorou os mortos da guerra e culpou os vivos de seguir existindo, ata Sagrario, que sufriu enterrada en vida por cometer un inocente pecado; pasando por Florinda, a quen lle roubaron o amor deixándoa seca, ata a súa nai Esperanza, que sentiu nas súas carnes todo o rancor do avó Xuliano por casar con Fernando, vindo de onde viña (p. 108).

Neste proceso de descuberta e maduración, a súa busca de respostas provoca que a situación mude, pois un feito aparentemente anecdótico como a súa presión por ventilar o cuarto de Sagrario, despois da súa morte, provoca tensións e enfrontamentos entre pais e fillos. En realidade, o interese da moza é coñecer un espazo vedado para ela, no cal agarda obter respostas a moitas verdades que aínda non foron "ventiladas" e que permanecen agochadas e silenciadas desde hai anos. Neste intre os que até entón calaran e se someteran, como é o caso de Florinda, arrepóñense e enfróntanse con contundencia aos seus verdugos e precipitan o cambio. Así, ao caer enfermo o avó Xuliano e entregarse totalmente ao seu coidado a avoa Amadora, Esperanza e Florinda comezan a desempeñar uns roles que até entón lles estaban prohibidos, a ocupar espazos vedados. Entón é cando Elsa se decata de que "…os papeis mudaran. Ela sempre vira a avoa como a forte da familia, e á súa nai como a débil. Sen sabelo Xuliano fixera que o poder tornara de mans" (pp. 91-92).

Un universo feminino

Desde o inicio, esta obra, ademais de tratar as consecuencias dos conflitos bélicos, tamén presenta trazos de grande interese para que o mediador poida traballar co lectorado agardado a análise do papel que a muller ten desenvolvido en diferentes etapas históricas e estamentos da sociedade e, neste caso concreto, en períodos de guerra. De feito, a propia dedicatoria da novela sitúa ao lector na liña da temática abordada, pois nela consta que está dedicada "Ás mulleres de ollada asolagada que calaron segredos e hoxe falan". Parece que a autora quere

darlles voz a aquelas que tiveron que gardar silencio, marxinadas, ben polas súas ideas, ben polas súas propias situacións familiares. Estas voces son na obra as de Sagrario, Florinda e Esperanza, que forman parte do retrato dun complexo universo feminino, no que queda patente o papel dominante de Amadora, matrona dunha estirpe que sofre e agoniza baixo o seu mando, pois ante ela

> Esperanza era outra sombra na casa, igual que Florinda ata casar, e Sagrario ata o intre da súa morte. Cada unha ao seu xeito, vivían sometidas á presión que exercía sobre elas a ollada inquisidora de Amadora (…), consumidas nas súas culpas.
> A culpa de Esperanza fora nacer baixo un teito de pensamento fascista; a súa coita redimiríaa selando a boca puntada a puntada sen emitir un vocábulo máis alto có outro ante os sogros. A culpa de Florinda fora casar por obriga cun home ao que non amaba; a súa coita, converterse nunha femia seca de por vida. A culpa de Sagrario fora calzar uns zapatos equivocados nun intre inoportuno; a súa coita, vagar como unha sombra descalza pola vivenda (p. 24).

As tres sofren en silencio, aínda que é Sagrario a que se converte na presenza máis enigmática, unha sombra que encarna a penitencia por unha culpa non confesada pero coñecida por algúns e desvelada finalmente. É como un ser invisíbel, anulada e ignorada, unha presenza que

> deambulaba pola casa como unha pantasma, entraba na cociña cando xa todos remataran o almorzo, o xantar ou a cea, e tomaba asento nun curruncho á espera de que Amadora lle servise nunha cunca as sobras, como se fose unha cadela. Permanecía calada, e logo erguíase e pechábase no seu cuarto arrastrando os pés, esquivando as olladas no corredor, procurando non bater con ninguén (p. 16)

Esta figura feminina aparece cargada de simbolismo, pois, pese a non presenciarmos ningunha escena na que interveña con ningún outro personaxe, só coa súa presenza mantén acesos os escuros capítulos da familia e as feridas abertas por eles. De feito, para os avós supón, ante a sociedade, o "sacrilexio cara á memoria dos caídos" (p. 23), pero tamén as culpas non confesadas da infidelidade, e para Elsa representa

> todos os segredos que selaban as bocas dos avós, máis aínda cando o seu andar era silandeiro, non só polo avance do seu corpo feble e o seu paso moderado, debuxando un reptar de gueixa, senón porque camiñaba descalza (…) vivía illada do resto da familia, á marxe das súas vidas (pp. 16-17).

Non obstante, esta situación de aparente desamparo agocha complicidades que pouco a pouco se van poñendo ao descuberto. Estas mulleres, sometidas a unha situación de inferioridade, procuran desde a submisión formas de fortalecerse e axudarse mutuamente, o que se converte nun modo de resistencia pactada desde o silencio. Así, primeiro Sagrario é cómplice da súa sobriña, á que lle agocha as cartas que recibe do seu amor desde América. Despois, Esperanza confésalle a Florinda que coñece o seu segredo e os xestos de cariño denotan proximidade, o que non lle pasa desapercibido a Amadora, a quen lle pareceu "intuír que entre a filla e a nora había sintonía" (p. 105) e, ao interrogalas, "Esperanza e Florinda asentiron cómplices, compartindo silencio, sentíndose partícipes dun pasado escuro" (p. 105). Fronte a elas, a que observa esa complicidade e ostenta o poder, Amadora, é unha muller soa que sofre profundamente. Pero a súa fortaleza lévaa a manter o silencio até o final da vida de Xuliano, ao que lle confesa xa morto que era coñecedora da súa traizón con Sagrario:

> quíxente tanto que preferín estar cega a pechar a porta das túas andanzas fóra da casa, pero nunca pensei que te atreverías con Sagrario… Si, pode que penses que eu o ignoraba, pero sabíao… Eran malos tempos aqueles, e ela ocupábase dos nenos mentres eu ía na procura do sustento (p. 131).

Todas elas, son mulleres apaixonadas e entregadas, que aman por enriba de todo, mesmo culpabilizando a outros antes que renunciar ao seu amor. Por el aguantan a humillación e acatan o sometemento até límites insospeitados. Por iso, Amadora ao descubrir a traizón de Xuliano con Sagrario decide non culpalo e confesa:

> Canto chorei! Pero calei. Non te culpei. Sempre atopei unha escusa para responsabilizar de todo a Sagrario. Pensei que a súa aparente inocencia só era unha carauta, un disfrace para apartarte de min… e ademais estaban os

> nenos… Enmudecín esperando a miña vinganza. E chegou… (…) aqueles zapatos deillos eu a Sagrario, eu quiteillos á morta!, eu entregueillos á miña irmá e fíxenlle prometer que contaría a versión que a min me interesaba, porque sabía que por enriba do amor que puideses ter por ela, estaba o rancor que sentías polos outros… ela obedeceume como unha ovelliña, ela sabía que eu sabía… (p. 132).

No entanto, o paso dos anos e a experiencia acaban demostrando que a vinganza non é boa conselleira e se volve en contra de todos, pois como admite Amadora: "sufriu ela [Sagrario], sufriches ti [Xuliano], sufriron os nosos fillos… sufrimos todos. A nosa foi unha vida de escuridade…" (p. 133).

Finalmente, coa morte de Xuliano e co coñecemento de moitos dos segredos da familia gardados durante tantos anos, Elsa quere que muden os aires dentro da casa e dos seus habitantes, pois busca deixar atrás ese pasado escuro e está "disposta a abrir as xanelas, ventilar os malos agoiros e que o aire fresco entrase na casa" (p. 133). Deste xeito, quere ser o motor do cambio, un elo de unión e de perdón, como xa fora no momento do seu nacemento, que permitira reconciliar, en certo modo, a seu pai cos avós. No entanto, parece que é preciso máis tempo, que as feridas da guerra e das persoas que a viviron foron demasiado profundas como para deixalas atrás coa morte física ou a evolución emocional de parte dos involucrados. Dalgunha maneira segue quedando no aire a pregunta que Elsa se fai a si mesma ao decatarse de que "era a última muller da estirpe dos Contreras Soler e asaltouna unha terrible pregunta, tamén ela tiña coitas á espera?" (p. 108), como ocorrera con todas as mulleres da familia.

Esta incógnita dálle pleno sentido á definición que Amadora fai da guerra, que devora todo ao seu paso e condiciona a vida dos que a viviron e, moitas veces, dos seus descendentes:

> A guerra é unha femia maldita que casa coa morte. Con ela trae desgrazas e converte as persoas en alimañas. Son poucos os que poden afirmar que non se deixaron arrastrar pola súa tiranía e cometeron actos dos que logo quixeron arrepentirse… Custa moito erguer a cabeza cando as rémoras pesan tanto… (p. 13).

Unha lectura fílmica

Os fíos que lle dan corpo ao tecido desta novela de guerra, amores, silencios e revelacións son manexados por un narrador omnisciente, que deseña en cada un dos breves capítulos unha escena de marcado carácter fílmico. Cada un dos capítulos adoita decorrer nun espazo único, que apenas é descrito, pero que pode ser intuído a partir das escasas descricións ofrecidas pola voz narrativa e as accións que nel desempeñan os personaxes, que tamén se configuran a partir destas mesmas técnicas e as súas intervencións dialogadas cargadas de significado. Por outra parte, esa concepción fílmica evidénciase na presentación dos diferentes nós argumentais da historia, pois en cada capítulo todos os seus compoñentes orbitan ao redor dun feito central, que atrae fortemente a atención do lector, que se ve cada vez máis engulido polos sucesos narrados. Sucesos que son dosificados con tanta habilidade, que provoca que as últimas liñas dun capítulo sexan lidas con gran voracidade, porque se sabe que no seguinte van ser desveladas algunhas das incógnitas formuladas, o que alimenta aínda máis a apetencia por acelerar o ritmo da lectura para chegar rapidamente ao final da trama e coñecer a súa resolución.

En coherencia coa recreación tan segmentada dos escenarios, feitos e personaxes de cada un dos episodios, que se aglutinan ao redor dun núcleo común e son visualizados desde o único foco dunha cámara, ao modo dunha escena fílmica, a estrutura, recursos e estilo narrativos e a súa linguaxe destacan pola súa sinxeleza, que non pola súa simpleza. Detrás dunha sintaxe sen complexidades e dun léxico común, que poderían dar unha sensación de pobreza ou escasa elaboración, agóchase un traballo de ardua reelaboración e escolla, que se evidencia na sonoridade da lectura en voz alta ou na súa capacidade de atracción e de evocación para facernos sentir a forza e dureza do vello matrimonio ou a "friaxe", que tantas veces é recreada e suxerida.

A articulación tan definida de cada un dos capítulos, que tamén nos fai lembrar as novelas por entregas moi de moda no século XIX,

a constante suxestión e nula descrición exhaustiva, a permanente intriga, a escrita fluída e, nomeadamente, o protagonismo de Elsa están xustificados polo lector meta, xa que estes son ingredientes moi do seu gusto e garanten, de entrada, un certo éxito entre ese público lector. Alén diso, ese lector mozo non é asumido como un mero espectador, pois a ausencia de descricións ou comentarios excesivamente explícitos provocan que adopte unha participación máis activa e sexa peza clave para encher os baleiros existentes. De modo que a novela poida ser articulada no seu conxunto, dando resultados dispares de acordo co exercicio realizado por cada lector. Esta adecuación a un determinado tipo de lector, que posibelmente veña dada por ser concibida a obra para concorrer a un premio literario xuvenil, desvalorízaa, en certo modo, ante un lector adulto máis avezado, que a pode considerar feble no que á trama e estrutura narrativa se refire, por estar acostumado a lecturas dunha maior densidade.

Trátase, pois, dunha obra atractiva para un lectorado xuvenil que, ademais de facer pracenteiro o tempo de lectura para os xa habituados a ler, pode alentar a aqueles máis preguiceiros neste hábito tan recomendábel para calquera idade. Así mesmo, son múltiples as reflexións que poden xurdir a nivel persoal ou por grupo, de tratarse a novela na aula, sobre as nefastas consecuencias que poden carrexar os conflitos bélicos e que poden afectar a sucesivas xeracións: odio, rancor, vinganza, silencio, medo... Todos eles sentimentos negativos que foron alimentando a familia de Elsa desde os tempos da avoa, nos que se comía pan untado "con graxa de porco, manteiga ou touciño derretido", até os de Elsa, nos que xa "adozaba a boca con chocolate" (p. 11).

Compróbase, pois, como a defensa férrea e atemporal dunha ideoloxía, a incomprensión e a falta de vontade para perdoar poden levar a unha familia, en particular, e a unha sociedade, en xeral, cara a unha convivencia asfixiante, daniña e dolorosa. Elsa procura a resposta a moitas actitudes, comportamentos e relacións do seu ámbito familiar, o que leva a parte dos seus membros a revivir o seu pasado e a entender a inutilidade dos seus esforzos por manter vellas xenrei-

ras e supeditarse a un insensato ditame masculino. Coa morte de Sagrario, a enfermidade de Xuliano e as ausencias de Amadora por entregarse ao coidado deste, a casa abre as súas ventás para que se anove o aire e, de forma figurada, tamén a vida dos seus habitantes. A dura e ferinte catarse que se dá, especialmente, nas figuras femininas lévaas a adoptar novos roles no círculo familiar moito máis axustados á realidade social do momento, aínda que parece que todo vai devagar e é necesario máis tempo. En todo ese duro proceso rexenerativo foi moi importante o papel adoptado por Elsa, quen debe superar todo o acontecido e estar alerta se non quere condicionar o seu futuro e que parte da historia se volva repetir a través de súa tía Florinda que, despois de ser rexeitada polo marido e coñecer que o seu grande amor da xuventude morrera en Bos Aires, "avanzaba polo corredor coa mesma indumentaria que noutro tempo vestira Sagrario. A súa sombra descalza encheuna de friaxe" (p. 133).

10.2. Una vaca amiga de los maquis. A propósito de *Memorias de una vaca*[67], de Bernardo Atxaga

Mari Jose Olaziregi
(Universidad del País Vasco-University of Nevada, Reno)

Resumen: El artículo se inicia con las afirmaciones del escritor vasco Bernardo Atxaga en torno a los objetivos que persiguió con la publicación de *Memorias de una vaca* (1992). A continuación, se describen las características argumentales y cronotópicas del texto, así como sus peculiaridades intertextuales. Consideraciones en torno a la relevancia que la Guerra Civil española tiene en el texto y a la sugerente recreación que se realiza de la lucha de los maquis completan el análisis.

Summary: The article initiates with the assertions of the Basque writer Bernardo Atxaga concerning the objectives pretended with the publication of *Memories of a Cow* (1992). Then, the chronoto-

67. La edición de *Memorias de una vaca* que utilizaremos será la decimocuarta: Madrid: SM, 1997. Traducida del original euskera, *Behi euskaldun baten memoriak*, por Arantzazu Sabán.

pical and argumentative characteristics of the text are described, along with its intertextual peculiarities. Considerations referring the relevance of the Spanish Civil War in the text and the evocative recreation that takes place in the struggle of the Spanish Partisan Guerrillas complete the analysis.

Palabras clave: Literatura vasca, Crítica literaria, Guerra Civil.

Key words: Basque Literature, Literary Criticism, Civil War.

En los tiempos sombríos
¿se cantará también?
También se cantará
Sobre los tiempos sombríos.
Bertold Brecht[68]

Para comenzar: una pregunta al autor, Bernardo Atxaga

M.J. Olaziregi: Primo Levi en su conocido *Se questo 'e un uomo* comenta que "la necesidad de contar a los demás, de hacer participar a los demás, había adquirido en nosotros (…) la violencia de un impulso inmediato tan imperativo como las demás necesidades elementales. En *Memorias de una vaca* hablas de los guerrilleros que siguieron combatiendo tras la Guerra Civil escondidos en los montes. En *El hijo del acordeonista*, el bombardeo de Gernica se constituye en eje temático-simbólico alrededor del cual organizas la trama. ¿Qué razones te han llevado a la utilización de la Guerra Civil española y la posguerra para la creación de tus últimas obras?

B. Atxaga: Primero fue el presente, y luego la recuperación de ciertos recuerdos, de ciertas vivencias. Quiero decir que a mí me interesaba mi vida y la de mis hermanos o amigos, que en aquel entonces, fina-

68. Poema que sirve de epígrafe al guión de la película *Silencio roto*, de Montxo Armendáriz (Madrid: Oria Films-Ocho y Medio, Libros de Cine, 2001).

les de los sesenta y principios de los setenta, era extremadamente intensa. Por ejemplo, mis dos hermanos fueron a la cárcel en 1972. En una situación así no cabe la distancia larga. No cabe decir "voy a contar la historia de los que hicieron la guerra". Curiosamente, tampoco cabe decir lo contrario, "voy a contar lo que estoy viviendo". Yo al menos no lo pude hacer. Lo que hice fue "traducir" aquella situación, y de ahí surgieron los poemas de *Etiopia*[69] y sobre todo *Ziutateaz* [A cerca de la ciudad][70]. En este texto, por ejemplo, se narra el desarrollo de una tortura. Pero la clave no es realista. La clave es fantástica, alegórica al estilo del teatro de Alfred Jarry. En realidad, no había otra salida. La vía realista era sencillamente imposible. No hay que olvidar que eran los años en que se prohibía la representación de obras como la de Arthur Miller, *Muerte de un viajante*.

Puedo contar una anécdota que ilustra lo que acabo de contar. Yo había leído bastantes novelas de la Guerra Civil, pero no me habían afectado. Sin embargo, un día cayó en mis manos la novela de Jose de Arteche, *El abrazo de los muertos* (1970). Al contrario que las otras, hablaba del País Vasco. Yo sabía que Arteche, a quien veía en la biblioteca de la Diputación de Gipuzkoa hablando con el escultor Jorge Oteiza, se había pasado a los nacionales nada más comenzar la guerra, y empecé la lectura a la contra. Pasaron los días y la cosa fue a peor. La novela se me hacía insoportable. Llegué al capítulo donde se habla del fusilamiento de un *gudari*[71] llamado Serapio, y ya no pude más. Estaba leyendo el libro en el balcón de casa, sobre

69. Libro de poemas que no ha sido traducido en su integridad al castellano. Se trata de un poemario de corte postvanguardista y tono pesimista, expresionista diríamos. La publicación del poemario *Etiopia* (1978) marcó un hito importante en el desarrollo de la poesía vasca moderna. Se trata de un collage de libros de narraciones y poemas, organizados en una estructura circular. Vemos que lo que en realidad se vislumbra en *Etiopia* es el hastío poético que precedió al fin de la modernidad. Atxaga trata de subvertir el lenguaje poético viciado y nos anuncia la llegada de vagones llenos de silencio que luchan contra los sustantivos y adverbios (cf. "Crónica parcial de los 70"). Algunos de los poemas del libro fueron incluidos en el siguiente poemario de Atxaga, *Poemas & Hïbridos*, Visor, 1990.

70. No traducido al castellano.

71. *Gudari* significa "combatiente, soldado" en euskera. Se les conoce con ese nombre a los soldados del ejército vasco que lucharon en la Guerra Civil.

el río Oria. Me levanté y tiré el libro lo más lejos posible, al agua. ¿La razón? Pues que lo estaba leyendo desde el presente, y para mí no había diferencias entre Serapio y muchas personas que lucharon contra la represión franquista en la década de los 60-70. No he vuelto a leer la novela, pero sé que fui injusto y que, probablemente, mi lectura fue sectaria. Me hace pensar en ello la opinión del escritor Joseba Sarrionandia. Para él, *El abrazo de los muertos* es la mejor novela jamás escrita sobre la guerra.

De todos modos, yo nunca habría escrito sobre el asunto de no haber tenido noticia del *maquis.* Pero en un pueblo de Santander compré un libro de historia local que hablaba del Juanin, de Bedoya, y la vida de aquellos *desperados* me impresionó mucho. Para remate, conocí en Bilbao a un albañil que era pariente de otro miembro famoso del maquis, concretamente del que llamaban "Cariñoso", y de ahí surgió, al menos en parte, *Memorias de una vaca*. Pero, insisto, lo que me preocupaba era el presente, lo que yo había vivido, la situación del País Vasco a finales de los sesenta y a principios de los setenta. Por eso me interesó el maquis. Porque eran una especie de guerrilleros. Y lo mismo podría decir de *El hijo del acordeonista*. Se trata de la influencia de lo ocurrido en Gernika en las nuevas generaciones. No se trata de recuperar el pasado ni de nada parecido. No en esas novelas.

Las palabras de Atxaga bien pueden servirnos como punto de arranque para nuestro análisis de la novela *Memorias de una vaca* (1992) del autor. Trataremos de describir la representación que de la Guerra Civil española se hace en la novela y los objetivos que con ello podría buscar el autor.

Características argumentales y cronotópicas

Si tuviéramos que resumir el argumento de la novela, comenzaríamos diciendo que Mo es una vaca cincuentona un tanto especial ya que, además de engullir con avidez la deliciosa hierba que su amiga la monja Pauline Bernardette siega para ella, no deja de "rumiar"

pensamientos. Podríamos decir que nos encontramos ante una vaca doblemente rumiante, divertida y tierna. Por ello, por lo que tiene de reflexiva y "racional", decide un día que ya ha llegado la hora de cumplir la promesa que le hizo a su voz interior, El Pesado, y escribir sus memorias.

Nuestra protagonista nace en 1940, en el caserío Balanzategui, situado en medio del paisaje verde y montañoso del País Vasco. Allí conocerá a *La Vache qui rit,* vaca que será su amiga y confidente hasta que el destino las separe. Poco a poco, las dos amigas se darán cuenta de que los extraños sucesos que ocurren en el caserío Balanzategui se deben a que allí está escondido el almacén del ejército que aún no se ha rendido en la Guerra Civil. Los trágicos acontecimientos que vivirán las vacas harán que ambas tengan que huir al bosque para salvar su vida. Pero esta huida servirá, a su vez, para acrecentar la distancia entre La Vache y Mo, ya que, mientras la primera apuesta por el camino más violento (decide unirse a los jabalíes), Mo hace caso, una vez más a su voz interior y huye sola.

Esta soledad hará que Mo vaya madurando y tras un accidentado episodio en las fiestas de un pueblo cercano, el destino hace que se encuentre con la monja Pauline Bernardette, que, a su vez, huía de una proposición de matrimonio. Al final, los austeros muros de un convento serán los que acojan a ambas amigas tras su odisea personal.

Memorias de una vaca[72] (1992), es una novela de aprendizaje donde la vaca protagonista, Mo, nos cuenta su periplo vital hasta que llega a la madurez. Y madurez significa, ante todo, poder valerse por sí misma, ser capaz de tomar decisiones y actuar con autonomía en la vida. Estrategias narrativas como el uso de la voz interior, El Pesado, se convertirán en centrales en las novelas posteriores de Atxaga (p.e. *El Hombre solo*, 1993 y *Esos Cielos*, 1995), y muestran claramente el talante reflexivo e ilustrado de este mamífero protagonista. El "Sapere aude!" kantiano, el atreverse a pensar con independencia, se convierte, por tanto, en el leitmotiv de la novela. Junto a él, la

72. Cf. Olaziregi, M.J. 2001, 2002a y 2002b.

intertextualidad de la novela, sea la que hace referencia a textos vascos, sea la que hace alusión a obras de poetas "maudits" como Rimbaud o Villon, muestra a las claras el homenaje que el autor quiso hacer a tradiciones literarias periféricas (como la vasca), o a autores canónicos (Rimbaud, Villon) que vivieron al margen de los estándares de la sociedad.

Pero lo que llamó la atención de la crítica y lectores fue, además, el realismo *cronotópico* que el autor asumió en esta novela. Lejos de la fantasía de Obaba (presente en textos como *Dos letters*, 1984, *Dos hermanos*, 1995 o *Obabakoak,* 1989), Atxaga nos proponía una novela situada en unas coordenadas espacio-temporales muy concretas: la posguerra en Euskadi. Este párrafo del primer capítulo de la novela ejemplifica lo que venimos diciendo:

> De acuerdo, hija mía, es el siglo XX, o por decirlo más exactamente, el año de 1940, pero estamos en el País Vasco, y en el País Vasco ha habido guerra hasta hace poco, precisamente la guerra civil de 1936, y hay mucha hambre, mucha pobreza, poca gente para limpiar los bosques, y corre el rumor de que todo está lleno de lobos (p. 16).

Es el primer año de vida de la vaca, es decir, el lapso que va de 1940 a 1941 el que acapara los seis primeros capítulos de la novela. La acción se sitúa en el caserío Balantzategui del País Vasco[73]. Los restantes capítulos, el 7º y el 8º, narran la huida, hecho que abarca los años 1942 y 1943. El último capítulo no hace más que clausurar la narración y nos sitúa hacia 1990, época en la que Mo decide escribir sus memorias. Su aventura vital se inicia, por tanto, nada más terminar la Guerra Civil y son constantes las referencias que se hacen a ésta: "…acabé naciendo en un bosque del País Vasco a poco de terminar la guerra de 1936" (p. 23, cap. 2), "Vine al mundo hacia 1940 y ahora está a punto de terminar el siglo" (p. 26, cap. 2), "tenías que haber visto este valle hace un año o menos. Disparos de

73. Balantzategui es un caserío real que está situado en Bidania, perteneciente al municipio de Bidegoian, (Gipuzkoa). El nombre de una de las vacas, Bidani, nos remite al lugar exacto donde está situado el caserío.

fusil a todas horas, de día y de noche. Y disparos de cañón, también. Y luego los aviones, ametrallando los alrededores y matando a todo bicho viviente. Uno de esos aviones cayó ahí cerca, en lo alto del valle" (p. 51, cap. 3), "…tengo indicios de que la guerra todavía sigue. Por lo menos aquí, en Balanzategui" (p. 53, cap. 3), "¡Balanzategui es el almacén del ejército que todavía no se ha rendido! (p. 94, cap. 5), "Ya te lo dije antes. Todavía no ha terminado la guerra que empezó en el treinta y seis. Al menos, no en nuestro valle. Los que bajan del monte a escondidas no se quieren rendir, y siguen en pie de guerra contra el General" (p. 99, cap. 6).

La guerra en el monte: los maquis

Es en el capítulo 6 donde por primera vez Mo hace referencia a los maquis:

> Aunque me estaba haciendo muy juiciosa, todavía estaba en pañales en asunto de guerras. Esas historias las aprendí después, cuando crucé la frontera y conocí a Pauline Bernardette. Porque la pequeña monja, en aquella otra guerra de Europa que tuvo lugar en Francia, Inglaterra, Alemania y otros sitios trabajó para los maquis, es decir, para los batallones que no querían rendirse (p. 99).

Unas líneas más adelante (p. 100), la protagonista de la novela nos confesará que colaboró con los maquis en la zona vasco-francesa y que ella y Bernardette ayudaron al sacerdote Père Larzabal[74] a pasar un mensaje para los maquis. El misterio en torno a las vacas del caserío Balanzategui, misterio que esclarece las visitas nocturnas de los que están escondidos en el monte, y el asedio que el caserío sufre por parte de personajes como Gafas Verdes, un fascista alemán cuyo nombre real es Otto (p. 108), se desvela cuando se descubre cuál es la razón del constante trajín de vacas. Es entonces cuando

74. Père Larzabal (1915-1988), escritor vasco-francés conocido por sus piezas teatrales en euskera. Colaboró con la Resistencia francesa durante la II Guerra Mundial y estuvo preso en prisiones de Alemania, Polonia y la antigua Checoslovaquia. Durante la década de los años 60-70 formó parte de la infraestructura que se estableció en el País Vasco francés para dar cobijo a exiliados políticos vascos.

sabemos que Genoveva, viuda de un republicano fusilado durante la Guerra Civil y actual dueña del caserío, y Usandizaga, su empleado, utilizan las vacas rojas o negras para mandar señales a los guerrilleros que viven ocultos en el monte (p. 101). Ese es el misterio de Balanzategui, ésa la explicación del acopio de víveres que se hace en el caserío.

En este sentido, son mencionables las pistas que el narrador va dejando en torno a la identidad de estos guerrilleros. Además de mencionar su forma de actuar más frecuente, el sabotaje (p. 102), el narrador nos revela que el personaje apodado *El Encorvado,* se llama en realidad Usandizaga, apellido vasco que concuerda con el del conocido compositor de ópera. Como es sabido, José María Usandizaga, natural de Donostia, compuso en 1911 la ópera en lengua vasca *Mendi Mendiyan,* título que podría ser traducido como "En pleno monte".

"Los del monte" era, precisamente, el término que utilizaban a veces los maquis para firmar sus documentos. Para la prensa de la posguerra, en cambio, eran "forajidos, asesinos, salteadores, bandoleros…". Así consta, además, en la web que lleva por nombre *Los del monte*[75] (http://es.geocities.com/los_del_monte/). En ella, se recogen documentos, testimonios y publicaciones que tratan no sólo de la evolución de los maquis en el Estado español, sino, sobre todo, de la vida de Juan Fernández Ayala (1917-1957), maqui cántabro más conocido como "Juanín". A él se refería Atxaga en la respuesta que daba a la pregunta que le planteábamos al inicio de este artícu-

75. Éste fue el título que utilizó el director Manuel Gutiérrez Aragón en julio del 2006 para titular el documental que realizó para TV2 sobre la vida del guerrillero liebanés. El conocido director ya había dirigido en 1978 la película *El corazón del bosque,* que también trataba el tema de los maquis. También quisiéramos recordar novelas como *Luna de lobos*, de Julio Llamazares (1985) que se han inspirado en la misma temática. Para una bibliografía más detallada sobre las conexiones entre la literatura española y los maquis, se puede consultar, por ejemplo, el artículo de José María Izquiero: "Maquis: Guerrilla antifranquista. Un tema en la literatura de la memoria española.
Bibliografía" (cf. http://www.ub.uio.no/uhs/sok/fag/RomSpr/maquis/bibliografia.html).

lo. Será esta una de las razones por las que el escritor vasco no ha dudado en incluir en *MV* espacios significativos como el del molino, pues fue precisamente en la curva del molino donde fue abatido Juanín el 24 de abril de 1957.

En realidad, poco importa si la incidencia y actividad de los maquis en Euskadi fue tan intensa como la novela trata de sugerir[76]. Lo cierto es que Atxaga consigue retratar la situación dramática que se vivió en la posguerra. El autor vasco nos habla de una Guerra Civil que perduró durante años y que causó una fractura social demasiado dramática para ser ignorada o superada en unos pocos años. Al igual que la protagonista de su novela, la vaca Mo, Atxaga ha querido decirnos que conocer el pasado, admitir el sufrimiento y dolor generados por la contienda, son acciones necesarias para tratar de superarlos. Recrear una realidad histórica para exorcizar viejos demonios, apostar activamente por una actitud crítica ante la vida. Son, sin duda, unos objetivos muy nobles para esta novela que ha sabido plasmar en clave de humor una realidad histórica que todavía se nos antoja demasiado cercana.

76. José Angel Ascunce (2000: 121), por ejemplo, habla de anacronismos a propósito de la inclusión de maquis y lobos en el contexto vasco de la novela. Se pueden consultar las relaciones que los maquis vascos tuvieron con la resistencia francesa o con los maquis cántabros en publicaciones como las de Mikel Rodriguez: *Maquis, la guerrilla vasca,* Editorial Txalaparta, 2001. Otros libros generales sobre los maquis podrían ser: Secundino Serrano, *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*, Madrid: Ediciones Temas de hoy, 2001, o Jorge Martínez Reverte y Socorro Tomás, *Hijos de la Guerra. Testimonios y recuerdos*, Madrid: Ediciones Temas de hoy, 2001.

Bibliografía

Ascunce, J.A. (2000), *Bernardo Atxaga: Los demonios personales de un escritor*, Donostia: Editorial Saturrarán.

Olaziregi, M.J. (2000), "Memorias de una lectora de Bernardo Atxaga", en *Actas del II. Congreso de Literatura Infantil y Juvenil: Historia Crítica de la Literatura Infantil e Ilustración Ibéricas,* Mérida: Editora Regional de Extremadura, pp. 249-252.

— (2002a), *Leyendo a Bernardo Atxaga*, Bilbao: Servicio de Publicaciones de la Universidad del País Vasco.

— (2002b), "Memorias de una vaca", en K. Osoro (coord.), *Literatura Infantil y Juvenil: lecturas para fecundar el futuro,* Madrid: Cuadernos de Pedagogía.



10.3. Dues visions del conflicte: de la guerra i la postguerra. *Negra nit*, de Lolita Bosch[77] i *El centaure*, de Jaume Cela[78]

Gemma Lluch
(Universitat de València)
Joan Portell
(Crític literari)

Resum: Dues novel·les destinades per a un lector a partir dels tretze anys que narra les conseqüències d'un conflicte bèl·lic en la vida d'un nen i d'uns joves. Encara que el rerefons històric és el de Guerra Civil espanyola el relat podria fer referència a qualsevol realitat de conflicte bèl·lic i de com afecta a la vida familiar.

Summary: Two novels, addressed to a teenage reader, dealing with the consequences of an armed conflict in the life of a boy and some young men. Although the story is set in the Spanish Civil War, the

77. Barcelona: Editorial Columna, col. Columna jove, nº 218, 2006, 140 pp. (ISBN: 10: 84-664-0712-X).
78. Barcelona: La Galera, col. El Corsari, nº 66, 2004, 100 pp. (ISBN: 84-246-8266-1).

story could take place in any other war situation as it depicts how a conflict of this kind affects family life.

Paraules claus: Guerra Civil, postguerra, absència del pare, amistat, enfrontament de famílies.

Key words: Civil War, Post-war Period, Absent Father, Friendship, Family Disputes.

Lolita Bosch (1970) és una de les escriptores del panorama català que ha tingut una entrada important en la literatura infantil i juvenil alhora que ha mantingut un bon nivell de qualitat i un rigor narratiu envejable. Tot i que va néixer a Barcelona va viure molt de temps a Albons (Baix Empordà) i també ha viscut als Estats Units, a l'Índia i, durant deu anys, a ciutat de Mèxic. Escriu en català i en castellà. Ha guanyat diferents premis literaris com per exemple Comte Kurt per *En Jon ja sap anar al lavabo!* (La Galera, 2004) i Garrotxa de narrativa adobi per *Això que veus és un rostre* (CCG Edicions, 2005). És l'autora d'una novel·la juvenil en la qual han confluït molt bones crítica (M. Cruïlla, 2005) i que ha acumulat tres premis importants, a més de guanyar el premi Protagonista Jove el 2006, que organitza el Consell del Llibre per a Infants i Joves (OEPLI-IBBY) el jurat del qual està format per lectors adolescents, va ser finalista Gran Angular 2006 i Premi Serra d'Or Juvenil 2007. Altres llibres de l'autora són *El zoo de la Lolita* (Alfaguara, 2004), *Tens set dies!* (Planeta & Oxford, 2005), *Negra nit* (Columna, 2006). També ha escrit i dirigit teatre per a nens i nenes. I llibres per a adults com *Qui vam ser* pel que va rebre el Premi Talent FNAC 2006 o *Això que veus és un rostre* (Òmnium Cultural d'Experimentació Literària 2005).

Jaume Cela (1949) és un autor veterà amb més d'un centenar d'obres publicades entre llibres de creació i reflexions sobre la docència.

Aquest mestre de Primària, pedagog i escriptor participa activament en la Junta Rectora de l'Associació de Mestres Rosa Sensat, en la Federació de Moviments de Renovació Pedagògica de Catalunya, col·labora en diferents revistes i diaris sobre temes educatius i forma part del consell de lectura de Cavall Fort. En el diccionari d'escriptors i il·lustradors realitzat pel Consell Català del Llibre per a Infants i Joves l'autor es presenta de la manera següent:

> De petit m'agradava fer tres coses: jugar amb la colla al carrer, tots els racons eren un espai per a l'aventura, sobretot un munt de taulons que tenia un fuster a la porta de la fusteria; llegir tota mena de llibres i anar al cine. Ara mantinc ben vives les dues últimes aficions, però ja no jugo gaire. Intento fer de mestre i és una feina que m'agrada d'allò més. Faig de pare –tinc tres fills– i de marit. M'ho passo molt bé passejant per la ciutat, conversant amb els amics, menjant qualsevol pastís de nata i escrivint. No tinc cap mania especial, però sóc impacient i em treu de polleguera quan algú em pregunta si estic nerviós quan estic nerviós.[79]

Entre les seves obres podem destacar les guardonades amb premis com el Ciutat d'Olot (1991) per *Un cas com un piano*; el premi Marià Vayreda (1995) per *Xerraires impenitents*; el premi de novel·la El Vaixell de Vapor (1997) per *Hola, Pep!*, el Folch i Torres (1997) per *Quin parell!,* el Premi Abril (1999) per *Silenci al cor*; el Premi Gran Angular (1998) per *Els gegants adormits* i el més recent El Vaixell de Vapor (2005) per *L'herència*. Com a finalista de premis, destaquem *La visita de la Dama* que ho va ser del Gran Angular (1994); *Una troballa sorprenent*, del Folch i Torres (1987) i *Com una joguina trencada*, del premi Columna jove (1993).

Com a pedagog, ha escrit diferents llibres sobre educació, amb el llibre *Amb veu de mestre: un epistolari sobre l'experiència docent* escrit conjuntament amb Juli Palou va rebre el premi de Rosa Sensat de Pedagogia (1992). Destaquem també l'escrit amb Mercè Fluvià, *Suggeriments per a una lectura creadora* (Barcelona: Aliorna, 1988), i

79. Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil. ClijCAT, *Diccionari d'autors i autores de literatura infantil i juvenil en català*. Document en línia: http://www.clijcat.cat/Diccionari/catala/Diccionari.html. Consultat 31-03-2008.

Lletra petita (Barcelona: Edicions 62, Llibres a l'abast, 298. Sèrie Rosa Sensat, 1996).

Les dues novel·les que comentem parlen de la Guerra Civil des de dos contextos històrics i personals diferents. *Negra nit,* de Lolita Bosch, és la novel·la que se situa en plena Guerra Civil. L'editorial la presenta de la manera següent:

> En acabar la guerra civil els republicans van patir molt. Alguns van poder exiliar-se, altres no van tenir tanta sort... però en Manel i en Pere són massa joves per entendre-ho, i la seva amistat passa pel damunt dels ideals polítics de les seves famílies enfrontades. Encara que els seus pares no els deixen, ells es veuen cada dia per anar a banyar-se al riu o a jugar a dames al paller de Can Font. Només hi ha una cosa que els pot separar: un accident. I uns documents secrets que cap dels dos no sap que existeixen i que amaga la família d'en Manel. Perquè en Julià, el pare d'en Pere, els vol recuperar costi el que costi...

Amb la novel·la *Negra nit*, Lolita Bosch se situa en el gènere de la novel·la històrica. Un relat situat en la postguerra espanyola quan Manel i Pere, fills de famílies enfrontades, no permeten que els odis dels adults entren en la seua amistat. La relació només es trencarà per un accident terrible que no es descobreix fins al final del llibre. L'accident, que els uns i els altres atribueixen als problemes de la guerra, marcarà per sempre la personalitat dels protagonistes. Aquesta és una d'aquelles novel·les que convida a diferents lectures. Des de la senzilla trama de les relacions personals entre els protagonistes, en les quals no pot faltar un amor d'adolescents, a una crítica encoberta a la guerra o a la possible intervenció de les forces aliades que mai no va arribar a produir-se. Aquesta novel·la recorda molt el relat de Miquel Rayó *La llum del far* (Editorial Edebé) situada a Mallorca i que relatava les vexacions que podien sofrir els perdedors. Els dos relats mostren com el context de la Guerra Civil és propici per a la creació de bones històries. Justament, aquesta és una de les virtuts de la bona literatura perquè de cada cas es pot escriure una novel·la que transformi les vivencial locals en universals.

El centaure, de Jaume Cela, el relat se situa cronològicament en un període molt curt de temps, els dies que passen des de la des-

aparició del pare de Gabriel fins a la seva detenció. Però el temps psicològic s'amida des d'altres regles, en aquest cas, el del pas de la infantesa a la maduresa del protagonista: un nen de tretze anys.

El llibre narra dues trames, d'una banda, la que tots veuen: els policies que van i vénen buscant al pare de Gabriel, els fets que es van coneixent sobre el seu passat sindicalista, els drets dels treballadors que defensa, l'època en la qual viuen, la por que es respira, el buit de la casa quan torna a ella. L'altra trama és la que vivim amb aquest nen a partir del fet que desencadena l'acció i que l'obliga a transformar-se de cop en un adult. Perquè no es tracta només de l'absència de la figura paterna sinó d'afrontar tots els dubtes sobre qui és el seu pare, per què el tracten com a un delinqüent, què hi ha darrere del que li conten, quina societat habita i sobretot en qui es pot confiar.

Ens trobem amb un relat d'iniciació situat en els anys posteriors a la guerra del 36 i que descriu el brusc canvi que pateix la vida de Gabriel quan en tornar a casa la troba plena de policies buscant el seu pare. Ajustar la nova realitat a la idea que d'ella tenia, conèixer de nou el pare que de sobte es presenta com un personatge amb arestes desconegudes, interpretar fets del passat des d'una nova perspectiva i tot això en una època on el silenci era una manera de sobreviure. Però alhora, prendre partit i escollir el que serà la seua postura en la vida. Això és el que trobarem en aquestes pàgines. El pare de Gabriel és un sindicalista que defensa els drets dels treballadors, però el lector coneixerà que el que en la seua realitat és gairebé una obligació, en l'època de Franco qualsevol acció en aquesta línia significava la presó.

Més enllà de la temàtica, les característiques de la novel·la mantenen el patró discursiu habitual en els relats per a adolescents en el circuit literari on es publica. Les que considerem principals característiques discursives d'aquest relat són:

i) Inici in media res. El relat comença amb un terrible secret: "Has de jurar-ho, Gabriel, has de jurar-ho" (p. 7), li demana la seva mare. A casa han tingut lloc uns fets que el lector desconeix, només per-

cep la seva gravetat, suficient perquè "els dits se li clavaven amb força a la pell del seu fill. –Em fas mal, mare". Tres pàgines després sabem que algú ha entrat a sa casa, buscaven una mica, però ningú no diu res i l'única sortida és guardar silenci.

ii) Un enigma. Aquesta atmosfera de silenci que s'endinsa en el relat és el principal protagonista de la novel·la. El silenci i el secret que tot ho penetra i que fa créixer la por. Però caldrà esperar fins a la pàgina 25 perquè el comissari comence a parlar amb Gabriel i a explicar-li "la seva versió" del secret que no es resoldrà fins al final.

iii) Maduresa del protagonista. Gabriel, un adolescent de la postguerra, viu els fets des del silenci i l'aïllament imposat per les normes dels adults. És la seva perseverança i maduresa junt a la reflexió les que li duen a descobrir no només el perquè de la desaparició del seu pare sinó també les causes d'un moment històric en el qual pensar estava perseguit.

iv) Mons enfrontats. La novel·la mostra dues maneres de veure Espanya. Per als protagonistes: "El teu pare és membre d'un sindicat clandestí. […] Un sindicat és una organització que defensa els drets laborals dels treballadors. Si el nostre país no fos una dictadura no hi hauria cap problema". Per al comissari que busca el pare:

> Vivim en pau. Hi ha feina. Els que la van perdre et diran que ens faltin algunes llibertats. I tenen raó: […] ens faltin algunes llibertats, però vols dir-me de què dimonis ens serveix la llibertat si quan l'hem tinguda només l'hem feta servir per matar-nos els uns als altres? Llibertat és una paraula molt bonica, però nosaltres, així que ens donen una micona, la transformem en llibertinatge. (p. 26).

I Gabriel ha d'indagar entre els dos mons i descobrir quin camí vol triar.

v) Protagonista i lector de la mà. La focalització interna imposada pel narrador ajuda al lector a seguir el camí de maduració que se li imposa a Gabriel. Lector i actor, junts, descobreixen els fets que han canviat la vida de Gabriel però també les conseqüències que determinades situacions polítiques tenen en la vida quotidiana i familiar de les persones.

En definitiva, l'autor a través dels interrogants que es planteja el protagonista descobreix una època pròxima des dels dubtes i les pors, des de la ignorància provocada pels silencis llargament larvats. Gairebé els mateixos que aquest tema ha tingut en la literatura en català del que molt pocs llibres s'han encarregat però afortunadament, com hem vist al llarg del comentari, amb bons resultats.



10.4. Da literatura de adultos á literatura xuvenil a través da tradución: *Vento ferido* / *Wounded Wind*, de Carlos Casares

Lourdes Lorenzo
(Universidade de Vigo)

Resumo: Neste comentario estudarase a tradución inglesa de *Vento Ferido*, obra de Carlos Casares publicada durante o franquismo que expón a traxedia da Guerra Civil española. É un dos poucos libros galegos que ten como pano do fondo o conflito bélico e que mereceu a atención dunha editorial inglesa. Concretamente, deterémonos na maneira en que a tradutora consegue facer dun texto inicialmente destinado aos adultos un texto susceptíbel de atraer tamén á mocidade.

Summary: We aim at studying *Vento Ferido*´s English translation (*Wounded Wind*), written by Carlos Casares and published during Franco´s dictatorship. The Spanish Civil War acting as a tragic

background, the book got to attract the attention of a Welsh publisher. Our main goal is to analyse the way in which the translator makes a work initially directed to adults into a 'youth-friendly' text.

Palabras clave: Guerra Civil española, literatura galega traducida ao inglés, Carlos Casares.

Kew words: Spanish Civil War, Galician literature translated into English, Carlos Casares.

Peace is not angels blessing blood with a kiss;
Is the axis pinning Spain through the breast
To the water-wheel that makes a nation a martyr
To the traitor who wheels the whips of gold and steel.
George Barker

1. Introdución

Hai uns anos Álvarez e López (1986: 3) escribían:

> ... pocos acontecimientos bélicos han suscitado tan al unísono la preocupación intelectual y la imaginación creadora como la Guerra Civil Española. […] En efecto, no es arriesgado afirmar que el impacto de este enfrentamiento en la sensibilidad literaria de las jóvenes generaciones fue de tal envergadura, que contados escritores mantuvieron sus emociones al margen de la pugna ideológica que dividía a los españoles.

Na súa antoloxía recollían poemas de grandes figuras das letras inglesas (W.H. Auden, Cecil Day Lewis, Spender), de escritores de menor relevo (George Barker, Charles Donnelly ou Jack Lindsay) e mesmo de mozos anónimos até que a contenda os fixo loitar, ademais de coas armas, coa pluma (Dennis Birch, Edwin Rolfe, James Neugass...).

Tamén os escritores nados naquela España rota sentiron a necesidade de darlle saída literaria a tanto padecemento. Boa proba deles

son os que se recollen noutros capítulos desta obra; se se quere ter unha visión panorámica doutras obras de literatura infantil e xuvenil escritas en galego (orixinais e traducións) que retratan, ou teñen como pano de fondo, conflitos bélicos, tamén é un referente de consulta obrigada o artigo de Agrelo et al. (2005: 71-91). No presente traballo dedicarémonos a analizar en *Vento Ferido*, obra dun escritor galego, Carlos Casares, o impacto da guerra desde o punto de vista da súa transmisión por parte dunha tradutora, Rosa Rutherford, ao público anglosaxón[80].

2. *Vento Ferido* no seu contexto de creación

A figura de Carlos Casares só pode ser entendida baixo o prisma da etapa franquista que lle tocou vivir. Amante da lingua galega desde a súa nenez no medio rural (Xinzo de Limia e aldea de Sabucedo, no concello de Porqueira) e loitador en defensa do galeguismo na area política (deputado autonómico nas listas do PSOE), intelectual (membro da Real Academia Galega desde 1977 e presidente do Consello da Cultura Galega desde 1996) e editorial (director da editorial Galaxia até o seu pasamento en 2002), Casares foi testemuña desde neno da prohibición de falar galego (EGU, 1999: 5, 15) e, ben seguro, desde o seu nacemento en 1941, de diferentes modos de represión aos dereitos civís que son fillos naturais de calquera ditadura[81].

Vento Ferido foi publicada en 1967[82], mentres Casares cursaba o último ano da súa licenciatura en Filoloxía Románica. Trátase du-

80. Carlos Casares (2004), *Wounded Wind*, tradución inglesa Rosa Rutherford, Ceredigion (Wales): Planet.

81. O propio autor, nunha conversa coa tradutora, comentoulle que as autoridades franquistas de 1967 quixeron prohibir *Vento Ferido* polo antifranquismo que zumegaba o relato "Coma lobos", onde se conta a historia do Roxo, detido e torturado pola súa loita a favor dos dereitos civís. O libro librouse da censura grazas á intervención do responsábel da editorial Galaxia naquel momento, Francisco Fernández del Riego (Rutherford, 2002: 10).

82. Vigo: Galaxia, 2000, 13ª edición.

nha recompilación de doce relatos curtos ambientados nos anos cincuenta e sesenta do século XX cuxos fíos condutores son a tristura, a soidade, a frustración e a violencia, temas que serán unha constante na súa obra posterior. As características dos mesmos –a temática aludida, a ruptura da secuencia temporal, a variedade de voces e enfoques narrativos e a presenza reiterada do monólogo– fan que os críticos adscriban a obra á corrente de renovación expresiva e conceptual coñecida como "Nova Narrativa Galega" (Gutierrez Izquierdo, 2000: 512), en débeda con autores como Kafka, Faulkner ou os obxectivistas franceses (Noia, 1969: 98-99).

Cada conto presenta un retallo da vida do seu protagonista que apunta a un existir desesperado e cheo de angustia, gobernado polo fatalismo e a violencia; habitantes de aldeas ou pequenas vilas galegas, as voces narrativas agroman desde diferentes etapas da vida interiorizando liricamente a realidade (Carro, 1991: 51): algunhas aínda son moi cativas ("O xogo da guerra", "Vou quedar cego", "O Xudas"); outras debuxan personaxes mozos ("A rapaza do circo", "O outro verán", "Aparecerá pola esquina"); e outras corresponden a homes en idade adulta ("Coma lobos", "Monólogo", "Cando cheguen as chuvias", "A capoeira", "A tronada", "Agarda longa ao sol").

Pola dureza da temática e o estilo narrativo de moitos deles (corrente de conciencia), con suxeitos que "encadean lembranzas" (Noia, 1969: 99), adoitan entenderse como relatos de adultos, malia que non debemos esquecer que Casares tamén escribiu e traduciu textos dirixidos, primariamente, aos nenos (ex: *A galiña azul*, *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, a serie Toribio, a tradución da novela de Antoine Saint-Exupéry, *O principiño*) e que mesmo nesta literatura para pequenos hai, como afirma Vieites (2005: 458), reflexións acochadas que transcendían a anécdota e puñan de manifesto a natureza poliédrica da realidade. En definitiva, e como adoita ser habitual cando se tenta categorizar a literatura, a liña entre meniños, mozos e adultos é moi difícil de trazar.

3. *Wounded Wind*: crónica dun proceso tradutor

O xermolo de *Wounded Wind* hai que buscalo na realización do traballo fin de carreira da súa tradutora, Rosa Rutherford, naquel momento (2002) alumna da licenciatura de Tradución e Interpretación (Universidade de Vigo).

Como ela mesma confesa na introdución do traballo, con esta tradución pretende fortalecer un pouco máis as relacións literarias entre o inglés e o galego, dinamizadas nos últimos anos grazas ao transvasamento de abundante literatura inglesa á lingua de Castelao (en especial do eido infantil e xuvenil) e dun fato de obras galegas vertidas ao inglés, entre as que se poden citar *Merlín e familia* (*Merlin and company*, tradución de Colin Smith), e dúas antoloxías, unha de poesía publicada polo profesor británico Jack Hill e outra de relatos curtos levada ao prelo pola estadounidense Kathleen March. Mención especial merece, porén, o esforzo que leva a cabo o Obradoiro de Tradución nado ao abeiro do Centro de Estudos Galegos da Universidade de Oxford (The Queen´s College) e da súa alma máter, o prestixioso galeguista e hispanista Dr. John Rutherford, pai da tradutora da obra de Casares. Desde os anos noventa publicouse un número considerábel de obras entre as que destacan *Them*, unha escolma de relatos de Xosé Luís Méndez Ferrín e *Things* (*Cousas*, de Castelao).

Alén do fortalecemento das relacións entre a literatura inglesa e a galega, a tradutora sempre quixo preservar o "sabor" galego da obra, de tal maneira que o sistema receptor inglés enxergase o celme dun pobo e dunha época e puidese comprendelos a ambos sen trabas. Para conseguir este obxectivo cumpría ser moi habilidoso, posto que se trataba de elaborar unha tradución estranxeirizante (Toury, 1995: 56), ao tempo que había que esquivar os puntos de incomprensión derivados da distancia espazo-temporal entre o texto de partida e o texto meta. Ademais, malia que o labor creativo era un fin en si mesmo, a tradutora desexaba presentar o seu traballo a unha casa editora inglesa para que puidese ver a luz e camiñase entre os lectores,

máis aló dos andeis durmiñentos dunha biblioteca universitaria; isto fixo que houbese que ter en conta criterios non só estilísticos e académicos senón tamén pecuniarios: a tradución, se quería seducir a un editor, tiña que ser un "texto aberto", que movese os marcos entre os que foi creado, imaxinando un lector adulto, para dar cabida ao mozo lector, sempre sentindo que os lindeiros entre estas proxeccións etarias idealizadas son eles mesmos fuxidíos e só manexábeis co estilete do analista que precisa categorías fixas para explicar os fenómenos. Esta apertura dinámica que persegue, en definitiva, aumentar o número dos potenciais lectores, foi acertadamente exposta por Vázquez e Ruzicka (1999: 387) cando afirman:

> El único rasgo diferenciador de los textos para niños y jóvenes, comparados con los de la literatura general, es el de la presencia de un sistema de códigos dobles, el de los adultos y el de los jóvenes o niños. No obstante, su aspecto más importante es su carácter dinámico. […] Por ejemplo, algunos libros reconocidos como literatura para adultos por los propios autores se han convertido en joyas de la literatura infantil y juvenil. Pongamos por ejemplo *Robinson Crusoe* […].

Nas seguintes páxinas a eséxese dos exemplos máis representativos das dificultades tradutolóxicas permitiranos comprobar que, ao noso xuízo, se conseguiron todos os obxectivos nomeados.

Como colofón a este apartado cómpre indicar que, ademais de material bibliográfico existente relativo á obra, ao autor e aos métodos tradutivos, Rosa Rutherford contou cunha información privilexiada da que poucos mediadores dispoñen: en diferentes conversas co autor fíxose coas claves interpretativas dos contos que conforman o libro. Todos estes fíos até aquí apuntados, tecidos sabiamente, deron lugar a unha tradución de gran calidade que se "deixa ler" facilmente no sistema anglosaxón e que expón, en toda a súa intensidade, un anaco da alma dos galegos.

3.1. Acomodando o exótico

Foron moitos os elementos do texto orixe que tiveron que atopar acomodo na tradución. Atinadamente, a tradutora decidiu incluír unha introdución na que falaba da vida e das obras de Casares e fornecía as claves interpretativas do libro, con datos de tipo xeográfico, que axudaban a situar a Galicia na Península[83], de tipo lingüístico, que permitían enxergar a loita secular pola supervivencia do galego[84], e de tipo sociopolítico, que lles facilitaban o camiño aos lectores alleos á realidade da Guerra Civil española[85].

Tratábase de que a "pegada" galega non ficase oculta tralo pano cultural anglosaxón e as estruturas da lingua de Shakespeare. Ao tempo que se deixaba a obra exposta a un público anglosaxón separado, "mar por medio"[86], do galego e afastado medio século da época na que se sitúan os contos, había que facilitar a comprensión do que se dicía tendo en conta que a mocidade era un receptor posíbel e gorentosos para o editor. Así, a tradutora tivo que intervir especialmente na tradución dos nomes propios e dos cognomes (caractónimos), das metáforas, das onomatopeas, da linguaxe tabú e dos

83. Galicia is situated in the north-west corner of Spain. For two thousand years it has been known as Finisterre, land´s end: geographical and political isolation throughout the ages have made it a poor region and Galician life has been marked by hardship and emigration up until recent years (2004: i).
84. The Galician language has also struggled throughout the centuries. Its time of greatest glory was in the Middle Ages, when even the kings and court poets of Castile wrote their lyric poetry in Galician. However this tradition died out from the fifteenth century and the use of Galician was relegated to the rural lower classes. […] The Franco years were difficult one for culture and literature all over Spain, particularly in regions such as Galicia, Catalunya and the Basque country, which have their own languages […] (2004: ii).
85. Many Galician writers and politicians were shot, imprisoned or forced into exile (2004: ii).
86. "Mar por medio" é o nome xenérico que reciben as xornadas de cultura e literatura organizadas polo profesor John Rutherford en Ribadeo todos os veráns para achegar os dous mundos que sempre amou, o inglés e o galego. Segundo oín relatar, o nome proviña de antigos documentos de propiedade galegos onde se indicaba deste xeito os lindeiros norte dalgunhas fincas da Mariña luguesa: "ao norte limita con Inglaterra, mar por medio".

referentes culturais e intertextuais. Nos exemplos que comentamos a seguir deterémonos, tal como esixe a temática deste libro, soamente naqueles que teñen que ver directamente coa presentación da Guerra Civil e do seu contexto social para un público anglosaxón de lectores adultos e mozos; daquela, falaremos do tratamento dado ás metáforas (a, b), aos cognomes (c, d) e aos referentes intertextuais (e) en tres dos doce relatos do libro:

(a) "Coma lobos" / "Like wolves" [contexto: o narrador, nun longo monólogo que tenta dar conta do fluír do seu pensamento, rememora o día no que os falanxistas detiveron e asasinaron ao Roxo, ante a impasividade medoñenta dos seus veciños e amigos:]
TO: "… non hai paragüeiro que o arranxe" (p. 21).
TM: "... the finest brolly-mender in all Galicia won´t be able to sort it out" (p. 11).

(b) "Monólogo" / "Monologue" [contexto: o protagonista, no medio dunha borracheira, vai esfiañando todas as traxedias da súa vida:]
TO: "... que me vén o quinto en camiño e aínda que traia o pan debaixo do brazo o pan heino mercar eu" (p. 36).
TM: "... the fifth is on its way and although they say babies bring a loaf of good luck I´ll have to pay for that loaf myself" (p. 24).

A metáfora é un fenómeno basicamente de natureza cognitiva que permite dar saída a moitos pensamentos e que se realiza en superficie lingüística por medio de estruturas diversas (adxectivos, verbos, frases feitas, refráns, etc.) (Lorenzo, 2000: 23); unha parte importante de conceptos metafóricos teñen elaboracións diferentes nas distintas linguas e culturas e son precisamente esas diferenzas as que obrigarán o tradutor a actuar para garantir a comprensión.

En (a), fragmento procedente dun relato particularmente crítico co réxime, Casares introduce a figura do "paragüeiro", ben coñecida entre as profesións tradicionais de Galicia, para indicar

dun xeito figurado que o asasinato do Roxo ás mans dos franquistas é irreparábel. En inglés existen expresións que poden recoller esta idea ("you can´t turn the clock back" ou "nobody can put it to rights"), pero a tradutora quixo conservar a referencia ao oficio mantendo unha tradución literal e engadindo unha "nota invisíbel"[87] (*in all Galicia*), isto é, deixando entrever que se trata dunha profesión típica deste lugar. Do mesmo xeito actúa en (b), onde decide que o lector do texto inglés se enfronte directamente a unha expresión galega, substituíndo simplemente cada palabra galega polo seu equivalente inglés; de novo, vese na obriga de facer uso doutra "nota invisíbel" (*they say*) que trata de informar os lectores da tradución de que "eles" (*they*), isto é, o pobo galego emprega este dito ("traer o pan debaixo do brazo") para indicar que a chegada dun novo neno ao mundo trae tamén boa sorte á súa familia. Esta visión positiva da chegada dos fillos era especialmente útil en Galicia na época de posguerra que retrata Casares en *Vento Ferido*, cando o habitual é que houbese familias moi numerosas amosando, no medio dunha pobreza infinda, unha alegría difícil de explicar cos ollos de hoxe. En calquera caso, a extensión creativa da metáfora usada polo protagonista ("o pan heino mercar eu") non deixa lugar a dúbidas: supón a aceptación dolorosa dun destino case tráxico que se impón –non esquezamos as recomendacións da igrexa franquista de aceptar "todos os fillos que mande Deus" e dos famosos premios que Franco concedía á natalidade– e que hai que aceptar malia se enxergar de antemán os problemas económicos que leva consigo; este irresponsábel apoio á natalidade por parte das autoridades civís e relixiosas está na memoria colectiva dos que viviron a ditadura española pero pérdese na brétema cando ten que atravesar o mar.

87. Entendemos por "nota invisíbel" aquela explicación que aparece dentro da propia tradución, normalmente a modo de aposición ou entre parénteses. Este tipo de adicións explicativas son moi comúns nas traducións do xénero infantil-juvenil (cfr., por exemplo, Pintos, 2007: 194).

(c) “Coma lobos” / “Like wolves” [contexto: o narrador relata o momento no que o Roxo é detido polos franquistas:]
TO: “... cando entraron na taberna e preguntaron polo Roxo, ninguén se atreveu a defendelo e eso que todos eran amigos del, pero cando lle dixeron Roxo, veña vostede connosco, ninguén protestou” (p. 21).
TM: “… when they went into the bar and asked for Red, no-one pared defend him even though they were all his friends, and when they said Red, come with us, please, no-one objected” (p. 12).

(d) “O xogo da guerra” / “The war game” [contexto: o mozo que narra a historia alude ao momento no que lle toca mallar nun compañeiro, que morrerá dos golpes:]
TO: “Botaron a sortes e tocoume a min. Eu penso que fixeron trampa, pero calei. Díxome o Rata: “Vai”. Eu non quería ir, digo a verdade. Pero cando o Rata dicía vai, había que ir” (p. 13).
TM: They decided it by lot and I drew the short straw. I think they cheated, but I kept quiet. The Rat said: “Off you go.” I didn´t want to go, and that´s the truth. But when the Rat said off you go, off you went” (p. 5).

No mundo rural galego dos anos cincuenta e sesenta era moi habitual que as persoas tivesen cognomes, isto é, alcumes que aludían a algún defecto físico, trazo da personalidade (o prosmio), procedencia xeográfica (a guntina), etc. Moitas veces as propias casas eran “bautizadas” nunha simbiose case perfecta coa familia que as habitaba (a casa do rolo, a casa dos bataneiros, a casa do raposo...). En (c) e (d) foi necesario domesticar (Toury, 1995) a tradución para que os lectores non perdesen o significado engadido ao nome; pero mentres a comprensión de (d) non se ve dificultada (O Rata é un rapaz malévolo que goza co mal dos compañeiros, quen sabe se influenciado pola brutal sociedade circundante), non acontece o mesmo coa recepción que os lectores anglosaxóns fan de (c): aqueles con escasos coñecementos da nosa Guerra Civil adoitan pensar

que O Roxo (Red) fai referencia a un comunista e non a un partidario da República española. Unha explicación a pé de páxina, neste caso, solucionaría os erros interpretativos.

> (e) "Monólogo" / "Monologue" [contexto: o mestre que protagoniza a historia está bébedo e desvaría; pero hai moito de verdade nas verbas que produce o viño...]
> TO: "... e agora voume porque quero e non me manda ninguén porque son "y son y son unos fanfarrones", faraones, ones, ons, millóns, que son cousas da fonética, ética, estética, dietética, cosmética" (p. 38).
> TM: "... and now I´m off just because I want to, not because anyone´s telling me to, I´ll show those toffs, "Show me the way to go home, I´m tired and I want to go to bed" crowned head, Ed, dead, loaded, all to do with phonetics, ethics, esthetics, dietetics, cosmetics" (p. 26).

O monólogo precedente que lle dá título ao conto e no que achan acubillo as palabras do borracho remite a máis que probábeis influencias no estilo de Casares da corrente de conciencia explorada con tanto éxito por Faulkner en *The Sound and the Fury*[88]. No fragmento escollido hai varias capas de intertextos[89] que se expoñen á vez que se mimetizan unhas coas outras, outorgándolle á peza un valor literario indiscutíbel e facendo dela, probabelmente, a de maiores dificultades de tradución.

En primeiro lugar, as palabras afoutas, case insolentes do mestre ("voume porque quero e non me manda ninguén") deixan paso ao profundo sentimento de inferioridade que envolveu o pobo galego

88. No 2007 Galaxia publica a tradución galega desta obra, realizada por Xurxo Borrazás, co título *O ruído e a furia*.
89. Entendemos por xogo intertextual aquel que se produce entre dous textos: o primario (que se está a ler ou visionar) e o secundario (que agroma por detrás do primario e que é percibido por aqueles que o coñecen con anterioridade). A intertextualidade é un dos fenómenos que máis dificultades causa no transvasamento dos textos (Lorenzo, 2005).

desde que a súa lingua se viu desprestixidada e substituída polo castelán nas capas altas da sociedade; este sentimento abrolla con carraxe cando o borracho menciona parte dunha canción ("y son y son y son unos fanfarrones") que, indirectamente, parece aplicarlles aos de Madrid, que presenta en varias partes do conto coma fachendosos e despectivos cos galegos (…"gallegos y animales", ou algo así, o carteliño da estación de Madriiii, piiii, que estou trompa… / … algún vaise acordar de min e dos chotís… p. 38). Trátase dunha canción ben coñecida na España que retratan os contos (metade e ultimo terzo do século XX) pero totalmente allea para un lector anglosaxón. Xa que logo, a tradutora optou por domesticar a referencia, substituíndoa por un pequeno fragmento dunha canción que se cantaba nesa mesma época polos *pubs* do Reino Unido ("Show me the way to go home, I´m tired and I want to go to bed"); para recuperar o fío que unía a canción cos madrileños, tivo que nomealos de xeito indirecto ("I´ll show those toffs").

A súa tristura e rabia acada cotas máis altas ao final do conto, cando na inconsciencia case da borracheira unha das palabras da canción, "fanfarrones", o leva sen querer a "faraones", recoñecendo así a superioridade dos madrileños. A necesidade visceral que sente de defender os galegos e a súa lingua acha unha saída sublime: "faraones, ones, ons, millóns...". Isto é, a terminación "-ones" da palabra española é esconxurada mediante a terminación galega "-ons". A nosa lingua ten a última palabra. Podemos ser un pobo rico se espertamos do noso sono (millóns). E o máis importante: podemos ser millóns de falantes dunha lingua que é nosa por dereito propio. Mágoa que todas estas posibilidades interpretativas estean fóra do alcance dos lectores da tradución que, nas irremediábeis perdas do proceso, se limita a recuperar o xogo fónico ("to bed... crowned head, Ed, dead, loaded...") e mesmo pode levar, erroneamente, a pensar no rei inglés Edward ("crowned head, Ed"), que, por moito que defendamos a idea de autoridade existente no fondo en ambos os textos (faraóns), non acaba de convencer. É a superioridade dos madrileños e o desprezo aos galegos o que se quere transmitir.

4. Conclusións

Como se puido comprobar, a tradutora quixo deixar que a obra falase por si mesma; aínda así, tivo que intervir axeitadamente nalgunhas ocasións para facilitarlle a lectura ao receptor anglosaxón e, en especial se, como pretenden os editores, se quere chegar a un público heteroxéneo no tocante á idade. Para que os mozos sexan atraídos polos relatos que conforman *Vento Ferido* e comprendan parte dos modos sociais froito da Guerra Civil, era preciso facer caso das recomendacións de Cámara (2003: 22) resumindo o pensar da maioría de estudosos da tradución de literatura para rapaces:

> Su inexperiencia [del niño y del joven] y escaso conocimiento del mundo exigen del traductor una labor más exhaustiva que les permita salvar barreras originariamente infranqueables, facilitando el acto comunicativo iniciado por el autor en un idioma y una cultura diferentes.

Bibliografía

Agrelo, E. et al. (2005), "Tratamento dos conflitos bélicos na literatura infantil e xuvenil en lingua galega", en V. Ruzicka et al. (eds.), *Mundos en conflicto: representación de ideologías, enfrentamientos sociales y guerras en la literatura infantil y juvenil*, Vigo: Universidade de Vigo, pp. 71-91.

Álvarez Rodríguez, R. e R. **López Ortega** (1986), *Poesía anglo-norteamericana de la guerra civil española. Antología bilingüe*, Salamanca: Junta de Castilla y León.

Cámara, E. (2003), "The Little Engine That Could (La pequeña locomotora que sí pudo): análisis traductológico contrastivo de una obra de Literatura infantil", *AILIJ*, nº 1, pp. 9-23.

Carro, X. (1991), "A madurez creadora de Carlos Casares", *Dorna*, nº 18, pp. 51-60.

Gutiérrez, R. (2000), *Lecturas de nós: introducción á literatura galega*, Vigo: Xerais.

Lorenzo, L. (2000), *A tradución da metáfora inglesa no galego: estudio baseado nun corpus de literatura infantil e xuvenil contemporánea*, Vigo: Universidade de Vigo.

— (2005), "Funcións básicas das referencias intertextuais e o seu tratamento na tradución audiovisual", *Quaderns. Revista de Traducció*, nº 12, pp. 133-150.

Noia, Camiño (1969), "Vento Ferido: que representa o libro de Casares na prosa galega contemporánea", *Grial*, nº 23, pp. 98-100.

Pintos, P. (2007), "Atufina, la bruja vecina: traducción y aceptabilidad en los libros para niños", *AILIJ*, nº 5, pp. 177-213.

Rutherford, Rosa (2002), *Traducción ó inglés e comentario do libro* Vento Ferido *de Carlos Casares.* Traballo fin de carreira inédito, Vigo: Facultade de Filoloxía e Tradución, Universidade de Vigo.

Ruzicka, V. et al. (2005), *Mundos en conflicto: representación de ideologías, enfrentamientos sociales y guerras en la literatura infantil y juvenil*, Vigo: Universidade de Vigo.

Toury, G. (1995), *Descriptive Translation Studies and Beyond*, Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Pub.

Vázquez, C. e V. **Ruzicka** (1999), "La literatura infantil y juvenil anglo-germana como representación material de códigos culturales nacionales. Un enfoque semiótico de su historia", en C. Becerra et al. (eds.), *Asedios ó conto*, Vigo: Universidade de Vigo, pp. 387-400.

Vieites, M.F. (2005), "*As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* y las teorías del caos", en V. Ruzicka et al. (eds.), *Mundos en conflicto: representación de ideologías, enfrentamientos sociales y guerras en la literatura infantil y juvenil*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 453-465.



10.5. *Años difíciles*[90], de Juan Farias: cuestión de perspectiva

Jesús Díaz Armas
(Universidad de La Laguna)

Resumen: *Años difíciles*, la primera de las obras que componen la trilogía *Crónicas de Media Tarde*, es una novela sobre la Guerra Civil o, mejor dicho, sobre los efectos de la Guerra Civil sobre el pueblo español. Para ello, Juan Farias crea un territorio imaginario, el pueblo de Media tarde, un lugar insignificante y pobre, al que la guerra va llegando poco a poco. Toda la narración está contada desde el punto de vista de los personajes del pueblo, y ello hace predominar una visión desconcertada de la Guerra Civil, de sus motivos y sus consecuencias.

Summary: *Años difíciles* [Hard Years], the first work of the *Crónicas de Media Tarde* [Evening Chronicles] trilogy, is a novel about the Spanish Civil War, or rather, about the effects of the Civil War on the Spanish people. To achieve that perspective, Juan Farias creates

90. En *Crónicas de Media Tarde*, il. Juan Ramón Alonso, Madrid, Gaviota, 2005, 144 pp. ISBN 84-392-8082-3.

the imaginary village of Media tarde (Early Evening), a poor and insignificant place which the Civil War reaches only little by little. Narration is carried out from the villagers' point of view, which mostly reflects a disconcerted and ingenuous perspective of the Civil War, its causes, and its consequences.

Palabras clave: Juan Farias, Guerra Civil, perspectiva narrativa.

Key words: Juan Farias, Spanish Civil War; Narrative Perspective.

La trilogía *Crónicas de Media Tarde*, de Juan Farias, está compuesta por tres libros muy distintos que, sin embargo, completan una misma historia: el primero, *Años difíciles* (obra por la que su autor mereció figurar en la lista de honor del premio H. C. Andersen) describe lo ocurrido en el pueblo de Media Tarde durante la Guerra Civil; el segundo, *El barco de los peregrinos*, en la lista de honor del premio CCEI, relata, en primera persona, la huida y embarque de un niño en un barco como polizón, en la posguerra; finalmente, *El guardián del silencio* cuenta las visitas del médico Marcial a Media Tarde y sus conversaciones con el anciano Justo, único habitante del pueblo. La trilogía se completa con unas páginas preliminares que llevan el título "Hace muchos años, cuando estas tierras aún no eran de nadie", donde se nos relata la fundación del pueblo, y con un "Epílogo" que certifica el abandono de Media Tarde. Se trata de obras muy distintas en cuanto a modos narrativos, temática y estilo (Tamargo, 2001).

A pesar de ser tan diferentes, las tres obras tienen una cierta unidad. Las secuelas de la Guerra Civil se ven aún en *El barco de los peregrinos*, donde el narrador protagonista encuentra al personaje de Macario, ya adulto –era un niño en la primera de las obras–, que se ha ido de Media Tarde por culpa de la guerra. En *El guardián del silencio* se nos relata el regreso del mismo Macario al pueblo para enterarse de que su padre ha muerto.

En *Años difíciles*, la voz narrativa es de difícil identificación. Existen rastros de un narrador testigo que cuenta en primera persona la historia. Sabemos de él que es un habitante del pueblo y que se muestra desconcertado ante los acontecimientos (*no sé* es uno de sus sintagmas preferidos): "Catalina, que se había ido a servir a casa de alguien, *no sé dónde*, lejos, en otro pueblo", p. 28; "Las batallas fueron en otro sitio, detrás de las montañas, *no sé dónde*, lejos, muy lejos" (p. 30); "Son cosas que pasaron, y *uno se acuerda* y las cuenta porque cree que es una forma de explicar cómo eran las personas" (p. 31); "En todo el tiempo que duró la guerra, los vecinos de Media Tarde *no vimos* más que unos pocos soldados de uno de los ejércitos, *no sé*, o por lo menos no quiero acordarme si de los buenos o de los malos" (p. 32); "La guerra, por Media Tarde, iba sólo de hacer pasar hambre y echar de menos a los mozos y a los hombres, unos en el frente, *no sé* si con los buenos o los malos, y otros en el monte" (p. 53); "Pero un jueves, por la Pascua, de amanecida, volvieron los soldados. [...] *No sé* si eran los buenos o los malos" (p. 54; los subrayados son míos). El narrador se permite incluso dudar acerca de lo que narra: "A lo mejor le dijo: –Toma, Justo. A mí ya no me importa nada" (p. 53).

Haber escogido esta perspectiva es uno de los hallazgos de Farias. Usar un narrador testigo perteneciente al pueblo, no identificable, y no abandonar esa perspectiva en toda la novela, le ha permitido situarse en la intrahistoria, contar acontecimientos capitales de nuestra historia reciente desde el punto de vista de *los de abajo*, los que no saben por qué se ha producido la Guerra Civil ni saben qué defiende cada bando. Y ello pone el énfasis en el sinsentido del enfrentamiento bélico.

A esta perspectiva hay que sumar la focalización de la narración sobre el niño Juan de Luna (Tabernero, 2005: 661-662), que a veces parece ser el dueño de la voz narrativa ("Aún ahora, tantos años después, Juan de Luna la recuerda tejiendo con lanas de todos los colores", p. 41; "Cuando Juan de Luna era niño hubo una guerra. Esto es algo que no consigue olvidar, o que no quiere olvidar", p. 23; "Si

alguien le pregunta a Juan de Luna dónde está el centro de su universo mágico, dirá que en la plaza de Media Tarde, cuando él era niño", p. 21; "Juan de Luna es ya todo un hombre", p. 44). La focalización permite que también se utilice la perspectiva infantil como forma de describir la guerra y sus consecuencias. Ambos puntos de vista, el popular y el infantil, coinciden en su ingenuidad. La ingenuidad es uno de los rasgos característicos de los personajes: la de Damián, el fundador, que cree estar en la tierra prometida; la de los habitantes del pueblo, que creen poder aislarse de la guerra y, finalmente, la ingenuidad infantil, que quedará truncada por los acontecimientos.

Otro de los grandes aciertos de *Años difíciles* es la invención del pueblo de Media Tarde, territorio imaginario del que se nos cuenta, en la trilogía, su fundación, su apogeo –si es que lo hubo– y su desaparición. Media Tarde funciona como una metáfora del pueblo español: sus habitantes, de condición humilde, son meros títeres sacudidos por los acontecimientos, que se generan y deciden fuera del pueblo.

El recurso a la perspectiva de los hombres del pueblo es constante. Los propios orígenes del pueblo de Media Tarde, relatados en el texto que encabeza la trilogía, son humildísimos: lo fundan, por casualidad, un volatinero, Damián, y una madre soltera, su hija, personas maltratadas por la vida: "La moza de Damián, a lo peor de mal comer, tuvo un parto difícil y le fue necesario hacer reposo" (p. 11). Esta circunstancia azarosa y la ingenuidad del volatinero son la causa de la elección del lugar:

> Mientras Damián recogía ramas con que hacer un sombrajo, encontró trigo ya maduro.
> Damián era tan ingenuo como para creer en los prodigios.
> Bien podía haber sido el viento quien trajo la semilla desde los trillos de cualquier parte, pero Damián no pensó que al Norte y al Oeste les gustase sembrar la tierra.
> [...] Damián decidió quedarse porque sin duda ésta era la tierra prometida. (pp. 11-12)

Los siguientes pobladores son, también, de condición humilde, y también castigados por la vida: "Pocos días después llegó un matrimonio. Los dos eran mayores y la vida los había maltratado mucho. Buscaban donde esconderse. Venían escapados, ella de la angustia de saberlo a él en la guerra, y él no queriendo ser por más tiempo soldado matamoros" (p. 14).

El relato fundacional insiste en la insignificancia del lugar, en su pobreza: "La tierra es mala, pero no tiene dueño" (p. 14); "Media Tarde era un pueblo pequeño, del color de la tierra" (p. 15). Las primeras frases de *Años difíciles* insisten en ello: "Media Tarde es un pueblo pequeño y sin importancia. No suele aparecer en los mapas ni figura en las enciclopedias" (p. 21), y, luego, "Media Tarde no está a la orilla de una carretera principal, ni tiene un castillo, ni una mina de cualquier cosa" (p. 30). Los productos que produce la tierra son también precarios: "Por tener de qué vivir se dieron a sembrar trigo, trabajar el esparto y hacer carbón de encina. También plantaron cepas con las que hacer ese vino triste que casi siempre acaba en vinagre" (p. 14); "En Media Tarde sólo hay unas pocas vacas rubias, algunas cabras y huertas. Se hace un poco de azúcar de remolacha, queso blando y mal vino que va para vinagre a granel" (p. 30).

Como humildes que son, los habitantes del pueblo, alejados de toda ideología, arraigados a la tierra, se mueven por intuiciones y, en su ingenuidad, creen poder proseguir con sus vidas:

> –Vienen tiempos difíciles– dijo [el alcalde] al final.
> El padre de Juan preguntó:
> –¿Por qué es la guerra?
> Don Justo, que había sido cazador de zorros y hasta lobero, hizo una sugerencia:
> –Yo me aprendería las dos canciones y tendría las dos banderas.
> [...]
> Marcial, que sólo era labrador de un poco de tierra propia, olió el aire, miró a lo alto y murmuró:
> –Buen tiempo para sembrar melones (p. 24).

Los humildes, los de abajo, no tienen preferencia por uno u otro de los bandos; está claro que no saben cuál es la causa de la guerra y, de hecho, tienen grandes dificultades para saber a qué bando pertenecen los soldados que, en raras ocasiones, arriban al pueblo, cosa que no ocurre a los únicos partidarios conscientes, dos personajes notables, don Pablo ("señor don, rico por parte de padre, dueño de casi toda la vega", p. 24) y don Jacobo, "un señor que había sido algo importante" y que, a falta de escuela, enseña en su casa a los seis niños del pueblo (p. 28).

El resto de la población tiene una visión confusa de quiénes son unos y quiénes son otros: "los hombres, unos en el frente, no sé si con los buenos o los malos, y otros en el monte" (p. 53). Así se describe la llegada de unos soldados al pueblo:

> Pero un jueves, por la Pascua, de amanecida, volvieron los soldados. Eran doce con espadas y fusiles, a caballo, a las órdenes de un oficial que estaba de mal humor.
> No sé si eran los buenos o los malos. Eso no importa. A los vecinos de Media Tarde nadie fue a decirles:
> –Por esto nos peleamos. Decida y escoja campo (p. 54).

A raíz de las actitudes de los únicos personajes informados, don Pablo o don Jacobo, los habitantes de Media Tarde intuyen a qué bando pertenecen los soldados que ocasionalmente llegan por el pueblo, y así saben que los atendidos por don Pablo están del otro lado, son *los otros*:

> Don Pablo salió a recibir a los soldados, fue amable con ellos y ofreció su casa al capitán.
> Don Jacobo les dio la espalda y se encerró en su casa.
> [...]
> El padre de Juan de Luna, al ver lo que hacía don Jacobo, dijo:
> –Son los otros.

Desde esta perspectiva popular, la guerra es algo que no se desea pero que sucede. Pueblo al margen de todo, Media Tarde sufre sus

consecuencias, y para expresarlo suele usarse la personificación: "La guerra se vino poco a poco sobre Media Tarde. Lo hizo tan despacio que parecía no venir" (p. 26); "Los chicos no se daban cuenta, pero la guerra se iba entrando en media Tarde, despacio, sin hacer demasiadas muecas, casi de puntillas" (p. 31);

> Las mozas ya no reían como antes.
> Tras irse los hombres y los tres mozos, la guerra entró aún más en Media Tarde.
> No se oían cañonazos,
> ni cornetas.
> No se veían capitanes a caballo,
> ni tanques,
> pero la guerra estaba allí y era muy triste (p. 42).

La guerra se hace lejos, y en Media Tarde se nota su existencia por detalles muy concretos: un día deja de venir el periódico de don Jacobo, pero sigue llegando el de don Pablo, signo, según éste, que demuestra que "Las cosas empiezan a ir bien" (p. 31). Otro día deja de llegar el tabaco (p. 31) y así, en aspectos que afectan a la vida cotidiana, se aprecian los "años difíciles" que todos están comenzando a vivir: "Así, a pasos como este, una chica más en el precio del tabaco, un periódico que no viene, un autobús que se retrasa dos días, noticia tras mala noticia, la guerra se fue viniendo" (p. 32).

Finalmente, la guerra entrará en Media Tarde, ya no de puntillas, sino con paso fuerte, con la búsqueda de los desertores, entre ellos el padre de Juan de Luna, y con su ejecución en el monte. Si la narración privilegia los puntos de vista popular e infantil, la llegada de la tragedia al pueblo configura una estructura *in crescendo* que intuimos paralela a la maduración de los personajes infantiles. Así, al comienzo de la narración se nos cuenta la decepción de los niños al ver los primeros soldados, que a Juan de Luna no le parecen heroicos (p. 36). La despreocupada perspectiva infantil se pone en confrontación con las experiencias dramáticas de la guerra que los niños tienen que asumir:

> Por la tarde, a la hora de volver a casa, cansado de jugar a los soldados,
> aburrido ya de ser un capitán en un caballo blanco,
> o un tanque siguiendo las marcas que el tanque dejó en el camino,
> Juan de Luna encontró a su madre sentada en el poyo de la puerta.
> [...] El padre no estaba en casa (p. 38).

> La guerra pasaba como un aire triste, de invierno, frío, a subir y bajar las cuatro calles de Media Tarde.
> Se la podía oír en el silencio de la campana,
> en las burbujas de los pucheros,
> en que nunca era fiesta y en los juegos de los niños que todos los días tomaban un castillo al asalto,
> bombardeaban una ciudad cualquiera volando con los brazos abiertos alrededor de la fuente,
> o sin haber visto nunca ni un barco ni la mar, hundían un barco en los prados, mar verde y húmedo bueno para repetir la última hazaña oída por la radio de don Jacobo.
> La guerra, en Media Tarde, no pasaba de ser una espera larga y a veces tensa.
> Pero un jueves, por la Pascua, de amanecida, volvieron los soldados (pp. 53-54).

Otra de las características de esta obra de Farias es el perspectivismo con que el autor presenta la guerra, huyendo de maniqueísmos. Por ejemplo, formula las arraigadas ideas de don Pablo ("le habló de la guerra, de cómo unos tenían razón y los otros, sin duda alguna, eran unos malvados", p. 40), pero luego relata sus intentos de evitar el ajusticiamiento de los hombres escapados al monte (p. 56) y su silencio ante el enterramiento que dan los del pueblo a los ajusticiados: "Don Pablo se encerró en su casa. Hizo acostar a su hijo. No quiso ver ni oír nada. Quería ser inocente, le preguntase quien le preguntase; poder decir: –Yo no sé nada" (p. 60). Los soldados que ejecutan a los hombres huidos tienen conciencia de estar realizando un trabajo sucio, y uno de ellos, incluso, improvisa una cruz para hincarla en la tierra junto a la fosa donde se ha enterrado a los hombres (p. 58).

El estilo de Farias en *Años difíciles* es aparentemente sencillo, condensado (Vásquez Vargas, 2006: 171-173), predominando un tono lírico y pidiéndose la participación del lector para dar sentido a los frecuentes vacíos narrativos, ya que la narración no pretende ser totali-

zadora, optándose por la sugerencia de conexiones entre unos aspectos y otros de cuanto se describe: la relación entre la hija de Damián y el aprendiz de volatinero ("Cuando el mozo se puso en camino, a la hija de Damián le entró la tristeza", p. 14); la ideología de don Gregorio, el cura, que grita "¡Apocalipsis!" desde el púlpito (p. 26); las razones por las que los hombres se esconden en el monte.

Son raros los rasgos de humor, que aparecen, si acaso, al comienzo de la narración: "Las tres eran muy buenas en esto de plañir al pie de los difuntos. [...] Carmen daba unos gritos muy largos mientras Angustias lloraba de tenora, y la mujer de Marcial, que era muy flaca, hacía los bajos" (pp. 29-30). Son peculiares también la estructuración en "cuadernos" (que hacen pensar, tras la lectura del tercer relato de la trilogía, en una reconstrucción de la historia de Marcial a partir de la memoria oral de Justo) y la separación de las oraciones en distintas líneas, formando párrafos aparte. Aparentando sencillez estilística, Farias usa de recursos de gran efectividad, como el inventario heteróclito que describe el incesante fluir de la naturaleza, el orden natural de las cosas, que entra en colisión con algunos signos ominosos que preludian los acontecimientos por venir:

> Juan de Luna, mientras esperaba aquella guerra de la que se hablaba tanto, vio venir y anidar en la torre a la pareja de cigüeñas de todos los años.
> El mismo día las ranas se hicieron más discretas,
> los topos calaron más profundo y los ratones sólo asomaban por la noche.
> Juan de Luna cumplió un año más [...]
> La perra de don Diego tuvo la cuarta parida, esta vez seis cachorros de color pardo.
> [...] Llegó y pasó el tiempo de las cerezas (pp. 26-28).

La aparente sencillez del estilo, la desnudez expresiva de esta obra, están al servicio de la perspectiva, porque la voz narrativa que sostiene el discurso parece tener la misma ingenuidad que caracteriza a los habitantes de Media Tarde, sin que lo estorbe el tono lírico que impregna algunos pasajes.

Bibliografía

Tabernero, Rosa (2005), "El narrador en la literatura infantil y juvenil de los últimos años: algunas notas acerca de la focalización en los relatos bélicos", en V. Ruzicka Kenfel, C. Vázquez García y L. Lorenzo García, *Mundos en conflicto: representación de ideologías, enfrentamientos sociales y guerras en la literatura infantil y juvenil*, Vigo, Universidade, pp. 653-668.

Tamargo, Raúl (2001), "Crónicas de Media Tarde", en *Imaginaria*, nº 47, marzo [http://www.imaginaria.com.ar/04/7/cronicas.htm]

Vásquez Vargas, Magdalena Damaris (2003), "El realismo en la narrativa de Juan Farias", en A. I. Labra Cenitagoya, E. Laso y León y J. S. Fernández Vázquez (coords.), *Realismo social y mundos imaginarios, una convivencia para el siglo XXI*, Alcalá de Henares.

— (2006), "La expresión poética de lo cotidiano (a propósito de la narrativa de Juan Farias)", en *AILIJ*, nº 4, pp. 169-185.

— (2005), "El impacto de la guerra en el personaje niño. A propósito de la obra narrativa de Juan Farias", en V. Ruzicka Kenfel, C. Vázquez García y L. Lorenzo García, *Mundos en conflicto: representación de ideologías, enfrentamientos sociales y guerras en la literatura infantil y juvenil*, Vigo, Universidade, pp. 427-438.



10.6. Literatura contra a desmemoria: unha lectura de *Noite de voraces sombras*[91], de Agustín Fernández Paz

Isabel Soto
(Universidade de Santiago de Compostela)

Resumo: Sitúase *Noite de voraces sombras* na produción de Agustín Fernández Paz dentro do eixe temático centrado nas repercusións da Guerra Civil e na importancia de rescatar do esquecemento a memoria histórica. A novela relata a aventura de madurez interior vivida pola protagonista adolescente quen, guiada por unha presenza fantasmal, se achegará á figura dun seu tío avó, un mestre republicano que coa chegada da Guerra Civil viu fanados os ideais nos que cría e unha intensa historia de amor. Ao tempo a novela profunda na asunción de posicionamentos sobre o acontecido por parte das xeracións precedentes.

Summary: *Noite de voraces sombras*, it is normally regarded as a key point in Agustin's Fernández Paz literary production. It constitutes

91. Vigo: Xerais, col. Fóra de xogo, nº 64, novembro 2002, 167 pp. (ISBN 84-8302-910-3). En diante *NVS*.

a thematic issue which places a strong emphasis in the consequences of the Civil War and the relevance to prevent historic memory from being forgotten. The novel refers the adventure of internal maturity lived by the young protagonist who, led by a ghostly presence, will discover the character of his uncle-grandfather, a republican teacher who with the beginning of the Civil War, saw his ideals ruined as well as an intense love story. At the same time, the novel deepens in the assumption of positions concerning the topic by future generations.

Palabras clave: Guerra Civil e posguerra, memoria histórica, mestres represaliados.

Key words: Civil War and Post-war Period, Historic Memory, Retaliated Teachers.

Agustín Fernández Paz[92] é unha das voces narrativas máis salientábeis non só da LIX galega senón de todo o Estado español. Así o demostra a súa longa traxectoria, ateigada de importantes galardóns

92. Vilalba, 1947. Perito Industrial Mecánico, Mestre de Ensino Primario, Licenciado en Ciencias da Educación, Diplomado en Lingua Galega. Coñecido sobre todo pola súa faceta literaria, conta cunha ampla traxectoria no eido do ensino, labor do que se retirou en 2007 e nese sentido cómpre destacar a súa importante obra, espallada por xornais e revistas de pedagoxía e educación, arredor de temas como a normalización lingüística no ensino, a didáctica da lingua, a promoción da lectura, o estudo da LIX, a análise dos cómics ou a introdución dos medios de comunicación nas aulas. Os comezos da súa obra literaria remóntanse ao ano 1976, cando acadou o terceiro premio do Concurso de Contos O Facho por "Ao mellor voltan tamén as andoriñas". Pasados xa máis de trinta anos, nunca deixou de escribir, polo que resulta imposíbel citar, nas dimensións dunha nota a pé de páxina, todos os seus títulos e galardóns desde que comezou a súa traxectoria con *A cidade dos desexos* (1989) até as súas últimas obras publicadas polo de agora, *O único que queda é o amor* (2007) e *A pastelaría de dona Remedios* (2008). Remitimos ás persoas interesadas a visitar a detallada información sobre as distincións acadadas e as diferentes edicións das súas obras en www.xerais.es e na súa páxina persoal www.agustinfernandezpaz.com. Boa parte da súa obra conta con traducións a todas as linguas ibéricas e mesmo a outras ben afastadas do noso sistema

e de éxitos de crítica e público e alicerzada nunha poética coherente, cuxas claves, ou "marcas da casa" como el gusta dicir, contemplan, entre outros moitos aspectos, a presenza do sobrenatural no marco da realidade cotiá, o extremo coidado na construción de ambientes, atmosferas e personaxes, a evocación do pasado a través da memoria, a atención ao imaxinario cultural galego e aos conflitos arredor da identidade e o diálogo intertextual con textos e creadores de moi diversa procedencia.

Noite de voraces sombras nace, segundo ten manifestado o autor, a partir dunha noticia aparecida nos xornais hai varios anos, onde se contaba que se descubrira, ao tirar un falso tabique, libros e outros documentos que agochara un mestre republicano asasinado. A novela publicouse en 2002, nunha data aínda afastada de calquera sospeita de "oportunismo"[93] arredor do tan controvertido tema da memoria histórica, e pode considerarse pioneira na LIX galega ao tratar con sorprendente profundidade un tema até daquela pouco transitado[94], cal é a necesidade de rescatar do esquecemento –sobre

literario; é o caso de *Avenida do parque, 17*, traducida ao árabe, e *O meu nome é Skywalker* ao coreano. Outro dos seus títulos, *Cartas de inverno* (1995), considerado un clásico dentro do xénero de terror, chegou en 2007 á súa 20ª edición, todo un fito na LIX galega, feito que aproveitou o autor para revisar o texto –algo que nos últimos tempos vén facendo con moitas das súas obras– e engadirlle á nova edición o interesante épílogo, "Doce anos despois". O nome de Agustín Fernández Paz soa ano tras ano como candidato ao Premio Nacional de LIX, galardón que aínda non ten chegado. En 2007 foi designado candidato ao Premio Memorial Astrid Lindgren 2008 que outorga o goberno de Suecia.

93. Neste sentido, e como proba evidente do interese que o tema suscitou no autor desde datas ben afastadas do discurso a favor da recuperación da memoria histórica, e tamén como mostra da súa vocación de estilo, cómpre destacar que *NVS* tivo unha versión moi primitiva, en forma de relato, recollido no libro *Ninguén está só. 21 autores a prol dos dereitos humanos* (Amnistía Internacional/Editorial Tris Tram, 2001). Trátase dun relato de 22 páxinas titulado "A memoria dos soños rotos", ilustrado por Xan López Domínguez, que se abre cunha cita de Luis Pimentel: "Ti sabes que todos os días hai un home morto na cuneta / que ninguén coñece aínda". Nesa versión a protagonista chamábase Cristina, nome que despois pasou á nai.

94. Un aspecto que pode constatarse no volume *A memoria das guerras na Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, coordinado por María Jesús Agra e Blanca-Ana Roig (Xerais, 2004), e na panorámica dedicada ao tema e na selección que se ofrecen nas páxinas desta mesma publicación.

todo pensando na mocidade– o que aconteceu neste país nos anos previos á Guerra Civil e as consecuencias deste conflito, estendidas nunha longa e represiva ditadura.

Dentro da produción do autor encádrase no que se ten denominado o "ciclo das sombras" ou a "triloxía da memoria", deriva temática que amosa o interese por falar da memoria e rescatala iniciada polo relato "As sombras do faro", unha primeira versión do cal incluíse no volume colectivo *Historias para calquera lugar*[95] e, posteriormente, en *Tres pasos polo misterio*[96], continuada en *NVS* e pechada con *Corredores de sombra*[97]. Nos tres casos é evidente a recorrencia ás *sombras*, símbolo da memoria dos mortos na Guerra Civil así como do escurantismo, o silencio e o descoñecemento que os rodean. Non é o noso obxectivo abordar aquí unha exhaustiva comparanza entre estas tres achegas, por máis que o tema resulte de grande atractivo e rendemento para un posíbel estudo conxunto que a obra de Fernández Paz merece desde hai ben tempo[98]. Aínda así, incluiremos en nota algún apuntamento referido aos elementos que comparten e aos trazos que as diferencian.

95. Vigo: Xerais, col. Merlín, 2001. Volume co que a colección Merlín celebraba a publicación do seu número 100 e no que se inclúe "As sombras do faro" xunto a outros catro relatos de diferente temática doutros autores da LIX galega, todos eles ilustrados por Miguelanxo Prado. Esta versión do relato é sensibelmente máis esquemática e reducida que a posterior.

96. Vigo: Xerais, col. Fóra de xogo, nº 74, febreiro 2004, 203 pp. (ISBN: 84-9782-105-X). En diante *ASDF*.

97. Vigo: Xerais, col. Fóra de xogo, nº 91, marzo 2006, 220 pp. (ISBN: 978-84-9782-425-3). En diante *CDS*.

98. Outras voces críticas reafirman a nosa opinión. Sirvan como mostra as afirmacións de Ramón Nicolás ("Amor, desamor e literatura", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, 16 de febreiro de 2008, p. 11): "Por unha encomenda de carácter profesional dei en esculcar na atención crítica que suscitou entre nós a obra de Agustín Fernández Paz e, lamentablemente, confirmáronse as sospeitas que un acubillaba: o autor chairego, malia conducirse nestes vieiros desde hai anos cun indiscutible éxito de lectores e de crítica, é aínda un autor que carece xa non dunha monografía analítica, senón dunha demorada análise global que salientase o que foi, o que é o significado da súa achega para a nosa literatura contemporánea".

Mensaxes paratextuais e fíos temáticos

Os elementos paratextuais de *NVS* mediatizan a nosa entrada no texto, pois deixan entrever o propósito da obra e anticipan a súa temática achegando mensaxes provistas de significación. Así, no eido dos paratextos editoriais, a cuberta componse cunha colaxe na que se pode identificar un fondo de madeira sobre o que se colocan un mangado de cartas manuscritas en papeis envellecidos –pertencen xa que logo ao pasado– e mais a fotografía dunha muller que escribe e vira a mirada cara á unha fiestra enreixada[99]. Esa fotografía, segundo consta nos créditos, pertence ao filme de Víctor Erice *El espíritu de la colmena* (1973), e a súa presenza apunta cara ás concomitancias relacionadas coa dimensión fantástica[100] e cobra unha especial significación tras a lectura pola súa posíbel identificación con Sara Salgueiro no intre de redactar as súas cartas.

Idéntico valor funcional reside nos paratextos autoriais. O título da obra funciona como metatexto, xa que fornece unha clave de lectura da novela e contribúe á súa coherencia interna ao metaforizar os límites espazo-temporais evocados pola diéxese, ao tempo que funciona como unidade significativa autónoma de alto valor poético. As connotacións acrecéntanse tras a lectura dos versos[101] de *Fragmentos de un libro futuro*, do poeta José Ángel Valente, de onde procede a frase, que se converten en evocador limiar da obra, pois a reconstrución de fragmentos rotos e o seu rescate da noite de voraces sombras é precisamente a tarefa que levará a cabo a protagonista. Fernández Paz

99. Cfr. *A memoria das guerras na Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, op. cit., p. 32.

100. Lembremos tan só que no filme, ambientado en 1940, a vella casa na que viven as dúas rapazas protagonistas, vaise enchendo da presenza de algo impalpábel que só Ana, a pequena, parece decidida a descubrir.

101. "De ti no quedan más que estos fragmentos rotos. / Que alguien los recoja con amor, te deseo, / los tenga junto a sí y no los deje / totalmente morir en esta noche / de voraces sombras, donde tú ya indefenso / todavía palpitas". Tamén os versos de Valente encabezan e dan título a *Corredores de sombra*: "La memoria nos abre luminosos corredores de sombra". Idéntica funcionalidade reside nos versos de Lorenzo Varela en *ASDF*: "Queda eiquí, lonxe das vosas sombras".

estabelece así un diálogo cun dos seus poetas preferidos ao que ten recorrido en múltiples ocasións[102]. Lonxe de ser, pois, unha práctica inocente, este epígrafe forma parte dunha estratexia intencionada de inscrición do texto dentro dun ámbito de pensamento e unha liña de produción ideolóxica e estética que entronca coa dun autor, Valente, co cal a obra e o creador manteñen afinidades e conexións.

A novela reúne un conxunto de fíos temáticos que conforman un texto ateigado de matices. Por unha banda, non abonda con adscribila á etiqueta simplificadora de "novela sobre a Guerra Civil", xa que malia ser este o contexto elixido no marco argumental, *NVS* desenvolve un tema de alcance e dimensión universal: a represión, tanto física como ideolóxica, que a guerra provoca na sociedade que a padece, neste caso abordando as repercusión concretas nos vencidos e as súas fondas frustracións persoais, nomeadamente no terreo dos sentimentos. A importancia concedida á malograda historia de amor que manteñen Ramón Peña Díaz (o tío Moncho) e Sara Salgueiro é clave neste sentido. Mais aínda conflúen dous temas de gran relevo: a irrupción do sobrenatural, que instala a ambigüidade e a dúbida, pois o lector pode interrogarse sobre se a experiencia relatada pola voz narradora principal foi "real" ou froito dunha suxestión subxectiva; e a importancia de coñecer a memoria do pasado para avanzar no presente, dirixida neste caso a unha mocidade que descoñece –como ben se reflicte na historia– o acontecido.

Xa que logo asistimos á descuberta de Sara[103], unha adolescente de dezaseis anos que recrea nun caderno e a través dunha escrita evocadora, meditada e consciente, o que lle aconteceu dous meses atrás,

102. Nunha entrevista publicada no *Boletín Novidades Xerais* con motivo da publicación da novela, o autor aclara: "Cando saíu o seu libro póstumo, *Fragmentos de un libro futuro*, atopeime alí cun poema que parecía feito para o meu libro, que daquela estaba en construción". "A Valente descubrino contra fins dos anos 60. No 72 publicou *Punto cero*, unha obra que me marcou e me converteu en seguidor seu para o resto da vida. Hai poemas seus que sei de memoria". Entrevista en *El Progreso*, 17 de marzo de 2008.

103. Non deixa de resultar curioso reparar na idéntica sonoridade dos pares de nomes elixidos nos tres títulos para os personaxes: Marta-Miguel (*ASDF*) / Sara-Daniel (*NVS*) / Clara-Miguel (*CDS*).

durante o verán, un feito que transformou o mundo que até daquela coñecía e que a fixo madurar. En certo sentido o relato recorre ás convencións das novelas iniciáticas e neste caso o "rito de paso" cara á madurez relaciónase coa descuberta da memoria familiar soterrada e concrétase coa irrupción dunha presenza fantasmal no cuarto prohibido que noutrora ocupara o descoñecido tío Moncho e que agora ocupa Sara. Esa *sombra* semella reclamar da rapaza a recuperación dunha historia, persoal e colectiva, conscientemente silenciada[104] e a axuda precisa para dar cabo a unha conta pendente que lle permita descansar en paz. Será pois Sara quen indague e examine as pertenzas dese misterioso membro da súa familia e logre reconstruír o seu pasado e cumprir a súa vontade.

Nese proceso de recuperación da memoria abórdase tamén un nítido retrato da asunción de posicionamentos ao longo do devir xeracional, xa que son tres as xeracións implicadas no proceso. A transmisión dos feitos preséntase como unha cadea cuxos elos romperon nun momento dado, derivando no esquecemento total, no soterramento consciente da realidade, e o proceso abrangue desde o nivel familiar até o relato lexitimado nunha historia oficial que se difunde na escola e que asume sen cuestionamentos o conxunto da sociedade. É este un novo e ambicioso valor da novela, adobiada con outros moitos ingredientes, en ningún caso menores.

---

104. En *ASDF* asistimos á recuperación por parte dun protagonista adulto dun episodio ocorrido na súa adolescencia. Miguel, intrigado pola enigmática torre do faro de Pontebranca, da que todos na vila rexeitan falar, descobre na paraxe unhas figuras incorpóreas e inmóbiles. Anos despois coñecerá que nese lugar foron asasinadas moitas persoas na Guerra Civil, un feito silenciado e convertido en tabú por parte dos habitantes da vila. O dramatismo do relato acentúase na escena na que o protagonista adulto visita o faro para render a súa particular homenaxe á memoria dos mortos portando un ramo de rosas vermellas e descobre que se converteu nun monumento turístico máis. Tapiado o pozo no que se botaban os cadáveres, a sociedade segue ignorando e dándolle as costas á realidade dos feitos. Pola súa parte, en *CDS* a Guerra Civil funciona como pano de fondo da historia pois o interese neste caso céntrase no dilema moral e íntimo de Clara tras a descuberta do turbio pasado da súa familia, pertencente á estirpe dos vencedores; Clara debe asumir e aprender a vivir co que descobre, tomando as decisións oportunas en cada momento da súa vida en función da súa idade e das súas posibilidades.

A descuberta de Sara e os posicionamentos xeracionais

A protagonista adolescente guíanos coas súas palabras pola reconstrución dun proceso de maduración e polo trastorno emocional que implica o achegamento a uns feitos até daquela ignorados.

O primeiro capítulo, de carácter proléptico, estabelece os puntos de partida da narración: instauración da voz narrativa en primeira persoa, afirmación da escrita dunha historia persoal abordada desde a reflexión consciente e convenientemente elaborada que abre as portas ao misterio e acentúa a solemnidade do que se vai contar[105], e deseño do marco temporal e espacial.

A narradora encárgase axiña de advertir o lector das dimensións da experiencia que vai contar, atribuíndolle un carácter iniciático que recalca a súa mudanza interior, o seu novo xeito de ollar a realidade tras vivir uns feitos concretos que lle afectan profundamente porque son reais e auténticos, algo no que mesmo non acreditaba até daquela. Desbota tamén desde o primeiro momento as falsas expectativas que podería suscitar a existencia dunha relación amorosa que aínda que existe, nace consciente do seu carácter efémero, cinguido á maxia e á intensidade do verán. Con este relegamento da dimensión amorosa a un segundo plano, o autor distancia sutilmente a súa historia e a súa protagonista dun tema recorrente na LIX.

> [...] alí quedou abandonada a rapaza atolada e infantil que era eu, aínda que daquela non fose consciente diso e me tivese xa por unha moza maior. E non

105. Constitúen trazos comúns a escrita consciente e madura por parte dos narradores, que expresan o seu sentir e deixan constancia da súa historia con diferentes tratamentos da temporalización escollida: Sara (*NVS*) escribe case inmediatamente despois de vivir a súa experiencia, aínda adolescente, mentres que Miguel (*ASDF*) e Clara (*CDS*) o fan desde a madureza, o cal permite un desdobramento da voz narradora, a da visión adolescente e a da adulta. As cartas permiten ademais, no caso de Sara e de Clara, retroceder ao tempo da guerra, aínda que neste sentido o proceso vivido por Clara é moito máis intenso e complétase cos testemuños dos maiores que viviron aqueles acontecementos. En todo caso, os tres textos coinciden na defensa da necesidade de combater a desmemoria.

> o digo pola intimidade que cheguei a ter con Daniel, que tamén foi importante, coa descuberta de tantas sensacións que nunca experimentara ata daquela, senón polo terremoto que me cambiou a vida e fixo que a miña apaixonada relación, coma tantas outras cousas que eu cría esenciais, quedase arrombada nun deses recantos esquecidos da memoria.
> Ben sei que se este caderno fose o típico diario adolescente, *como os que tantas veces teño lido en novelas xuvenís*, eu agora tería que contar aquí as horas intensas que vivín con Daniel [...] Unha relación directa e sincera, quizais porque os dous sabiamos de antemán que o mes de agosto sería brillante e efémero coma as estrelas fugaces, e que debiamos aproveitar o tempo que o azar nos ofrecía de xeito gratuíto (pp. 10-11). [A cursiva é miña]

> Eu xa escoitara dicir que hai feitos que che cambian a vida, experiencias que marcan unha fronteira dentro de ti, un antes e un despois que en nada se parecen; pero sempre pensei que esas non pasaban de ser frases máis propias de novelas ou películas, algo que nunca tería nada que ver comigo. Atá ese verán, que foi cando ocorreron os sucesos que quero contar aquí (p. 12).

A seguir, Sara tece o seu relato cun ritmo demorado para deseñar os espazos e as motivacións, para ofrecernos detalles sobre a súa personalidade adolescente, entre eles o desgusto inicial que supón pasar o mes de agosto na casa de mamá Laura en Viveiro, espazo paradisíaco e fascinante cando nena, convertido agora en nube negra que interrompe os plans na cidade e frustra a liberdade acabada de conquistar. O fastío acrecéntase por mor da morte da avoa, que supón a ruptura da cadea afectiva que a une a Viveiro. A casa preséntase ausente de vida, con recendos de abandono e inevitabelmente esperta a memoria dos días felices en breves flashes.

Un cambio nos costumes habituais de acomodación de cada un dos membros da familia na casa levará a Sara a instalarse no cuarto do tío Moncho, un parente descoñecido que ocupaba aquel "cuarto prohibido", decote pechado baixo chave, un espazo que conserva un aire de intemporalidade descrito polo miúdo.

O pracer do reencontro coa amiga da vila e co resto da banda adía os plans de Sara de ordenar o cuarto e introduce a atracción física que sente por Daniel desde a primeira ollada que ambos intercambian. Aínda conmocionada polo estourar dos seus sentimentos, emprende na primeira noite a esculca dos libros do tío.

É entón cando irrompe na narración un feito sobrenatural[106] que leva ao seu corpo a poñerse en tensión e a sentir unha presenza inconcreta no cuarto, un medo absurdo, uns temores irracionais que non farán máis que incrementarse conforme Sara se achegue á análise daquel home descoñecido a través dos berros que emiten as súas pertenzas e os espazos que outrora ocupou –como o seu taller de carpinteiro[107]– e converterase no seu segredo até que a descuberta das cartas de amor de Sara Salgueiro e das anotacións do tío provocan a procura de respostas da voz dos adultos, nomeadamente de súa nai. As experiencias vividas no cuarto alternan coa intimidade crecente que Sara acada con Daniel no verán de Viveiro.

Fernández Paz, mestre na creación de atmosferas claustrofóbicas, dosifica as sensacións de Sara envolvendo o lector a través da descrición do espanto, o medo, o afogo, o terror, deseñando aos poucos a figura desa presenza do alén, a súa presión na cama, o seu axexo constante, até conducir ao desacougo total: naquel cuarto non había *nada*, conclúe Sara. Paranoia, ideas absurdas e ridículas son os cualificativos da parte racional da rapaza ante os feitos para os que non atopa explicación.

A descuberta do oco no armario, "a cámara secreta", supón o comezo da transformación de Sara. Daquela toman corpo real un conxunto de materiais: unha carpeta de cartón azul ateigada de papeis, un

106. *NVS* e *ASDF* comparten a presenza do elemento sobrenatural, algo ausente en *CDS*.

107. Os carpinteiros adoitan tamén aparecer na obra de Fernández Paz e neste caso é o oficio elixido para ocupar os días dun Moncho xordo e entregado ao seu traballo. O autor ten explicado esta recorrencia na entrevista que acompaña a edición en castelán de *Corredores de sombra* (SM, col. Os libros de Agustín, 2006, p. 12) realizada por Begoña Oro Pradera: "Mi padre era músico y carpintero, sí. Es evidente que el que el oficio de carpintero esté muy cercano a mí influye a la hora de buscarle una profesión al abuelo de Miguel. Me gustaba como era esa profesión. Ahora todo es distinto, pero antes un carpintero hacía todo el proceso de construcción de un mueble, desde serrar el tablón hasta tallar los adornos. Muebles hechos con voluntad de permanencia, como los que todavía hay en mi casa familiar". Resulta evidente a relación desta explicación do autor coas escenas nas que Sara describe o taller do tío Moncho ou repara nos mobles do cuarto e na súa requintada feitura.

estoxo de madeira repleto de fotos, un feixe de cartas e un caderniño con tapas de hule, a carón de exemplares de revistas galegas dos anos vinte e trinta, obxectos que en diante han axudar a reconstruír a personalidade e os avatares que rodearon a dramática existencia daquel home descoñecido. Sara sente a descuberta como de seu: "Ademais, sentía que aquela descuberta era miña e que, dalgún xeito, me correspondía a min examinar todo o que o tío (porque tiña que ser el; ¿quen, se non?) agochara naquela cámara secreta" (p. 66).

O abraio vai en aumento ao descubrir a historia de amor[108] inconclusa, un nome que coincide co dela, o de Sara Salgueiro, e ao ler unhas cartas espazadas entre 1932 e 1936 que conteñen o retrato social e cultural dun tempo de entusiasmo axiña dominado polo terror e a desesperación. Aquel material que o azar pon nas súas mans conforma unha "novela rebordante de vida"; aquelas palabras desprenden paixón, mais tamén inclúen acontecementos políticos e personaxes reais dunha etapa que Sara coñece das clases, referencias á literatura, ilusións de futuro –ante as que a rapaza só pode sentir un "nó na gorxa"–, e dedican especial atención á filosofía de traballo e á represión exercida sobre os mestres[109]. O tratamento íntimo e inmediato destes aspectos lógrase acertadamente grazas ao relato epistolar, que introduce voces narrativas que falan en primeira persoa desde o pasado e abordan, coa sinceridade propia desta modalidade discursiva nacida para o intercambio persoal e privado, a ruptura dos soños e ideais longamente acariñados.

108. Nos tres títulos os acontecementos van acompañados dunha historia de amor tamén diferente: en *NVS*, como xa apuntamos, dotada dun carácter efémero; en *ASDF* frustrada e en *CDS* prohibida desde os seus comezos polas diferenzas de clase, aspecto moi importante na conformación da personalidade de Clara, e logo esvaecida polo paso do tempo.

109. A represión exercida sobre os mestres en Galicia pode constatarse consultando o censo elaborado por Xosé Docampo (xenealoxia.org), onde se recollen os nomes de noventa fusilados. Algunhas das escenas e alusións que aparecen na novela constatan a barbarie represiva sobre este colectivo desde os primeiros momentos do golpe militar a través de expedientes informativos sobre o seu comportamento político, conduta moral e prácticas de ensinanza. As sancións contemplaban cuestións de militancia republicana, nacionalista, simpatías pola esquerda, irrelixiosidade, condutas inmorais, etc.

Malia a súa posición de personaxe secundaria, non cabe dúbida do excelente deseño da mestra Sara Salgueiro. As súas epístolas sinceras, agarimosas, cheas de amor, de paixón, de alegría, de tristura, de desesperanza, de loita por si mesma e por Moncho, reconstrúen para a adolescente unha nova dimensión do seu familiar, de entrada inaccesíbel, pois logran o retrato dun home na súa faceta máis privada, a sentimental, ao tempo que inciden nas ilusións e lecturas compartidas e nos seus gustos persoais.

Sara, aínda que nese intre só coñeza retallos do acontecido, pode chegar así a comprender perfectamente o que supuxo a chegada da guerra e a terríbel represión en termos de renuncia persoal. Sábeo de primeira man a través das palabras dos protagonistas do bando republicano e estas páxinas constitúen a cerna do relato, a parte máis intensa e conmovedora, tanto polo que relatan como pola conmoción que o lector sente canda Sara, porque as escenas están cheas de vida e respiran realidade: "Un escrito dramático e desacougante, que me deixou o corazón encollido, malia saber que o que estaba lendo se refería a sucesos xa perdidos na historia e que aquela muller, o mesmo que o tío Moncho, seguramente deixara este mundo había xa ben anos" (p. 75). A intensidade acentúase ao ler os plans de futuro e, sobre todo, a derradeira carta, convertida nun devalar pormenorizado da andaina desa muller namorada (pp. 76-78).

No medio deste mundo de sorpresas no que Sara se mergulla comezan as preguntas, mesmo as recriminacións perante o descoñecemento, convenientemente enfatizadas no rexistro expresivo:

> Sen embargo, polo que eu sabía, o tío Ramón non casara nunca. ¿Que fora daquel amor? (p. 68).

> Así foi como descubrín que Sara Salgueiro era mestra, o mesmo que meu tío (¿como é que nunca ninguén me falara diso?) Ela contáballe o ilusionada que estaba ante a perspectiva de comezar a dar clase e pedíalle ao tío que lle comentase cómo lle ía na súa escola de Cervo (¡o tío fora mestre en Cervo!) ¿Por que miña nai non me dixera nada nunca?) (p. 73).

> ¡O tío Ramón estivera preso! Despois das cartas de Sara, non era difícil adiviñar as causas do seu encerro. ¿Como é que ninguén me dixera nunca nada? (p. 80).

E do mesmo xeito a figura do tío Moncho muda de vez; dun simple nome que non significaba nada:

> Daquel tío Moncho eu pouco sabía. Morrera había moitos anos, aínda nin casaran meus pais. Fora o único irmán da avoa e sempre vivira con ela, pero para min non significaba nada: só era un nome que aparecía nas conversas de cando en vez e unha imaxe repetida nalgunhas vellas fotos familiares (p. 24);

pasa a cobrar unha nova dimensión grazas ás cartas que o tío intercambiou con outros homes do seu tempo: "A través delas, a imaxe daquel familiar distante cobraba unha dimensión nova, que viña completar a que xa intuíra nas fotos: unha persoa vivindo con paixón o seu tempo, comprometida con todo o que ocorría ao seu redor" (p. 79).

Idéntica función reveladora posúe a lectura do diario escrito no cárcere. Neses conmovedores apuntamentos ofrécesenos o percorrido do mestre polos diferentes cárceres, a vivencia directa do dramático ritual dos "paseos", proba das múltiples estratexias de presión do réxime franquista, a carón dos estados emocionais, como a "atroz desesperanza" a partir do ano 1939, as repercusións físicas que produce a infección nos oídos que derivará en xordeira crónica, a mala alimentación, as novas alegres que chegan do exterior –a voda de Laura–, que conclúen na desoladora imaxe na voz de Sara: "Había algunhas notas máis, pero logo o caderno remataba de xeito abrupto, víase que alguén arrincara as follas derradeiras. ¿Quen, se non o tío? Quizais as que faltaban eran as palabras máis amargas, as que nin tan sequera el quería volver ler nunca" (p. 89). Tres cartas de Sara Salgueiro, ocultas entre as páxinas dun libro de Neruda, amplían o arco temporal e tinguen a historia de amor de tristura cun final de dolorosa renuncia tras anos de espera interminábel e sen resposta, ao tempo que retratan a nova condena de Moncho, a íntima, "máis aceda e máis cruel porque era irreversíbel" (p. 124).

A descuberta de Sara esperta ademais o seu desexo de coñecer detalles sobre a mocidade de seus pais, os seus e gustos pensamentos daquela (pp. 96-100), e provoca un achegamento decisivo a súa nai na procura dos porqués de tanto ocultamento. Unha vez obtida a

información, Sara, elemento central deste retrato xeracional, chega ao coñecemento e á comprensión, mesmo da actitude da avoa de conservar todas e cada unha das pertenzas do irmán nese santuario intocábel consagrado a manter a memoria: "Agora que o penso, desde a distancia, entendo a decisión de mamá Laura, que daquel xeito quizais loitaba contra o avance imparable do tempo. E supoño que miña nai o único que pretendía era prolongar aquela vontade da avoa" (p. 51).

A actitude de Mamá Laura adquire pois pleno significado nesa cadea de transmisión. Coetánea dos feitos, tece un manto de silencio, instaura a prohibición de se achegar ao cuarto do irmán, ao que só ela accede, se cadra por medo ou por obviarlles aos seus o dolor das lembrazas. Mais malia ese comportamento, intúese que o nome que teimou en pórlle á neta ten un aquel de recoñecemento á existencia de Sara Salgueiro. Talvez esa escolla, sen razóns aparentes e incomprensíbel para o resto da familia (p. 68), agoche a homenaxe silenciada a unha relación de grande importancia para seu irmán co fin de perpetuar a súa memoria.

A evolución da postura da nai de Sara, movida pola transcendencia das descubertas da filla, é a máis marcada e valente e representa de maneira emblemática o que lle aconteceu a toda unha xeración que viviu os grises tempos da posguerra, culpábel de cubrir a historia cunha "lousa de silencio", de que se estendese a mentira, rexeitando recuperar e difundir o pasado. Tras as súas primeiras manifestacións arredor da postura da avoa –"Miña nai era moi boa, pero tamén moi rariña (...) este empeño en gardar todo o do tío, coma se algún día fose volver, nunca o entendín" (p. 25)–, e a súa intención de seguir adiante mantendo o silencio –"a vida segue (...) non ten sentido que o cuarto siga baleiro, despois de trinta anos" (p. 25)–, abre a caixa dos recordos, un aspecto delicadamente expresado recorrendo á imaxe fílmica dese "tempo do desxeo" que pon ao descuberto a existencia de cadáveres[110]. Por fin a nai é quen de verbalizar

110. Unha imaxe que tamén está en *ASDF*: "os mesmos fantasmas que só poderán atopar acougo cando remate no noso país o tempo do desxeo, ese tempo inacabable que semella querer acompañarme durante o que me quede de vida".

o relato oculto, restaurando así a cadea de transmisión interrompida ao longo de tantos anos e pronunciándose a favor da necesidade de coñecer o acontecido, mesmo pese aos intentos institucionalizados de ofrecer unha interpretación parcial e deturpada dos feitos:

> ¿Que sabías do tío Moncho antes de leres isto? ¿E que sabes desa guerra tan terrible que a avoa non quería nin lembrar? Seguramente nada, catro cousas mal contadas, porque andamos a edificar sobre a desmemoria. (...) Hai anos, quizais nin te acordas, chegaches un día do colexio contando que o profesor vos explicara da guerra civil: unha liorta entre irmáns, onde os dous bandos tiveran a mesma culpa; esa era a conclusión que o resumía todo. Lembro que calei e non che dixen nada, deixei que esa amarga mentira seguise estendéndose; ao cabo, qué máis tiña o que pensases ti dunha etapa que xa quedaba tan lonxe. Hoxe vexo claro que aquel día lle dei unha labazada á memoria do meu tío, e á de todas as persoas que, coma el, un día soñaron un mundo diferente. Non ten sentido o rancor, ben o sei, pero aínda o ten menos o esquecemento e a mentira. ¿Como se poden igualar as víctimas e os verdugos? Debes coñecer qué pasou aqueles anos para que nunca se repita, e tamén para honrar a memoria de tantos soños rotos (p. 103).

O seu discurso contra a desmemoria vai acompañado do rescate de lembranzas para reconstruír a imaxe do tío Moncho, "un segundo pai", un delicado construtor de xoguetes de madeira, un auténtico artista, un home xordo e intelixente que "só falaba as palabras contadas", como unha terrible metáfora daqueles anos, un mestre, un activo participante na vida cultural e política do seu tempo, un home ferido que andou de cárcere en cárcere... Tamén se pon de manifesto a importancia do achado de Sara á hora de completar os aspectos que descoñece do acontecer máis privado de Moncho, pois nada sabe da existencia de Sara Salgueiro nin do feito de "que gardou os seus ideais como un tesouro secreto" (p. 108). O proceso culmina co legado do relato, que completa no tempo os fíos da historia, co acto de entrega dos tesouros atopados e co seu apoio sen físgoas aos desexos da filla para viaxar á Illa de San Simón, se cadra nun intento de reparar a súa actitude anterior: "Será porque penso que es ti quen pode recoller as ideas do tío e facelas revivir. Os da miña xeración xa non temos remedio" (p. 109).

Esta nai representa o posicionamento do autor, pertencente a esa mesma xeración, e reflicte literariamente o seu punto de vista arredor da necesidade de recuperación dunha memoria oculta e a súa divulgación entre os máis novos, se temos en conta as súas manifestacións:

> Creo que es evidente que la Guerra Civil es un tema que no está cerrado, no hay más que ver la abundancia de libros sobre ella. Si se quiere superar de verdad, hay que recuperar la memoria de las víctimas, las de la guerra y las de la larga posguerra. No se puede pedir que olvidemos lo que pasó porque la sociedad no lo conoce y no se puede olvidar lo que no se conoce previamente, o lo que se conoce solo de un modo parcial. En este sentido, mi generación es paradigmática. Crecimos sin saber nada de lo ocurrido, solo teníamos la versión oficial de la dictadura, llena de falsedades y de omisiones. Crecimos ignorantes de una historia que tanto nos condicionó la vida. Y esta especie de amnesia social se extiende a las generaciones más jóvenes que no saben nada de todo aquello[111].

NVS plasma pois con acerto ese devir xeracional e ese proceso de toma de posicionamentos, unha dimensión ben interesante da historia que revela a súa capacidade de sedución de lectores novos e adultos, pois todos se poden sentir reflectidos nos comportamentos e actitudes tratados literariamente por moita distancia temporal que separe a publicación do libro da súa lectura e a pouco que se indague na historia familiar. Coñecer, comprender e non esquecer son as armas para loitar contra a desmemoria. A presenza sobrenatural acada finalmente o seu descanso cando a adolescente atopa o obxecto escondido na Illa e o coloca no dedo, símbolo de que a historia foi rescatada e salvada do terríbel esquecemento.

Libros e escenarios cargados de simbolismo

NVS, como o resto da produción de Fernández Paz, reúne nas súas páxinas unha selección de autores e obras presentes a través da cita explícita que dan pé a ricas interpretacións. O rexistro da biblio-

111. Entrevista na edición castelá de *Corredores*, *op. cit.*, pp. 15-16.

teca do tío Moncho proporciona neste caso a escusa para descubrir outra faceta da súa personalidade, a do voraz lector de novelas de aventuras, de ciencia-ficción, de poesía francesa ou dos *Veinte poemas de amor y una canción desesperada*, de Neruda, expresión poética por excelencia do amor. Os exemplares agochan lembranzas no seu interior e dan conta dun home intelixente, culto e sensíbel.

Acada unha especial importancia para os intereses do relato a mención dos libros e autores galegos –*A rosa de cen follas*, de Cabanillas; *Poemas do si e non*, de Cunqueiro; as obras de Otero Pedrayo, Risco, Castelao, Rosalía, Manuel Antonio–, pois concentran un valor simbólico que alude á persecución da nosa literatura dentro do marco temporal ao que alude a novela, un simbolismo que se incrementa coa descuberta de exemplares agochados de revistas como *Nós*, *Ronsel* ou *Galiza*, publicacións de finais dos anos vinte ou comezos dos trinta que dan conta do vizoso panorama da cultura galega nos anos previos á Guerra Civil. Reparar na existencia destes testemuños, a maioría deles en edicións orixinais, alicerza o deseño dun home de ideoloxía galeguista e supón unha nova revelación para Sara desde o punto de vista da pertenza a unha cultura cunha historia de seu:

> Foi como se, de repente, cobraran unha dimensión nova para min. Velos alí era moi distinto que estudialos, como tivera que facer este ano, pois iso significaba que o tío Ramón os lera ao pouco de se publicaren, cando aínda ninguén podía imaxinar que quedarían para sempre na historia da literatura (p. 36).

As referencias literarias intégranse tamén no discurso e a través delas interprétanse aspectos da realidade cotiá e defínense sensacións. Así acontece coas múltiples identificacións de Sara a partir da literatura –como a do "cuarto prohibido" con *Barba azul* ou coa estancia secreta dos irmáns Grimm en "O paxaro do engano" (p. 24); a mención do relato de terror "A visita", de Xohán Casal (p. 41) para verbalizar a sensación de desacougo; ou a da pantasma de Canterville (p. 131)–, que dan conta da súa enciclopedia de adolescente lectora, talvez "contaxiada" na súa afección pola relación de seus

pais cos libros. Sara non dubida en se mergullar na lectura para coñecer a historia da Illa de San Simón, tanto a través da internet como de estudos publicados en libros, e mesmo asume como lema de futuro unha fermosa cita de Jack London: "Prefiro ser, antes que un planeta adurmiñado e estable, un espléndido meteoro con todos os meus átomos brillando cun magnífico fulgor"[112].

A música de *Clandestino* de Manu Chao acompaña a Sara mentres emprende a descuberta desa figura que viviu a súa dor na clandestinidade, mentres que os Kinks, os Beatles ou os Rolling Stones forman parte da evocación do pasado da xeración de seus pais. A novela recolle ademais todo un conxunto de alusións que forman parte da cultura e da historia de Galicia (as Irmandades da Fala, as Misións Pedagóxicas, a campaña do Estatuto de Autonomía de Galicia) e mesmo a mención de persoeiros que se viron afectados pola persecución e o exilio: Castelao, Maruxa e Luís Seoane, Carme e Rafael Dieste.

E finalmente, cómpre reparar na homenaxe que a novela rende a un escenario singular recreado con esmero: a Illa de San Simón. Ademais de introducir moitos dos aspectos relativos á súa rica historia –desde a alusión á cantiga de Mendiño, aos templarios, aos galeóns afundidos nas súas augas ou á existencia dun lazareto, até a súa relación, real e literaria, con Verne–, a elección da Illa como lugar de encerro de Moncho non é en absoluto inocente, pois incide no desexo de recuperar a memoria dun espazo cunha paradoxal conxunción de beleza e traxedia, como ben recolle o diario do tío, poñendo de manifesto a descoñecida historia que o rodea[113].

---

112. Igual que Clara (*CDS*) asume a cita tomada de *Retrato do artista cando novo*, de James Joyce, como unha filosofía vital de seu: "Non servirei por máis tempo a aquilo no que non creo, chámese o meu fogar, a miña patria ou a miña relixión. E tratarei de expresarme nalgún modo de vida ou arte, tan libremente como poida, tan plenamente como poida, usando para a miña defensa as únicas armas que me permito usar: silencio, desterro e astucia".

113. No ano de publicación de *NVS*, non estaba permitido o acceso público á Illa de San Simón, fermoso enclave situado na ría de Vigo. As guías turísticas non adoitan mencionar, ou fano de pasada, a parte máis sinistra e recente da súa

NVS é en definitiva un ambicioso exercicio narrativo. Á historia de amor construída con discursos e situacións que son percibidos como auténticos polo lector, únese a homenaxe explícita aos protagonistas dunha aventura pedagóxica exemplar, como foron os mestres da República: aos que morreron, aos que tiveron que exiliarse e aos que quedaron aquí, represaliados e condenados ao silencio. O relato plasma ademais a vontade do autor de darlles a coñecer ás novas xeracións ese pasado, pois a Guerra Civil e a amarga posguerra seguen a ser feridas abertas, malia as voces que se refiren a elas como feitos xa esquecidos. Cremos que deste desexo nace desenterrar un dos moitos mortos ignorados e devolverlle a dignidade. Son seres de ficción, pero a historia de Ramón Peña Díaz e de Sara Salgueiro representa a de milleiros de persoas anónimas cuxas existencias se ven fanadas por mor dun conflito. É así como desde un contexto particular se configura unha historia de alcance universal.

historia, a súa utilización como colonia penitenciaria polo exército nacional. De 1936 a 1943 foron moitos os recluídos en San Simón. Os "paseos", a enfermidade, a inanición, a tortura, os intentos de fuga provocaron que os máis atopasen alí a morte e de feito poucos foron os que sobreviviron. Libros como os que se citan na novela, *De cárcel en cárcel* (1988), de Diego San José, e *Aillados. A memoria dos presos de 1936 na Illa de San Simón* (1995), de Antonio Caeiro, Juan A. González e Clara Mª de Saá, constitúen as fontes reais e relativamente recentes que divulgan a historia. A petición dun permiso especial para visitar o lugar que tamén se recolle na novela é así mesmo un aceno do autor á realidade, que menciona a Xavier Senín como a persoa que consegue o permiso para a visita, o Hostal Antolín, o barqueiro que acompañaba os visitantes e o garda da Illa. Existe un documental, titulado *Aillados* e dirixido por Antonio Caeiro (DVD, A Coruña: Buxó Producións, 2004), que recolle testemuñas recollidas entre 1987 e 1992 sobre o sufrimento dos presos da illa que pode ser un excelente acompañamento da lectura da novela.



10.7. La mirada adolescente de *Celia en la revolución*, de Elena Fortún[114]

Mª Victoria Sotomayor
(Universidad Autónoma de Madrid)

Resumen: Celia, el conocido personaje creado por Elena Fortún, nos cuenta su personal experiencia de la Guerra Civil española en un relato directo y sincero que discurre entre julio de 1936 y marzo de 1939, cuando parte hacia el exilio. Es una obra de fuerte carga autobiográfica que no llegó a ser publicada por su autora, en la que la mirada adolescente de Celia refleja el asombro, el dolor y la amargura ante un conflicto que nunca debió ocurrir.

Summary: Celia, the well-known character created by Elena Fortún, tells us about her personal experience of the Spanish civil war in a direct and sincere story that runs between July of 1936 and March of 1939, when she leaves for exile. It is a work with a strong autobiographical content that wasn't published by its author, in

114. Il. Asun Balzola, edición y prólogo de Marisol Dorao, Madrid: Aguilar, 1987, 304 pp. (ISBN: 84-03-46116-X).

which the adolescent glance of Celia reflects the astonishment, the pain and the bitterness in a conflict that never had to happen.

Palabras clave: Celia, Guerra Civil, autobiografía.

Key words: Celia, civil war, autobiography

Celia en la revolución es una novela sobre la Guerra Civil española, que se hace presente ante el lector de forma directa e inmediata con todo su dramatismo, con su infinito dolor. Pero es una novela peculiar por dos razones que, en el fondo, vienen a confluir en una sola: en el conjunto de la obra de su autora es como una nota disonante, con un registro insólito y distinto que la hace especial; y es una obra que la autora no llegó a publicar y que quedó como borrador manuscrito sin revisión. ¿No la publicó por ser distinta? ¿Cómo interpretar este relato de dolor y miseria que brota primero del asombro y luego de la amargura de una adolescente como Celia? ¿Por qué escribió Encarnación Aragoneses (Elena Fortún) una historia que luego no pudo o no quiso publicar? Cabe pensar, quizá, en la función catártica que pudo tener un relato de fuerte carga autobiográfica escrito inmediatamente después de la guerra. Emotividad, desesperanza, amargura, preguntas sin respuesta; también desconcierto, frustración, soledad y miedo: esto es la guerra; esto es la vida real. Pero esta no es su Celia, no puede serlo. La niña feliz, imaginativa y divertida que creaba sin cesar mundos fantásticos sobre la vida cotidiana, no puede transformarse de pronto en una adulta prematura agobiada por el peso de una realidad desoladora. ¿Es por esta imposible transmutación por lo que el libro no pasó de ser un emotivo y necesario desahogo de Encarna Aragoneses? Quizás. Nunca podremos saber qué había dentro de ella cuando, en su exilio bonaerense, escribe: "Hoy, 13 de julio de 1943, termino de poner en borrador *Celia en la revolución*". Sólo

nos queda la obra que publicó Aguilar en 1987 tras la recuperación del manuscrito por Marisol Dorao, que fue también la responsable de la trascripción y edición.

Se advierte en su prólogo y en la nota de los editores acerca de los numerosos problemas textuales que ha planteado un borrador no revisado por la autora, escrito a lápiz, con abreviaturas y grafías ininteligibles, palabras y frases incompletas especialmente en los finales de capítulo. Esto explica la dificultad de reconstrucción de un texto donde hay errores, imprecisiones e incoherencias tanto de contenido como de expresión, y advierte sobre la cautela con que se debe abordar el análisis y, sobre todo, la valoración del discurso narrativo en algunos de sus aspectos.

Los estudios de Marisol Dorao (1999), Paloma Uría (2004), García Padrino (1986), Manuel F. García (1986) y otros han permitido fijar la obra de Elena Fortún a partir de los primeros textos publicados en *Gente menuda*. A los cinco libros iniciales de la serie de Celia siguen los cuatro protagonizados por su hermano Cuchifritín y los dos por su prima Matonkikí (dejamos aparte otros de temática distinta que se intercalan entre los mencionados); a continuación (1939) se publica *Celia madrecita*, escrita probablemente en los primeros años de la guerra y, según Marisol Dorao (1999: 128-130), al tiempo que maduraba la crónica sobre la Guerra Civil vivida por Celia. Cuando parte al exilio con su marido, Eusebio Gorbea, acaba de aparecer esta obra que termina con una frase bien significativa:

> ¿Qué día es mañana?
> - Es 18 de julio… ¡Ojalá vuelvas pronto! –dijo el abuelo.
> Y el corazón se me apretó sin saber por qué (p. 204).

El siguiente libro publicado de la serie de Celia es *Celia institutriz en América*, en 1944. Celia y su familia están en Argentina. La situación ha cambiado radicalmente y sin explicación, algo que siempre existe en el resto de sus obras. Hay un vacío evidente entre estos dos libros: el que ocupa ese borrador inédito, salido de lo más hondo de su dolor, que es *Celia en la revolución.*

Crónica de una guerra

Cuando comienza la obra Celia y sus dos hermanas pequeñas viven en Segovia con su abuelo. Estamos en julio de 1936 y comienza la Guerra Civil. Tras unos primeros días de confusión ("aquí han vencido los sublevados", p. 21, dice el abuelo) y la detención del abuelo, Celia, las dos niñas y la fiel Valeriana huyen hacia Madrid. A partir de aquí, y como si de un diario se tratara, Celia va contando su día a día en el Madrid bombardeado, con su padre herido en el Hospital de Carabanchel, los fusilamientos nocturnos, las denuncias y requisas y su personal peripecia para sobrevivir. La casa de Chamartín de la Rosa, en las afueras de Madrid, donde se respira un relativo bienestar, se convierte en un campamento de refugiados. Capítulo a capítulo asistimos al deterioro de la vida, la división de las familias y las dolorosas historias personales que ponen cara y sentimiento a este tiempo de guerra. Durante estos años Celia viaja a Valencia, donde había enviado a sus hermanas, luego a Albacete y de nuevo a Valencia. Aquí se encuentra con Jorge y vive el nacimiento de su amor, aunque Jorge pronto debe partir hacia el frente. En noviembre del 37 Celia parte hacia Barcelona, donde piensa reunirse con su padre y hermanas, y allí permanece hasta abril del 38 en que regresa de nuevo a Madrid para vivir otra vez los bombardeos, el hambre y la desoladora experiencia de la derrota. El 18 de marzo de 1939 embarca con rumbo desconocido en el puerto de Valencia, en la más absoluta soledad.

Este relato directo de la guerra a través de los ojos de Celia es, antes que nada, un documento de época de primer orden. La veracidad de los hechos está ampliamente contrastada con documentos que prueban la realidad de lo narrado y justificada por la credibilidad de quien los ha vivido en propia carne, como pone de manifiesto la biografía de la autora. Parece la vida de Celia, pero es su propia vida lo que cuenta. Son sus amigos, su marido, su casa, sus actividades, sus experiencias y relaciones las que arman esta historia estremecedora, que deja ver no tanto las ideologías como el sufrimiento de las gentes.

Tomando como base los artículos que la autora envía a la revista *Crónica* y los datos biográficos procedentes de cartas, entrevistas y otros documentos, Marisol Dorao desgrana paso a paso la vinculación entre los episodios del libro contados por Celia y los vividos o conocidos por Elena Fortún (1999: 111-142).

Pongamos un par de ejemplos. En el capítulo IV, "El hospital militar de Carabanchel", cuenta las visitas diarias que Celia hacía a su padre, herido de bala en el pulmón, como las hacía la autora a su marido en las mismas circunstancias. Allí oye hablar del general López Ochoa:

> Está aquí el general López Ochoa, el que sofocó la revolución de Asturias… ¿Será…?
> Los patios se han quedado vacíos… Anochece. El cielo, que era rosado hace un instante, se apaga poco a poco.
> De pronto, algo así como si descargaran un carro de piedras se oye muy próximo.
> -Es una descarga de fusilería –dice papá–. ¡Le han fusilado! (p. 52).

Y más adelante ve a una mujer que lleva algo en la mano:

> Era la cabeza de López Ochoa…
> -¡Canalla, qué crimen hizo en Oviedo! (p. 53).

Carmen Durán, amiga de Encarna en Buenos Aires, había perdido a su marido y a su suegro en la revolución de los mineros asturianos de 1934, que López Ochoa aplastó de manera sangrienta.

En el capítulo VII, "Chamartín de la Rosa", contrasta el relativo bienestar de Celia y su familia en este chalet (que fue vivienda de Encarna Aragoneses) con las tristes historias particulares de la gente que huye del bombardeo de Talavera:

> -¡De Talavera! –dice papá–. Allí se está librando la batalla ahora…
> La muchacha es alta y fuerte. Me cuenta que han llegado esta mañana con otros cientos de personas… los fascistas han tomado Talavera… (p. 85).

Efectivamente, el 3 de septiembre de 1936 el general Yagüe toma Talavera tras un violento asalto que Guadalupe describe así:

> ¡Horrible ha sido, señorita! Ardía toda la ciudad ayer tarde, como un brasero. Por la noche se veía el cielo rojo de las llamas…yo he salido con lo puesto, como todos… (p. 85).

El 18 de octubre de 1936 aparece un artículo en *Crónica* titulado "Mujeres y niños. Víctimas inocentes de la guerra", donde Encarna Aragoneses cuenta algunas historias que Celia reproduce en el capítulo mencionado.

Los ejemplos se multiplican, ya que el libro consiste precisamente en una sucesión de episodios y personajes vinculados a la historia personal de Elena Fortún.

Las ideas

Interesa preguntarse por las líneas de pensamiento que trascurren bajo el relato de los hechos. Porque no es, qué duda cabe, un informe aséptico e ideológicamente neutro: es el relato de una experiencia traumática en la que se pone a prueba la misma condición humana y la mirada inocente no cesa de preguntarse por qué.

Algunas de estas líneas se perfilan claramente: el carácter fraticida de la guerra, que enfrenta hermanos y divide familias; la experiencia del dolor, que iguala a todos los que sufren injustamente; y unido a esto, el desconcierto del personaje que se pregunta una y otra vez quién tiene razón; el valor de la amistad y el amor; la generosidad en situaciones difíciles. Es decir, los valores humanos puestos a prueba, la degradación a que toda guerra conduce, la diversa capacidad de respuesta individual. Y también las convicciones republicanas de Celia (y de la autora) influida por su padre, por Jorge y otros a los que quiere.

Pero que la mirada adolescente de Celia está más cerca de las historias humanas que de las ideologías lo prueba el hecho de que las únicas expresiones de pensamiento político que hay en la obra están en boca de personajes como el abuelo de Celia, su padre o Jorge, todos ellos apasionados defensores de la libertad, la democracia y la justicia social. De la otra parte, algunos de los personajes con los que Celia entra en contacto también se muestran vehementes en sus ideas:

> ¡Usted es una enemiga de nuestras santas instituciones y del orden social!, dice doña Clara ante la estupefacción de Celia (p. 298).

Celia no entiende de política, no sabe qué es la Falange ni el Partido Comunista, y una y otra vez se pregunta quién tendrá razón. Y aunque al final de la obra asume la derrota ("¡Lloro porque hemos perdido la guerra!", p. 269), de su relato llegamos a pensar que la guerra la han perdido todos los que han sufrido, los muertos, los que han perdido su casa, los que han traicionado a sus amigos por buscar su propio interés, los que han perdido la dignidad. La verdadera y rotunda crítica es hacia la guerra en sí misma, que degrada al ser humano, y en especial a quienes la provocan:

> Hija, nos hacemos malos, miserables… La miseria nos va invadiendo el alma (p. 118).

> ¡No hay castigo bastante para el que desata las revoluciones! (p. 135).

> -¡Es la guerra! Una exacerbación de todo lo salvaje y primitivo que todos llevamos dentro… Parece que todo lo que la civilización ha ido tejiendo en torno nuestro se afloja o se rompe… ¿No lo ves en todo? Hasta por la calle se anda de otra manera… Todo se ha desquiciado… Espiritualmente hemos sufrido un terremoto y hasta lo más íntimo y sagrado se tambalea, o se derrumba… Créeme… los que provocan las revoluciones son unos verdaderos canallas (p. 138).

Este parece ser el núcleo del pensamiento de la autora: la guerra degrada al hombre, a todos por igual, y eso es responsabilidad de quienes la provocan. Más aún: el ensañamiento de los bombardeos contra la población civil, contra los que huyen, contra los que ya están vencidos, en lo que se ha dado en llamar "guerra total" o "guerra totalitaria"[115], es la más irracional de las perversiones:

115. Sendos reportajes aparecidos en *El País* y *La Vanguardia* el 16 de marzo de 2008 con ocasión del aniversario del bombardeo de Barcelona hacen referencia setenta años después a este concepto de guerra ("guerra de saturación", dice *La Vanguardia*) inédito hasta entonces: un ataque masivo a una ciudad, sin objetivos militares, para sembrar el caos y la desmoralización entre la población civil. La masacre se recuerda con una serie de actos de los que se informa en www.barcelonabombardejada.cat.

> …Creo que se llama Ludendorff el que inventó la guerra totalitaria.
> -¿Cómo?
> -Esta guerra que ataca a las ciudades y a las gentes civiles que están en su casa sin meterse con nadie… Te digo que no creo que haya un infierno bastante horrible para castigar tamaños crímenes… (p. 192).

Y esto en nombre de una religión que Celia no reconoce: "¿Y sois vosotros los cristianos? ¿Y eso lo manda Dios?" (p. 148), dice un personaje al contar los bombardeos fascistas a la gente que huye. Porque el sentimiento religioso de Celia es lo que, al fin, le da fuerza para seguir: "¡No, no estoy sola! –me repito para darme ánimo–. ¡Estoy en las manos de Dios!" (p. 300).

Es la frase con la que cierra el libro, en un final totalmente abierto que deja a Celia sola y sin recursos esperando para embarcar hacia un destino incierto.

Los personajes

Bien se puede decir que esta obra es un auténtico mosaico de gentes anónimas, protagonistas de historias heroicas o miserables, que desfilan por la vida de Celia a lo largo de estos tres años. Algunos de estos personajes proceden de obras anteriores y forman parte del universo literario creado por la autora: su padre, la tía Julia, el primo Gerardo, sus hermanas Teresina y María Fuencisla, Valeriana y el abuelo, María Luisa (antigua compañera de instituto) y el propio Jorge, al que ha conocido en *Celia madrecita*. Estos son los que sostienen la historia de Celia y le dan continuidad.

Otros pertenecen a la historia personal de la autora: Laurita de los Ríos, Isabel García Lorca, Manuel Aguilar y su esposa Rebeca… Y otros muchos son gentes de paso, conocidos en las colas para conseguir alimentos, en el tranvía, el albergue de niños, las pensiones donde se aloja o sus accidentados viajes. Cada uno de ellos, portador de su propio drama o de su propia mezquindad, constituyen el paisaje humano de una guerra; un paisaje compuesto por infinidad de piezas que se ensamblan en un único marco y donde se pueden

encontrar las más brillantes muestras de generosidad y heroísmo junto al gris de la tristeza, el blanco del dolor y el negro de la crueldad y la traición. Y está, desde luego, el personaje colectivo creador de ambientes:

> Blasfemias, juramentos, risas, llantos de niños…Se ha llenado el pasillo. El que tiene maleta se sienta en ella, otros en el suelo. Los de la plataforma se apiñan junto a la puerta tratando de entrar… Es un gallinero gritador y maloliente. (p. 140).

> Espero el tranvía llorando, pero nadie me mira. Mucha gente he visto llorando estos días sin que nadie se sorprendiera. Me seco los ojos y subo al tranvía… Todo el mundo está en silencio y en todos los rostros hay una expresión de estupor… ¿Hemos llegado al fin? ¿Así acaba la guerra? (p. 267).

Una historia del día a día

En cuanto a la composición y estructura de la obra, se organiza en capítulos que siguen un orden cronológico lineal con límites muy precisos: de julio de 1936 a marzo de 1939. El tiempo marca el desarrollo de esta historia de manera casi obsesiva: el título de muchos capítulos es el dato cronológico (cap. IX, "Noviembre 1936"; cap. XII, "Valencia. Septiembre 1937"; cap. XVII, "Enero 1938", etc.) y hay referencias constantes a la estación del año, el mes e incluso el día en los últimos capítulos.

En este marco temporal va creciendo la presencia amenazante de la guerra, que al principio es algo desconocido y ajeno. La progresiva conciencia de la guerra en Celia es una clara representación de lo que fue para la mayoría de los españoles, que se encontraron ante una realidad que no podían entender y que llegó a convertirse en una forma de vida. Por ello merece la pena detenerse en este proceso, que se explica mejor como una construcción vital y afectiva que literaria en su sentido más técnico.

En el momento de la sublevación y primeros días de revueltas en Segovia, Celia no entiende nada: ni ella, ni Valeriana ni, por supuesto, las niñas. Es testigo de algo que no le concierne y le queda com-

pletamente al margen. Tras la detención del abuelo deben huir, y lo hacen hacia Madrid donde tiene a su tía Julia. Desde el campo se ven los fogonazos de la guerra en la sierra de Guadarrama: el drama se ve lejos, en la distancia.

La llegada a Madrid supone entrar en contacto con la guerra cuando una mujer les cuenta la toma del Cuartel de la Montaña. Y sigue sin comprender:

> -Pero ¿cuáles tienen razón? –preguntó Valeriana.
> Y Teresina y yo atendemos también, deseando ponernos del lado de la justicia (p. 35).

Con el fusilamiento del abuelo, las penalidades del viaje y la noticia de que el padre se ha marchado a combatir, la revolución entra en su vida, aunque sigue sin comprender quiénes se enfrentan y por qué. Con su padre herido en el hospital, las calles y la gente sucia, los fusilados en la ribera del río, la carencia de medios, los registros y controles de los milicianos y la división de las familias, Celia empieza a sentir la guerra cerca en sus consecuencias, que no en sus razones:

> -Era de la Falange…
> -¿Qué es eso?
> -No sé… un partido o una sociedad, no sé… (p. 47).

Y sigue desconcertada: "¿Quién tendrá razón? ¡Pero es horrible haber llegado a esto…!" (p. 52).

Los enfrentamientos se intensifican, la vida se va haciendo más difícil. Aumentan las denuncias y las detenciones por los milicianos. Después de haber perdido al abuelo fusilan también al primo Gerardo, que era de la Falange. Celia se sitúa al margen de ambos bandos: "Vamos al centro de la calle para que nos vean… Nadie va a tirar contra nosotras ¡Compréndelo, mujer!" (p. 63).

A partir del capítulo VI, "El albergue", Celia inicia un periplo en el que entrará en contacto con multitud de personas e historias indi-

viduales que poco a poco van a situar el drama bélico con toda su crudeza en el centro de su vida. En los primeros meses no se tiene aún conciencia de la dimensión del conflicto, y todos creen que terminará pronto; pero los bombardeos, los muertos y los desplazados aumentan día tras día sin trazas de terminar. Y con el dolor que crece, el alma se curte en la desgracia porque asume sin ambages ese dolor:

> Hablamos. Tiene una espantosa preocupación. Cree que han matado al hermano de Isabel García Lorca… que le han fusilado los fascistas, allí en Andalucía… Pero ¿cómo decírselo a su hermana?
> -¡Ahora todo se soporta! –digo, y le cuento lo ocurrido en casa de tía Julia… (p. 86).

Capítulo a capítulo asistimos al deterioro de la vida. La guerra es una realidad que se nota en la escasez de comida, la pobreza, la suciedad, los malos olores. Es, sobre todo, amargura y dolor. Y Celia ahora ya conoce lo que ocurre, está en su vida y busca mecanismos de defensa: "Yo procuro inhibirme de todo esto que me produce un dolor sordo sobre la amargura del ambiente…" (p. 107). Pero "la batalla, cada vez más cerca, es un fragor horrible…" (p. 113).

En el capítulo X, "Febrero 1937. Hambre y bombas", la guerra se ha hecho habitual. La vida se ha convertido en una lucha por la supervivencia que degrada al ser humano: "La miseria nos va invadiendo el alma…" (p. 118).

Al dolor que se deshace en lágrimas le sucede el silencio, la incapacidad de llorar. Sin embargo, en este trayecto de penalidades hay algunos momentos de respiro: cuando Celia se traslada a Valencia, donde no hay el ambiente miserable de Madrid, el encuentro con Jorge es para ella un fogonazo de alegría: "Estoy contenta… no sé por qué…" (p. 138).

Y ahora, sin la urgencia del dramático acontecer cotidiano, hay tiempo para expresar las ideas y para reflexionar. Es aquí donde se manifiesta el núcleo del pensamiento de la autora, tal como antes hemos explicado.

A partir de aquí, Celia es testigo una y otra vez de los dramas provocados por la guerra, que conviven con el quehacer cotidiano como si fueran parte de él. Pero desde su llegada a Barcelona entra en un proceso progresivo de soledad, abatimiento y miedo que llega a hacerse insoportable en el capítulo XIX, "Marzo 1938": "… estoy casi siempre sola, y el terror se ha apoderado ya de mí en absoluto…" (p. 207).

Tras el horror de Barcelona, la vuelta a Madrid es como la vuelta a casa y a una relativa tranquilidad dentro de la miseria. Pero dos años de guerra no pasan en balde: la indiferencia y la insensibilidad se han apoderado de la ciudad. Por fin Celia empieza a intuir que la guerra está perdida y con ella los sueños de sus seres queridos. El capítulo XXV, "¡Se ha perdido la guerra!", es la expresión máxima de la desolación, el dolor, la soledad y el llanto. Celia sola, Jorge muerto, su padre desaparecido, el ambiente sórdido, la gente derrotada y, aún, los bombardeos ya inútiles que continúan sobre Madrid. Empieza el tiempo de la incertidumbre ante el futuro. Al dolor de la partida se une el de la traición y el engaño, que no comprende. En total soledad, parte al exilio.

Este proceso de transformación interior del personaje se construye mediante un discurso narrativo de gran efectividad. Como en el resto de las obras de esta autora, el diálogo predomina como forma expresiva, aunque aquí la narración tiene también un lugar importante e incluso la descripción alcanza un papel imprescindible en algunos momentos. Narrada en primera persona, es la mirada de Celia, sus sentimientos y emociones, la perspectiva desde la que el lector conoce el devenir de estos desgraciados años; un procedimiento que hace más cercano y creíble el relato de los hechos, junto con el lenguaje empleado, que es directo y sencillo. La inmediatez de la expresión (acentuada por el hecho de que se trate de un borrador sin corregir) hace que el lector viva intensamente cada una de las escenas y episodios: algunos como el bombardeo de Argüelles (cap. VIII) o el viaje a Albacete (cap. XII) resultan especialmente logrados. Y no pueden ignorarse las breves pero hermosas descrip-

ciones que marcan un acertado contrapunto a los horrores de la guerra (cap. II, XIII, XX, XXI).

Celia en la revolución es, como señalé al principio, un libro singular con el que Elena Fortún cumple la tarea encomendada por su editor, Manuel Aguilar, de hacer la historia de esta generación (Dorao, (1999: 130)). Un libro cuya lectura deja, como afirma Paloma Uría (2004: 44) en opinión que comparto, una huella indeleble en el lector.

Bibliografía

Dorao, Marisol (1999), *Los mil suelos de Elena Fortún*, Cádiz: Servicio de Publicaciones de la Universidad.

García Padrino, Jaime (1987), "El mundo literario de Elena Fortún", en Jaime García Padrino (ed.), *Elena Fortún (1886-1952)*, Madrid: Asociación Española de Amigos del IBBY, pp. 31-54.

García, Manuel F. (1987), "Problemas bibliográficos en torno a la obra de Elena Fortún" y "Bibliografía", en Jaime García Padrino (ed.), *Elena Fortún (1886-1952).* Madrid: Asociación Española de Amigos del IBBY, pp. 55-76.

Uría Ríos, Paloma (2004), *En tiempos de Antoñita la fantástica*, Madrid: Foca.

10.8. Recuperar a memoria: *A teima de Xan*, de Antonio García Teijeiro[116]

Marta Neira Rodríguez
(Universidade de Santiago de Compostela)

Resumo: Despois de sinalar a Antonio García Teijeiro como unha das voces líricas máis relevantes da literatura infantil e xuvenil galega, detense na súa achega á narrativa infantil e, máis concretamente, na obra *A teima de Xan*, título considerado un dos primeiros en abordar a descuberta, por un adolescente, das consecuencias da Guerra Civil española, en particular a incidencia do conflito na vida dun seu familiar.

Summary: After considering Antonio García Teijeiro as one of the most relevant lyric voices in nowadays Galician Children's and Young Adult Literature, the writer focuses on his production on children's narrative, especially, in a work entitled *A teima de Xan*, a

116. Il. Pepe Carreiro, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Sotelo Blanco infantil e xuvenil, serie Ordenador (dos 12 anos en adiante), 1991, 105 pp. (ISBN: 84-7824-087-X) // il. F. Lorenzo, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 134 (a partir de 12 anos), 2005, 115 pp. (ISBN: 84-8288-788-2).

book which is considered as one of the first to concentrate on the Spanish Civil War consequences, under a teenager's point of view, and more concretely in the life of a relative of him.

Palabras chave: Literatura infantil e xuvenil, Guerra civil, mestres represaliados.

Key words: Children's and Young Adult Literature, Civil War, Retaliated Teachers.

Introdución

Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), un profesor de ensino primario e secundario, colaborador en páxinas literarias e pedagóxicas de publicacións periódicas con traballos sobre Literatura Infantil e Xuvenil (LIX), é hoxe en día unha das voces poéticas máis prolíficas e salientábeis no sistema literario infantil e xuvenil galego como se demostra nos moitos poemarios que ten publicado[117].

García Teijeiro iniciouse ademáis como narrador en 1982 con *A chave dos soños* (1988), obra que aborda un amplo abano temático

117. Deixando á marxe as súas achegas en volumes colectivos como *Trazos, trozos e retrincos* (1992), *Imos xuntos camiñar* (1999), *Para cantar e contar* (2003), por citar algún exemplo, son poemarios da súa autoría os seguintes: *Aloumiños* (1988), *Coplas* (1988), *O que ven os ollos dos nenos* (1988), *Nenos* (1991), *Chove nos versos* (1991), *As catro estacións* (1992), *Ventos* (1992), *Cacarabín, cacarabón* (1997), *Na fogueira dos versos* (1998), *Unha chea de aloumiños* (1998), *Caderno de fume* (1999), *Ladrándolle á lúa: poema en prosa* (2000), *A fala das pombas que falan* (2000), *Palabras envoltas en cancións* (2001), *Aire Sonoro* (2002), *Os peixes de cores* (2002), *¡Ai, canto falan as pombas que falan!* (2003), *Paseniño, paseniño* (2004), *Lueiro de papel* (2004), *Bicos na voz-Besos en la voz* (2005), *Trobalinguas* (2005), *Cando caen as follas* (2006), en colaboración con Jordi Sierra i Fabra, *Contos e poemas para un mes calquera* (2006) e, até o momento a súa última entrega, *Petando nas portas de Dylan* (2007). Se o lectorado interesado se detén nesta produción observará que o autor se achegou a todas as vertentes que se poden considerar no mundo poético como son, seguindo a Blanca-Ana Roig (2002), "Poesía é xogo", "Poesía é música", "Poesía é conto" e "Poesía é maxia".

(soidade infantil, enfermidades, inxustizas, etc.), composta por sete relatos poéticos cheos de humor nos que se mestura a realidade e a fantasía, e á que lle seguirían outros títulos, escasos de comparalos cos adscritos ao xénero poético, pero de calidade, tanto en volumes individuais como en volumes colectivos. Así, no primeiro caso atoparíase o conto ecoloxista *Noa* (1989); a novela que nos ocupa *A teima de Xan* (1991); o conto fantástico-realista *O cabalo de cartón* (1992); os relatos encadrados nun realismo cotián e recoñecíbel, *Fantasía en re maior* (1994) e *Sempre quenta o sol* (1994); o conxunto de contos *Ó outro lado da esquina* (1996); a novela realista *En voz baixa* (1998), que se achega a problemas de hoxe en día como a separación matrimonial; os relatos de *Cara a un lugar sen nome* (1998), nos que teñen acollida os máis heteroxéneos personaxes, e *Trala liña do horizonte* (2002), obra na que se achega ao absurdo das guerras en xeral por medio de diferentes voces narrativas.

Pola súa banda, en volumes colectivos como *Os contos da campaña* (1992) incluíu "O monicreque de Alicia", un relato que ten como protagonista unha nena discriminada por un seu defecto físico; en *Un saquiño de contos* (2001), "Verbas de sal", texto no que se amosa a relación entre Xulieta e un vello poeta, Evaristo, o que moitos consideran un tolo; en *Postais do camiño* (2004), "As lentes de Jonh Lennon", relato estruturado en cinco capítulos titulados, que ten como protagonista a Xurxo, un mozo que, facendo o Camiño de Santiago desde Vilafranca e guiado por Lennon, trata de darlle outro sentido á súa vida; e en *Contos de cabuxas, ratos, libros e casas* (2004), "Honorato, o rato namorado", no que o rato protagonista, namorado da Lúa, se entretén dedicándolle poemas que esta rexeita, razón pola que marcha a vivir nun calcetín no medio da rúa até que un día desaparece para sempre sen deixar rastro.

Debido á calidade estética da súa obra en xeral recibiu moitos galardóns, entre os que destaco, por exemplo, o Premio Merlín 1996; finalista do Premio Nacional de Literatura en 1997; lista de honra da International Board on Books for Young People (IBBY) e o Premio Europeo Pier Paolo Vergerio.

za que, alí, ao final de Middle Meadow Walk, elas eran as fascistas da señorita Brodie e que todas non só desfilaban a simple vista senón que o facían unidas intimamente (p. 44). Estabelecérase unha comparación cun grupo de nenas *scouts* que desaprobaba a señorita Brodie. Daba a impresión, non obstante, de que na desaprobación había un compoñente de envexa, algo contraditorio, un sentimento de culpa. Quizais as *scouts* eran rivais dos fascistas e a señorita Brodie non podía soportalo. Sandy recordou a admiración que a señorita Brodie sentía polas tropas de Mussolini e a foto que trouxera de Italia, na que se vía a marcha triunfante dos camisas negras polas rúas de Roma. Ao sinalar a fotografía, indicáballes ás súas alumnas que eses eran os fascistas. Ían uniformados de negro de pés a cabeza e marchaban en formación impecábel, cos brazos levantados nun mesmo ángulo, mentres Mussolini permanecía de pé nunha tribuna, como un profesor de ximnasia ou como unha instrutora de exploradoras ou *girlscouts* (p. 44).

Sandy tamén advirte que as nenas da señorita Brodie desfilaban todas na dirección que Miss Brodie lles sinalase e, aínda que non parecesen os fascistas de Mussolini en aparencia, si parecían iguais en acción.

Xa que os fascistas deben preservar un rostro de bondade, debe existir unha vítima expiatoria, unha persoa ou cousa a quen se lle poidan atribuír todos os problemas. No grupo fascista da señorita Brodie era Mary Macgregor a que cumpría ese papel.

A señorita Brodie gababa as virtudes dun goberno fascista. Mussolini acabara co desemprego coa axuda dos seus fascistas e non había lixo nas rúas (p. 44). Volve mencionar este feito máis adiante na novela cando pasean pola parte vella de Edimburgo e se atopan unha longa cola de homes, vestidos con camisas sen colo e de forma desaliñada.

> Mónica Douglas susurró:
> –Son los parados.
> –En Inglaterra se llaman desempleados. Hacen cola para cobrar el subsidio de la oficina de empleo –informó la señorita Brodie–. Todas debeis rezar por los

> desempleados. Os escribiré una oración específica para ellos. ¿Sabeis lo que es el subsidio?
> Eunice Gardiner no tenía ni la menor idea.
> –Es una paga semanal que concede el Estado para ayudar a los desempleados y a sus familias. A veces, antes de ir a casa, se gastan el subsidio en bebida, y los niños pasan hambre […] En Italia se ha solucionado el problema del desempleo (p. 54).

Máis adiante e xa na clase, segue falando de Mussolini dicindo: "Mussolini ha llevado a cabo hazañas de envergadura y ha reducido el desempleo incluso más que el año pasado" (p. 63).

Ao lector recórdaselle constantemente a habilidade que ten a señorita Brodie para meter ideas na mente das súas discípulas. Cando a chaman para que se presente ante a directora, defende os principios pedagóxicos nos que cre:

> La palabra "educación" viene de la raíz latina *e*, que viene de *ex*, que significa "sacar", y de *duco* que significa"guiar". Significa algo que se saca. Para mí la educación es sacar lo que ya está dentro del alma de una alumna. Para la señorita Mackay, es poner dentro del alma algo que el alma no tiene, y a eso yo no lo llamo educación, lo llamo instrucción, del prefijo de raíz *in*, que significa en, y de *trudo*, "meter". El método de la señorita Mackay consiste en meter mucha información en la cabeza de una alumna; el mío consiste en una extracción de conocimiento. Y ésa es la verdadera educación, según se demuestra por el significado de la raíz. Ahora la señorita Mackay me ha acusado de meter ideas en la cabeza de mis niñas, pero, de hecho, ése es su método, no el mío, que es completamente distinto (p. 50).

Ela volve negar que o faga e explica de novo a etimoloxía da palabra "educar" un pouco máis adiante (p. 63): "significa algo que se saca. Viene de *e*, que significa "fuera", y de *duco* que significa "guiar". Pero en realidade diríxelles o pensamento e iso apréciase cando deben elixir na escola secundaria se prefiren seguir a rama moderna ou a clásica (p. 83).

O mellor exemplo da habilidade da señorita Brodie para inculcar as súas ideas nas mentes das súas discípulas non xorde precisamente de ningunha das rapazas da señorita Brodie, senón dunha rapaza nova e rebelde, Joyce Emily Hammond, que admira o grupo de

rapazas, do cal lle gustaría formar parte, e que está directamente relacionado co aspecto da Guerra Civil española que nos ocupa:

> Una de las cosas de las que alardeaba Joyce Emily era que su hermano, que estudiaba en Oxford, se había ido a luchar a la Guerra Civil española. Aquella niña sombría y locuela quería ir también allí para poder desfilar con una falda negra, una camisa blanca y una pistola al cinto. Nadie se tomó aquello en serio. La Guerra Civil española era algo lejano de lo que hablaban los periódicos y un tema que se trataba apenas una vez al mes en el club de debates de la escuela. Todo el mundo, incluida Joyce Emily, era anti-franquista, en el caso de tener que ser algo (p. 161).

A continuación comunícasenos que esta alumna falta uns días a clase e sentan a alguén no seu pupitre: "Nadie sospechaba el motivo de su ausencia, hasta que, al cabo de seis semanas, se les informó de que se había escapado a España y de que había muerto en un accidente, cuando el tren en que viajaba fue atacado" (p. 161).

A pesar do que di este parágrafo, a señorita Brodie arránxase para convencer a nova Joyce Emily, non só de que fuxa a loitar na Guerra Civil española, senón tamén que loite no bando de Franco.

Infórmasenos da capacidade de convicción da señorita Brodie nunha conversación que mantén con Sandy:

> […] a veces me he arrepentido de haber alentado a la joven Joyce Emily para que fuese a España a luchar en las filas de Franco.
> –¿Se fue a luchar en el bando de Franco?, le preguntó Sandy.
> –Esa era su intención. Hice que entrase en razón. Sin embargo, no tuvo oportunidad de luchar. Pobre niña (p. 168).

En canto á relixión, comprobamos a través da protagonista que o catolicismo é criticado e á vez admirado polo seu anacrónico medievalismo. A autora menciona as diferentes relixións ás que pertencen as súas alumnas e se son crentes e practicantes: presbiterianas, episcopalianas..., e mesmo as nenas descobren que había xente honrada que non cría en Deus, nin sequera en Alá (p. 49). Até Miss Brodie, presbiteriana, asistía a clases nocturnas de relixión comparada na universidade (p. 49). Asistía a misa os domingos pero tiña unha lis-

ta de confesións e seitas variadas, como a igrexa metodista e episcopalista, a Igrexa Oficial de Escocia, a Igrexa Libre de Escocia e calquera outra que non fose a Igrexa católica á que acusaba de estar chea de supersticións e de que os católicos eran os únicos que non se tomaban a molestia de pensar por si mesmos. Curiosamente era a única que casaba co seu temperamento. Non dubidaba que Deus estaba da súa parte, calquera que fose a súa opción relixiosa, e dese xeito non tiña sentimentos de hipocrisía nin culpabilidade ante o feito de practicar a devoción e deitarse ao mesmo tempo co mestre de canto (p. 116).

Estrutura e tempo

A novela está moi ben construída porque se desenvolve ao mesmo tempo que o comezo da plenitude de Brodie, o seu fascismo e o seu interese relixioso; mentres está na flor da vida, florece tamén o seu fascismo e a medida que os seus mellores anos van declinando, así acontece co seu poder absoluto sobre o grupo de alumnas e os seus sentimentos relixiosos. A progresión temporal da novela e de Brodie e as súas alumnas parécese a unha partida de xadrez posto que a partir da posición inicial da primeira xogada, podemos determinar a posición das diferentes pezas en cada capítulo. Miss Brodie é o peón branco e avanza en liña recta e cada vez que fala con outra peza (léase as súas alumnas) significa que esa peza debe estar situada nunha posición contigua á súa. Pero logo a súa posición é tomada por Sandy, que coas súas pezas brancas será a que dea xaque mate a Miss Brodie. As alumnas son prototipos sociais e o resto dos personaxes meras caricaturas de determinados tipos da sociedade inglesa.

Personaxes

Miss Brodie

A historia céntrase nun número relativamente pequeno de personaxes, sendo Miss Brodie o centro. Miss Brodie é unha mestra e

é descrita como unha muller de estatura media, con pelo escuro, ollos castaños brillantes e un perfil romano. Mesmo a autora adopta imaxes do mundo antigo romano á hora de describila: "Miss Brodie stood in her brown dress like a gladiator with raised arm and eyes flashing like a sword" (p. 46). Defínea como unha muller de ollos grandes e nariz prominente, que acompañan o seu carácter dominante. Ten unha figura altiva que mostra o segura que está de si mesma. É verdadeiramente a descrición física dunha muller dominante. Admira a Benito Mussolini, a Franco e a Hitler, sendo ao mesmo tempo unha feminista convencida. Está namorada do profesor de arte, un católico casado e con seis fillos pero renuncia ao seu amor para dedicarlles a plenitude da súa vida ás súas alumnas. Coida das súas alumnas e desenvolve o seu intelecto aínda que demostra ser pouco consciente cando lle aconsella a unha delas que fuxa a España a loitar na guerra civil ao lado de Franco, onde inmediatamente morre. A pesar da súa intelixencia, non é capaz de descubrir cal das súas alumnas a traizoa, polo que perde o seu posto de traballo.

En palabras da alumna que a traizoa ela cre que é a mesma Providencia ou cre que é a deusa de Calvino; e dalgún modo paréceo xa que na súa plenitude ela elixe un grupo de alumnas así como os calvinistas entenden que Deus elixe uns cantos para salvalos. Non sabemos a razón que a leva a rexeitar dalgún xeito a outras, sentenciando a Joyce Emily á morte ao animala na súa fuxida. Parece que está a comparar o seu grupo coa crenza do calvinismo na predestinación e elección incondicional. Á vez é unha simple mortal porque non é capaz de recoñecer a traidora e ao final morre de cancro. Con este personaxe, Spark personifica o que para ela representa o calvinismo.

A Miss Brodie acúsana de hipócrita porque non lle gustaba o concepto de espírito de equipo pero estaba moi interesada no fascismo de Mussolini. Dicía que o espírito de equipo se empregaba sempre para eliminar o individualismo, o amor e as lealdades persoais. Non obstante tamén opinaba que Mussolini acabara co desemprego co seu fascismo e que non había lixo polas rúas (p. 31).

Ademais, Miss Brodie durmía con Mr. Lowther, o profesor de música, pero non durmiría con Mr. Lloyd, o profesor de arte, porque estaba casado e tiña fillos. Polo tanto, era unha hipócrita porque ía á igrexa asemade se deitaba co profesor de música. O mesmo que un excesivo sentimento de culpabilidade pode conducir á xente a actuar dunha forma estraña, a Miss Brodie acontecíalle algo semellante pola súa excesiva falta de culpabilidade (p. 85). Isto dise un pouco despois de descubrir que Miss Brodie vai todos os domingos á igrexa.

Miss Brodie non é capaz de ver o mundo senón como unha extensión de si mesma. O grupo de alumnas existe soamente para levar a cabo os seus desexos. Nas ocasións nas que a directora do centro cuestionaba o comportamento de Miss Brodie, ela esperaba que as súas alumnas a defendesen.

Mesmo elixe a Rose para que se deite con Teddy Lloyd para poder vivir as súas fantasías a través doutra persoa. Miss Brodie podía ter o mellor de ambos os mundos. Ao final, remata perdendo as tres cousas máis importantes para ela: Mr. Lowther, a súa posición no internado para rapazas Marcia Blaine e o afecto do seu famoso grupo de rapazas.

Miss Brodie foi educada na Igrexa de Escocia e á vez que de adulta seguía practicando esta relixión seguindo os hábitos da súa xuventude, tamén lles falaba ás súas alumnas dos seus amantes: Hugh Carruthers, con quen estaba prometida ao comezo da guerra e que morre loitando en Flandres. Logo namórase dun guía exipcio. Miss Brodie viaxaba moito nas vacacións de verán. Visitaba Italia, Roma, Inglaterra, Alemaña e Austria. Gustáballe viaxar moito pero sobre todo polos países fascistas. Nesta época son bastantes as mulleres que viaxan soas e aprenden novas linguas. Normalmente eran mulleres solteiras ou viúvas de guerra. Eran feministas e encantáballes falar como feministas, falaban cos homes de home a home (p. 43).

Sandy Stranger

Era famosa no grupo de Brodie debido ao seu xeito de pronunciar os sons vocálicos, xa que era medio inglesa. De feito, o apelido

de Stranger elíxeo Spark por esta razón. Sandy é diferente do resto. É moi reflexiva e é a primeira que se decata de que o que Mussolini está a facer co seu grupo é o que está a facer Miss Brodie con elas. Descóbreo un día que van en grupo coma se fosen desfilando e Miss Brodie ensínalles un cadro de Mussolini e os seus fascistas. Sandy sempre elixía facer cousas que estaban en contra das ideas de Miss Brodie. Ao final, Sandy abandona o calvinismo e convértese ao catolicismo para amolar a Miss Brodie. Escribe tamén un libro de psicoloxía, *La transfiguración del lugar común*, inspirado en Miss Brodie. Cando lle preguntan cal foi a inspiración para ese libro ela responde que había certa Miss Jean Brodie na súa plenitude que lle serviu de inspiración. O título do libro suxire que trata de como o mundo ordinario pode converterse en algo extraordinario. Unha vez que Sandy se fai maior e xa non ten medo de perder o afecto de Miss Brodie, traizóaa. "Non estou interesada nos asuntos mundiais", di, "só en parar a Miss Brodie" (p. 125).

O trazo máis importante de Sandy son os seus ollos pequenos, semellantes aos dun porquiño. Faise referencia aos seus ollos moitas veces na novela. Pero a pesar de ser tan pequenos, Sandy ten moi boa vista.

A través da novela, Sandy finxe moitas conversacións consigo mesma. Leva unha dobre vida para non se aburrir: "Sandy was never bored, but she had to lead a double life of her own in order never to be bored" (p. 21). Nestas conversas, Sandy crea o seu mundo propio no que pode ser perfecta e nas súas fantasías é sempre o obxecto de amor ou beleza. Ademais das conversacións, Sandy escribe ficción romántica incluíndo unha carta de Miss Brodie a Mr. Lowther (p. 73) e unha historia de amor sobre Hugh Carruthers (p. 18).

A Sandy gustáballe analizar as mentes da xente que tiña arredor. Escoitaba as conversacións e ao mesmo tempo calculaba como podían ser as súas almas con signos e símbolos, como era costume naqueles anos entre a xente nova que lía libros de psicoloxía cando escoitaba persoas maiores que non o facían. Chegou a obsesionarse coa mente de Teddy Lloyd porque quería saber como era a mente dun home que podía amar unha muller como Miss Brodie (p. 123).

Mr. Teddy Lloyd

Este personaxe é o profesor de arte e o home a quen Miss Brodie ama e desexa. Está felizmente casado, ten fillos e vén dun sólido ámbito católico. Por estas razóns, a relación entre el e Miss Brodie é prohibida a pesar de que ambos os dous se aman. A paixón deste pola profesora apréciase nos retratos que fai do grupo de Brodie. Como non poden estar xuntos, Miss Brodie elixe unha das súas rapazas, a Rose Stanley, e espera que esta leve a cabo os seus propios desexos e que teña unha relación amorosa co profesor de arte casado, o que ela ama pero o que non pode ter. Isto resulta algo irónico e hipócrita en nome de Miss Brodie, xa que ela sabe que non pode estar con el e tampouco unha das súas alumnas. Non obstante, Teddy Lloyd ten unha aventura amorosa, non con Rose senón con Sandy. O papel de Mr. Lloyd é importante para a novela. Representa a paixón pola arte de Miss Brodie. A autora crea os dous personaxes masculinos para representar as dúas paixóns de Miss Brodie: a arte e a música. Cando a súa paixón pola arte é inalcanzábel, envórcase na súa paixón pola música. A presenza do personaxe de Mr. Lloyd provoca un conflito de amor inalcanzábel para unha muller nos seus mellores anos.

Mr. Lowther

Gordon Lowther é un home descrito fisicamente cun corpo longo e pernas curtas, pelo dun dourado avermellado e un sorriso franco. Mr. Lowther é o profesor do coro. A autora preséntanos aos dous únicos homes da novela que non senten resentimento cara a Miss Brodie nin indiferenza, ao contrario, ambos están un pouco namorados dela. E aínda que Miss Brodie estaba verdadeiramente namorada de Lloyd, home casado e con familia, atopa que a posición de Lowther como home solteiro é máis conveniente para ter unha relación con el.

A medida que obtén información sobre Teddy Lloyd do seu grupo de alumnas, prepáralle a Mr. Lowther exquisiteces para mantelo ocupado. É algo parecido a botarlle un óso ao can para distraer a súa

atención do obvio. Mentres que a súa relación continúa, descoida a Mr. Lowther, que á súa vez casa coa profesora de Ciencias Miss Lockhart. Mr. Lowther representa unha alternativa para Miss Brodie; xa que non pode ter a Teddy Lloyd, que ela sente que é o seu amor verdadeiro, elixe a Mr. Lowther. Aínda que Mr. Lowther é un home inocente cunha visión convencional da relixión e a felicidade, encontra o seu talento musical certamente intrigante.

Eunice Gardiner

Era famosa pola súa actividade ximnástica, sobre todo en natación. En xeral non deixa unha grande impresión en termos da novela. Cando se achega o final da educación secundaria e deben elixir a súa área de estudo, Eunice preferirá estudar ciencias. Logo farase enfermeira e casará cun médico. Deixará de facer saltos mortais fóra do ximnasio. Parece a máis independente das alumnas. Unha vez, no parque, cando ve un grupo de Girl Guides, móstrase interesada nelas e Miss Brodie chámalles fascistas, co que acaba co pensamento radical de Eunice. Miss Brodie cre, máis adiante que é Eunice a que a traizoou e coméntallo a Sandy pensando que lle puidera gardar rancor. Deixa pegada en Eunice e ela recoñéceo cando pensa no seu pasado.

Mary Macgregor

Era a nena que menos apreciaba Miss Brodie do seu grupo. A súa fama descansaba en que era un pouco prosma, un ser insignificante a quen todo o mundo podía culpar de calquera cousa. Isto á súa vez orixinaba unha reacción nas súas compañeiras: non a apreciaban. Era moi calada e pouco popular no grupo, o que contribuía a que a deixasen de lado. Era a cabeza de turco do grupo. Este personaxe é importante para a novela porque axuda a retratar o papel dunha líder fascista presente en Miss Brodie. Jean Brodie é a representación dunha líder fascista, xa que intenta controlar a vida das nenas do seu grupo. Fai o que sexa para controlar os seus pensamentos e no que cren. Unha líder fascista como Hitler que sempre ten unha vítima

expiatoria a quen pode culpar das accións desafortunadas levadas a cabo. A morte de Mary á idade de 24 anos pódese relacionar con Hitler e cun grupo fascista. A súa morte, que tivo lugar no incendio dun hotel pódese ver como unha situación paralela á da morte dos xudeus nos campos de concentración. Mary é a vítima expiatoria de Miss Brodie, da mesma forma que os xudeus o son de Hitler.

Monica Douglas e Jenny Gray

O papel que Monica Douglas desempeña na novela é o da rapaza intelixente. Ten un instinto especial para as matemáticas. De feito, máis tarde, Miss Brodie a acusará de non ter unha alma bela detrás do cerebro matemático.

Con respecto a Jenny Gray, diremos que tamén cumpre a súa función en relación co grupo. É a mellor amiga de Sandy. É a máis guapa e agradábel. Ten unha mente brillante e pregúntase a miúdo sobre cuestións de sexo. Ela e Sandy escriben un relato sobre unha historia de amor na que inclúen a Miss Brodie. É famosa pola súa voz. Deixa o colexio un ano antes de rematar para estudar nunha escola de arte dramática. Ao final chega a ser unha boa actriz e casa cun director de teatro.

Jenny é un elemento perturbador entre Sandy e Miss Brodie. Atópase no medio dunha profesora a quen respecta e a súa mellor amiga, que desafía a Miss Brodie. Xoga un papel importante na novela axudando a definir a distancia existente entre Miss Brodie e Sandy. Jenny quere agradar as dúas pero non é doado.

Rose Stanley

Rose Stanley é a máis importante das cinco rapazas do grupo Brodie. Ten moitas características que a distinguen das outras. É unha mociña moi atractiva, alta e loura. De feito, posará varias veces para o profesor Lloyd. Aos once anos considérana un pouco "marimacho" e a súa conversación xira en torno a trens, guindastres, coches, mecanos e outras cousas que lles interesan aos nenos. Pero pola súa beleza terá un atractivo sexual que non teñen as outras. Ela xoga un

papel moi importante na novela. Miss Brodie vea como unha versión máis nova dela mesma e trata de conseguir que Rose teña a relación amorosa con Mr. Lloyd que ela non pode ter.

Introdución de personaxes de relevancia histórica ou literaria

Non só a localización na cidade que a autora coñece é verdadeiramente interesante, tamén o é a presentación de personaxes históricos, músicos, escritores nacidos ou relacionados estreitamente con Escocia que fan ver un orgullo nacional en Muriel Spark. O enriquecemento cultural, a idea de educación está presente na autora ao longo da novela. Parece interesada en recordar ou reivindicar a algúns dos intelectuais e personaxes históricos que forman parte do seu ámbito cultural. Fala do castelo de Holyrood onde se pode ver a cama, demasiado curta e demasiado ancha na que durmira María, raíña de Escocia, e o diminuto cuarto onde a raíña xogara ás cartas con Rizzio, o seu secretario privado (p. 45). Tamén se menciona a John Knox, o autor da Reforma da Igrexa escocesa, ao que cualifica de home resentido. Nunca se atopara a gusto coa alegre raíña francesa e engade que en Edimburgo se lles debe moito aos franceses. Por iso os escoceses son proeuropeos (p. 46).

Noutro momento da novela, a unha das alumnas, xa muller adulta e escritora, fanlle unha entrevista. Nela pregúntanlle se lía a Auden e Eliot na súa adolescencia porque o xornalista, máis ou menos da mesma idade, afirma que aos nenos coma el lles gustaba moito Auden e todo o grupo de Oxford. Querían combater na Guerra Civil española. No bando republicano, como é lóxico. Séguenlle preguntando se ela (Sandy) tomou partido durante a Guerra Civil española na súa escola (p. 47). Cando se fala das solteiras progresistas de Edimburgo tamén se menciona ao grupo de Oxford, ás reunións do cal acudían (p. 60).

Sandy Stranger, a alumna que logo se converterá ao catolicismo, ten unha imaxinación desbordante e inventa unha vida paralela; encántalle revivir personaxes e localizar lugares creados por escrito-

res escoceses (p. 50): Alan Breck, o espadachín que sabe sobrevivir nas terras altas de Escocia e que aparece na novela *Kidnapped* de R. L. Stevenson; o señor Rochester de *Jane Eyre* (p. 79); imaxina que vive nunha solitaria casa portuaria na costa de Fife, descrita nunha das novelas da filla do popular escritor John Buchan (p. 51), ilustre escocés, famoso principalmente pola súa novela *Treinta y nueve escalones* levada ao cinema por Hitchcock. A señorita Brodie lelles ás súas alumnas poemas do escocés James Hogg (p. 52), que escribiu en inglés e escocés e antes de dedicarse á literatura foi pastor de gando e contemporáneo e amigo de Walter Scott e William Wordsworth. Menciónase a Hume e a Boswell, nacidos en Edimburgo (p. 60). Faise referencia a Marie Stopes e ás súas innovacións sobre o control de natalidade (p. 60). Fálase de autores moi populares como Robert Burns (p. 66) ou Walter Scott (p. 119). Menciónase a autores ingleses como D.H. Lawrence (p. 149); Rossetti, pintor e poeta e Swinburne (p. 65), poeta vitoriano tamén. De feito, este último asociouse ao movemento prerrafaelista ao que pertencía Rossetti. A súa poesía foi bastante controvertida na súa época, debido aos temas recorrentes de sadomasoquismo, suicidio, lesbianismo e sentimentos irrelixiosos. O texto está ateigado de referencias á poesía romántica con nomes como William Blake (p. 82), á economía e ao pensamento filosófico, como John Stuart Mill (p.111), William Kethe (p. 128), Thomas Carlyle (p. 131), e á política socialista da Sociedade Fabiana (p. 145).

Estilo

Muriel Spark desenvolve o seu argumento de forma non secuencial, senón peza por peza, facendo un uso reiterado da técnica narrativa da prolepse, é dicir, anticípase a facerse a obxección que espera doutros para refutala, o que se coñece como *flash-forward*. Por exemplo, o lector sabe axiña que Miss Brodie foi traizoada, aínda que secuencialmente isto acontece ao final dos anos escolares. Pouco a pouco Spark, revela a identidade da traidora e finalmente todos os

detalles que rodean este momento. Tamén desenvolve os seus personaxes deste xeito: Joyce Emily, por exemplo, é presentada como a nena que se rexeita no grupo de Brodie. Máis tarde sabemos os detalles do que lle acontece cando escapa coa idea de loitar na Guerra Civil española. Con esta técnica, o narrador da historia é omnisciente e atemporal, relacionando todo o argumento á vez e construíndo o detalle pouco a pouco a medida que transcorre a novela. Os personaxes comparten humanidade, mostrando tanto os seus fallos como as súas virtudes, non hai personaxes malos e personaxes bos, aínda que os máis complexos son Jean Brodie e Sandy Stranger.

Adaptación cinematográfica

Director: Ronald Neame
Produtor: James Cresson e Robert Fryer
Escrita por: Jay Presson Allen, baseada na novela de Muriel Spark
Actores: Maggie Smith, Robert Stephens e Pamela Franklin
Música: Rod Mckuen
Distribución: 20 th Century Fox
Estrea: 2 de marzo de 1969 (EE.UU.)
Duración: 116 min.



10.15. *A Casa de Eulália*, de Manuel Tiago: uma história entrelaçada na História

José António Gomes
(ESE-Instituto Politécnico do Porto)
Ana Margarida Ramos
(Universidade de Aveiro)
Sara Reis da Silva
(Universidade do Minho)

Resumo: No presente ensaio, propõe-se uma leitura do romance de Manuel Tiago, *A Casa de Eulália* (1997). Nele, Manuel Tiago (pseudónimo de Álvaro Cunhal) deixou reflectida parte de uma vida de resistência e intervenção política, marcada pelo combate por ideais, mas também por valores de solidariedade e fraternidade. As jovens personagens do seu romance expressam os dilemas, interrogações e paixões de toda uma geração num cenário que é o da Guerra Civil de Espanha. A análise proposta procura articular o paratexto, os temas e os aspectos ideológicos, a par de certos elementos da estrutura e de outros tópicos relevantes.

Summary: This essay proposes a reading of Manuel Tiago's novel *A Casa de Eulália* (1997). In it, Manuel Tiago (a pseudonym of Álvaro Cunhal) recreates parts of a life dedicated to resistance and to political commitment, on which the fight for ideals, but also values such as solidarity and brotherhood, have left their mark. The young characters from this novel express the dilemmas, doubts and passions of a whole generation in the scenario of the Spanish Civil War. This analysis tries to articulate the paratext, thematic and ideological aspects, alongside the novel's structure and other relevant topics.

Palavras-chave: Manuel Tiago, Literatura para adolescentes e jovens adultos, romance, Guerra Civil de Espanha, valores.

Keywords: Manuel Tiago, Literature for adolescents and young adults, novel, Spanish Civil War, values.

Em cerca de duas centenas de páginas, *A Casa de Eulália*, de Manuel Tiago[132] (pseudónimo de Álvaro Cunhal), recria ficcionalmente os primeiros meses da Guerra Civil espanhola, com o visível intento de oferecer uma imagem verosímil da atmosfera vivida quer em Madrid, quer em locais onde se jogou a defesa militar da capital com a resistência republicana entravando as ofensivas das tropas franquistas.

A fotografia da capa associada à informação contida na ficha técnica (segundo a qual a foto é extraída da obra *Imágenes de la Guerra Civil Española* (Barcelona: Edhasa, 1986) parece vincular, desde o início, o título temático – que, de imediato, remete o leitor para uma esfera feminina – e o próprio conteúdo do livro a um contexto histórico preciso. Por baixo do título (inserto numa "caixa" de intencional cor vermelha), encontra-se a imagem, logo seguida de um indicador remático que circunscreve genologicamente a obra

132. Lisboa: Avante, col. Resistência, 1997, 208 pp. (ISBN: 972-550-258-2).

("Romance"), como que prolongando o título e começando a activar no leitor um protocolo de leitura literária, mas também um pacto ficcional, ainda que a fotografia aponte claramente para um entrelaçado do texto de ficção com o tecido histórico. O paratexto editorial é fértil em elementos de cunho ideológico que nos situam na área do marxismo: veja-se o logótipo da editora, o nome da colecção ("Resistência") e a terceira página encimada pela conhecida frase do *Manifesto Comunista* de Marx e Engels, "Proletários de todos os países, uni-vos!". Contudo, *A Casa de Eulália* é um romance e – não obstante a sua relação com uma ideologia, como ocorre em qualquer texto literário – é como obra romanesca que deve ser lido.

A perspectiva dada a conhecer ao leitor é sobretudo a de um pequeno grupo de jovens militantes do Partido Comunista Português (PCP) que, à época, se encontravam em Madrid[133]. No início, António, Renato e Manuel – personagens principais, os dois primeiros de origem operária e o terceiro oriundo das Juventudes Comunistas – entregam-se essencialmente a tarefas políticas de que haviam sido incumbidos pelo seu partido, encontrando-se, por isso, em permanente ligação com outras organizações da mesma esfera ideológica como o Partido Comunista de Espanha e o Socorro Vermelho Internacional. No quadro do "aparelho de fronteira", as responsabilidades de António concentram-se, por um lado, na organização de "saltos de regresso" dos clandestinos de Espanha a Portugal (p. 11) e no apoio à saída de território português, e à instalação em Madrid, quer de militantes em fuga à polícia política de Salazar, quer de outros que o PCP encarregara de missões internacionais, designadamente em Espanha. Assim acontecera com a personagem, sem nome, do "camarada", figura enigmática e assumidamente discreta que, recusando qualquer exibicionismo, se revela especialmen-

133. Escreve Urbano Tavares Rodrigues (2005: 46): "O foco narrativo está sempre no campo republicano e não há qualquer concessão na mundividência do narrador omnisciente em relação ao adversário. Mas a visão que projecta sobre o complexo xadrez da Frente Popular é ampla e generosa e as personagens vão-se definindo na acção, através dos comportamentos, das palavras e das auto-interrogações, na tradição dos melhores romances realistas".

te zeloso na gestão da informação, nos cuidados conspirativos e na preservação da sua aura secreta. E esta é uma personagem que, tal como os seus companheiros, se manterá em território espanhol durante quase todo o tempo diegético. A António, e no âmbito do chamado "trabalho unitário" fora de fronteiras, cabe ainda manter contactos regulares com outros elementos da oposição antifascista portuguesa, não-comunistas (em especial, ligados ao Partido Republicano). À semelhança de Manuel e Renato, também eles se encontram exilados em Madrid, na sua condição de vítimas da perseguição política e da repressão que então se abatiam, em Portugal, sobre os opositores ao regime de Salazar – um apoiante das forças comandadas por Franco, à semelhança do que acontecia com Mussolini e Hitler. É de assinalar, de passagem, que alguns historiadores têm visto projectadas, em todo este conjunto de personagens, figuras conhecidas da oposição antifascista portuguesa da década de 30.

A macro-estrutura do romance comporta 8 grandes capítulos. Em obediência a um princípio de certa regularidade na organização textual, a maioria deles (do primeiro ao quarto e ainda o sétimo) é constituída por 8 pequenos sub-capítulos, sendo os restantes – quinto, sexto e oitavo – compostos por 11, 9 e 10 sub-capítulos, respectivamente. Não existem títulos, nem nos 8 grandes segmentos nem nos sub-capítulos e a média destes por capítulo situa-se entre os 8 e os 9[134].

134. Sem pretendermos explorar a numerologia, não deixemos, contudo, de registar algumas coincidências: a dimensão simbólica do 8 no quadro de uma certa tradição religiosa e cultural e a sua aparente presença em *A Casa de Eulália*, ao nível, pelo menos, da componente macro-estrutural. A enfatização da justiça, da esperança num futuro humano radioso após o caos e ainda a ideia do ciclo vida/morte/renascimento perpassam este romance de final em aberto, constituído por oito grandes andamentos. A tradição judaico-cristã, por sua vez, confere relevo ao 8: "Quanto ao Oitavo Dia, que se segue aos seis dias da criação e ao sabbat, ele é o símbolo da ressurreição, da transfiguração, anuncia a futura era eterna: comporta não só a ressurreição de Cristo, como também a do homem. Se o número 7 é, sobretudo, o número do Antigo Testamento, o 8 corresponde ao Novo Testamento. Anuncia a bem-aventurança do século futuro num outro mundo". Chevalier e Gheerbrant (1994: 484), que estamos a citar, lembram que "o sinal matemático do infi-

Num tumultuoso cenário de incerteza, morte e guerra (na frente e na retaguarda), em que se confrontam opções ideológicas e de vida, mas em que a corrente de afectos nunca interrompe o seu curso, são sobretudo os dilemas que se colocam aos jovens António, Manuel e Renato, e o modo como tais dilemas dão corpo a interacções verbais e a reflexões constantes, o que, no fundo, constitui o cerne do romance. Rodrigues (2005: 46) fala "num clima de grande intensidade, sempre rondando a violência e a morte, em que os ideais e a esperança dos combatentes no campo republicano ressurgem e se discutem no intervalo dos combates". Daí que a arquitectura diegética seja, neste caso, relativamente secundária.

Vejamos os seus momentos fundamentais. O primeiro capítulo dá conta dos primeiros incidentes provocados pelos fascistas em Madrid e traça um perfil inicial das figuras principais. A modelação destas personagens prossegue no segundo capítulo e o carácter de cada uma (a ousadia e coragem de Manuel, a maior prudência e o pendor reflexivo de António) revela-se em dois episódios bélicos de assinalável relevância: o assalto ao "Cuartel de la Montaña" e a tomada do aquartelamento de Carabanchel. É também aí que começam a irromper na diegese várias personagens de comunistas espanhóis que, por diversas vezes, se cruzarão com os caminhos de António, Manuel e Renato e cuja presença se manterá, com intermitências, até ao final do romance. O terceiro capítulo tem como protagonistas António e Renato e dá a conhecer o ambiente vivido no seio dos representantes da oposição republicana portuguesa, não comunista, exilados em Madrid – um clima marcado por discussões estéreis, hesitações e erros de análise que algumas tiradas irónicas e críticas do narrador não deixam passar em claro (as críticas, sob a

nito é um
oito deitado, e que a carta número oito do Tarot de Marselha representa a Justiça, símbolo da completude totalizante e do equilíbrio". Quanto ao 9 (no romance, o número médio de sub-capítulos por capítulo situa-se entre 8 e 9, como foi dito), os mesmos autores (477) apontam-no como "o último da série de algarismos", anunciando "ao mesmo tempo um fim e um recomeço, isto é, uma transposição para um novo plano". E prosseguem: "Encontrar-se-ia aqui outra vez a ideia de novo nasci-

forma de pequenos apontamentos na voz desta ou daquela personagem abrangerão, noutros capítulos, os anarquistas espanhóis). No quarto capítulo, dá-se a única saída da região de Madrid. Protagoniza-a António que parte com outros combatentes rumo a Badajoz, para reconhecimento da situação do território espanhol, entre a capital e a fronteira portuguesa, com vista à preparação do regresso clandestino a Portugal do "camarada" – figura de visível importância na hierarquia do PCP. A aventura de António envolve diversos episódios: a fuga precipitada a um ataque fascista durante a noite; a apropriação das botas de um aldeão para poder seguir caminho; o acolhimento por uma família de camponeses, alheios ainda ao começo da guerra; o cruzamento com uma coluna de populares em fuga, sendo sugerida a atracção amorosa por uma jovem, Célia, mais tarde reencontrada em Madrid. Os avanços franquistas, a par desta perigosa e rocambolesca aventura, acabarão por desaconselhar a entrada da personagem do "camarada" em Portugal por via terrestre. No quinto capítulo, assiste-se a nova expedição, mas, desta feita, rumo às linhas republicanas do Guadarrama, com o propósito de salvar um jovem português acusado de espionagem a favor dos franquistas – o que vem a revelar-se um equívoco. Dá-se, contudo, a conhecer, deste modo, o clima de perigo, de nervosismo à flor da pele e de suspeição que marca o quotidiano da guerra, mesmo do lado republicano. Os protagonistas da expedição são António, Barata (um português de duvidosa índole, inscrito no Partido Republicano espanhol e pertencente à esfera dos emigrados não comunistas a viver em Madrid) e, ainda, Renato. Com apenas duas "lições" de condução, este último – evidenciando a sua coragem e o seu pragmatismo – empreende com os companheiros, a grande velocidade, a perigosa viagem de automóvel, por estrada de montanha. O desfecho é a libertação de Raul, o jovem e ingénuo português acusado de traição. Manuel, que, entretanto, partira para a linha da frente, regressa a casa – ou seja, à morada de Eulália e de sua mãe, onde António também se encontra hospedado – e reata a aproximação afectiva a Eulália (uma militante do PCE), sugerindo-se, logo de

